

Joanna Włodarczyk

A busca de intertextualidade na tradución de *Males de cabeza* de Fran Alonso.

Traballo de investigación precedente a tese de licenciatura
“Vocabulario *cosmofrán* -referencias e autoreferencias na
obra de Fran Alonso- e as súas implicacións na tradución ao
polaco de *Males de cabeza*”

Varsovia, maio 2009

O ÍNDICE

Introdución	5
1. Autointertextualidade en <i>Males de Cabeza</i> coa poesía de Fran Alonso.....	9
1.1 Referencias en <i>Males de cabeza</i> ao libro de poesía <i>Persianas, pedramol e outros nervios</i>	9
1.1.1 Referencias ao vocabulario	10
1.1.2 Referencias aos poemas de <i>Persianas, pedramol e outros nervios</i>	17
1.1.3 O Tema da tolemia.....	23
1.2 Referencias en <i>Males de cabeza</i> ao libro de poemas <i>Tortillas para os obreiros</i>	25
1.2.1 Referencias ao vocabulario	25
1.2.2 Referencias aos poemas de “Tortillas para os obreiros”	29
1.3 Referencias en <i>Males de cabeza</i> ao libro de poesía infantil <i>Cidades</i>	38
1.3.1 Referencias ao vocabulario	39
1.3.2 Referencias aos poemas de <i>Cidades</i>	40
1.4 Referencias en <i>Males de cabeza</i> ao poemario <i>Subversións</i>	44
2. Autointertextualidade na narrativa de Fran Alonso a partir de <i>Males de cabeza</i>	52
2.1 Referencias en <i>Males de cabeza</i> á novela <i>Tráiler</i>	53
2.1.1 Referencias á novela <i>Tráiler</i> : motivos de camioneiros, tráileres, autoestradas.....	53
2.2 Referencias en <i>Males de cabeza</i> a <i>Cemiterio de elefantes</i>	57
2.2.1 Vocabulario ‘cosmofrán’ en <i>Cemiterio de elefantes</i>	57
2.2.2 Referencias aos relatos de <i>Cemiterio de elefantes</i>	60
2.3 Referencias en <i>Males de cabeza</i> a <i>Silencio</i>	71
2.3.1 Vocabulario ‘cosmofrán’ en <i>Silencio</i>	71
2.3.2 Referencias á novela <i>Silencio</i>	72
2.4 Referencias en <i>Males de cabeza</i> a <i>O brillo dos elefantes</i>	75
2.4.1 Vocabulario ‘cosmofrán’ en <i>O brillo dos elefantes</i>	75
2.4.2 Referencias á novela <i>O brillo dos elefantes</i>	76
2.5 Referencias en <i>Males de cabeza</i> a <i>Cartas de amor</i>	79
2.5.1 Vocabulario ‘cosmofrán’ en <i>Cartas de amor</i>	79
2.5.2 Conexións entre <i>Cartas de amor</i> e <i>Males de cabeza</i>	79
2.6 “O día das torres” (publicado no volume <i>Materia prima</i>).....	80

2.7	“Café virtual” (publicado no volume <i>Historias para ler e mirar</i>).....	81
3.	Outras fontes de intertextualidade en <i>Males de Cabeza</i>	83
3.1	Intertextualidade coa literatura doutros autores.....	83
	SILVIA PLATH	83
	JANET FRAME	84
	DYLAN THOMAS	84
	RAYMOND CARVER	89
	ROSALÍA DE CASTRO.....	89
	LUÍS PIMENTEL	90
	ROF CARBALLO.....	91
	CONTOS PARA NENOS (<i>Brancaneves, O Fraitista de Hamelín, Carapuchiña Vermella,...</i>).....	92
3.2	Intertextualidade coa música.....	93
	<i>Balada para un loco</i> , 1969 (letra: Horacio Ferrer, música: Astor Piazzolla).....	93
3.3	Intertextualidade co cine	94
	<i>Léolo</i> de Jean Claud Lauzone	94
	<i>Shine</i> de Scott Hicks	95
	<i>Casablanca</i> de Michael Curtiz	97
3.4	Raíces do vocabulario ‘cosmofrán’	99
3.4.1	Cultura africana e literatura africana da lingua portuguesa	99
3.4.2	Palabras inventadas a base de léxica africana.....	117
3.4.3	Cultura e literatura de Centroamérica.....	119
3.4.4	Palabras inventadas a base de toponimia galega	123
	Bibliografía.....	125

Introdución

Na presente tese enfrontámonos coa análise do traballo de investigación por parte do tradutor ao traducir do galego ao polaco a novela titulada *Males de cabeza* escrita por Fran Alonso. Para que o contido da tese sexa comprensible, é indispensable mencionar e explicar algúns feitos. Cómpre marcar, sobre todo, que a tradución de *Males de cabeza* ao polaco da que se fala ao longo de todas estas páxinas forma parte deste traballo e engádese ao final, en forma de apéndice. Ao mesmo tempo é preciso saber que o libro nunca foi publicado en polaco, así que non existen outras versións da tradución ás que poderíamos referirnos. Porén, nas seguintes liñas intentaremos comentar o proceso da tradución e as cousas que tiñan moita influencia na forma da versión actual do libro en polaco e, así mesmo, no contido deste traballo.

Antes diso, sería favorable mencionar algunhas palabras sobre o autor de *Males de cabeza*, que é un dos máis coñecidos representantes da literatura galega contemporánea. Fran Alonso (Francisco Alonso Villaverde), nado en Vigo en 1963, é escritor, xornalista e editor. Estudou Filoloxía Galego-Portuguesa na Universidade de Santiago de Compostela. Na actualidade exerce como Subdirector para a Edición Xeral en Xerais e, desde 2006, ocupa o cargo de vicepresidente da Asociación Galega de Editores. Tamén foi membro da directiva do Pen Club de Galicia. Durante varios anos colaborou semanalmente nas páxinas de opinión de *La Voz de Galicia* e posteriormente nas páxinas de cultura do diario *El País*. Desde 2002, mantén unha columna no semanario *A Nosa Terra*. Como escritor, publicou máis de 15 títulos e concedéronse premios como o Branco Amor de Novela, o Losada Diéguez á mellor obra literaria de 1998, o Rañolas de Literatura Infantil e Xuvenil ao mellor libro do ano, e a distinción White Ravens da Biblioteca Internacional de Múnic. A súa obra abarca a narrativa, a poesía, a literatura infantil e xuvenil e o xornalismo. Fran Alonso é autor de máis de quince títulos, como narrador publicou *Tráiler* (1991); *Cemiterio de elefantes* (1994); *Silencio* (1995); *O brillo dos elefantes* (1999); *Males de cabeza* (2001); *Cartas de amor* (2006); e *A vida secreta de María Mariño* (2007). Como poeta deu á luz *Persianas, pedramol e outros nervios* (1992), un libro considerado pola crítica como un referente fundacional da poesía galega dos 90; *Tortillas para os obreiros* (1996); *Cidades* (1997); *Subversións* (2001) e *Balada solitaria* (2004), editado por primeira vez en Portugal. Tamén é autor do álbum infantil *A casa da duna* (2002), realizado en colaboración co

fotógrafo Manuel G. Vicente, das crónicas de literatura xornalística *Territorio ocupado* (1998) e o seu último libro *Un país a medio facer* (2008) e de *Poetízate* (2006), unha divertida e desenfadada antoloxía da poesía galega que se converteu nun auténtico best-seller. A súa obra está traducida a varias linguas.

Agora, xa coñecendo o autor, podemos facer un pequeno comentario sobre un dos seus libros, *Males de cabeza*, ao que está dedicado este traballo. O libro publicouse no ano 2001 por Edicións Xerais de Galicia. A segunda edición apareceu pronto, no ano 2002 por La Voz de Galicia. En 2007 publicáronse traducións do libro ao catalán por El Cep i la Nansa edicions e ao castelán por Fkactoria K de Libros. *Males de cabeza* é unha novela que presenta unha ollada á sociedade contemporánea e mostra os exemplos da tolemia que nos rodea, formando parte da realidade na que nos tocou vivir nestes anos. Por outro lado, propón a idea de que a tolemia é un sombreiro que cada un pode poñer e quitar cando se quere e se sabe controlar. O libro constitúe unha parte do macrotexto literario que Fran Alonso está construíndo dende as súas primeiras obras, un feito que ten moita importancia para a tradución, que intentaremos explicar ao longo das páxinas deste traballo.

Cómpre engadir que *Males de cabeza* foi traducido a base da primeira edición do libro publicada no ano 2001, despois foi actualizado cos cambios que introduciu o autor na edición de *La Voz de Galicia*, que non eran moi significativos alén de dous que apareceron no relato “Economía da guerra”. A primeira alteración é o nome do local que foi cambiado de “Cafetería Tropical” a “Café Tropical” para que coincidise co nome que aparece noutras obras do autor. A segunda modificación é o cambio da moeda de pesetas a euros para que o relato fose máis actual. Fran Alonso revisou e actualizou outra vez *Males de cabeza* para a publicación do libro en castelán, por iso ao final tamén era preciso revisar a tradución e actualizala cos cambios máis recentes, que apareceron sobre todo nos capítulos impares titulados “A tolemia é un sombreiro”, pero na súa maioría tratábase de quitar ou engadir algunhas palabras ou modificar as frases para que a información quedase presentada con máis claridade.

Aínda nos queda por aclarar o papel do autor na tradución de *Males de cabeza*. Dende o principio Fran Alonso colaborou no proceso da tradución deste libro ao polaco, axudando a entender algunhas cousas e explicándoas, moitas veces facendo referencias

persoais e indicando as fontes das referencias que se fan no libro. É o motivo polo que no traballo moitas veces aparecen citadas as palabras do autor sen indicar a súa procedencia. En todos estes casos onde non se menciona a fonte do que fora dito polo autor, as citas proceden da comunicación persoal con Fran Alonso, que tiña forma de correspondencia por correo electrónico ou de encontros en persoa. Estes factores influíron definitivamente algunhas decisións no momento de traducir e por iso resulta imprescindible recorrer a esta información non formal, que nunca foi publicada. Algo semellante pasa tamén coas afirmacións sobre a percepción dunha palabra por galegofalantes. A non ser que estas dúbidas xa fosen explicadas polo autor, todas son froito dun traballo de investigación entre os galegofalantes, que se realizou en forma de varios encontros coas persoas que mostraron o seu interese neste proxecto.

Un dos exemplos da colaboración co autor que non aparece mencionado ao longo das páxinas desta tese é a tradución do título do libro. Como no idioma polaco non existe unha expresión que podería reflectir a carga significativa que leva “males de cabeza”, nin era fácil atopar outra expresión no idioma galego que podía reflectir o contido da obra, a solución era tomar a forma dos títulos dos capítulos breves “A tolemia é un sombreiro”. Como resultado desta colaboración e decisión, a tradución do libro ao polaco leva o título “Szaleństwo jest niczym kapelusz”.

Os problemas que se poden identificar na tradución deste libro son múltiples e non sería posible comentalos todos neste traballo, así que na presente tese enfrontámonos cun dos aspectos da tradución da obra literaria do idioma galego ao polaco: trátase dunha análise do traballo de investigación do tradutor ao traducir o libro *Males de cabeza* de Fran Alonso. Como será posible observar despois, fixarémonos nas conexións que hai nese libro con outras obras de poesía e prosa de Fran Alonso, coa literatura doutros autores, co cine, coa música e coa importancia que ten o feito de recoñecer esas ligazóns no momento de traducir o libro. Alén diso, ocuparémonos dun vocabulario moi específico que usa o autor en *Males de cabeza*, que el mesmo chama vocabulario ‘cosmofrán’, concentrándonos tanto na procedencia e na aparición desas palabras noutros libros, como na súa recepción por parte dun lector galegofalante a fin de determinar a razón do uso do vocábulo no texto, é dicir, neste caso, na maior parte trátase de investigar cal dos factores, significado ou sonoridade da palabra, xoga o papel máis importante. Saber iso é imprescindible para o tradutor para poder tomar a decisión

de e cómo se deben traducir ou adaptar esas palabras ao idioma ao que se está traducindo o libro. Nese traballo centrarémonos na análise e nas solucións deses problemas na tradución do libro ao polaco, pero a mesma análise podería aplicarse tamén ás traducións a outras linguas.

1. Autointertextualidade en *Males de Cabeza* coa poesía de Fran Alonso

En *Males de cabeza* aparecen varios referentes autointertextuais tanto nos libros da poesía, como nos da prosa de Fran Alonso. Son: personaxes, lugares, citas ou fragmentos doutros libros e mesmo as palabras que usa o autor. Na súa maioría é o vocabulario ‘cosmofrán’, segundo o chama o mesmo autor. Moitas palabras deste vocabulario son intraducibles, alleas ao galego e, como di Fran Alonso: “eu incorpóroas no medio do discurso literario pola súa sonoridade e sométoas a unha nova significación en función do contexto”. Entre estas palabras, poderíamos diferenciar tres grupos: o primeiro sería o vocabulario procedente de moi diversas linguas; o segundo: topónimos galegos ou palabras galegas convertidas en emblemáticas polo autor na súa obra; e o último: palabras inventadas por Fran Alonso. Seguindo os motivos de autointertextualidade, alén do vocabulario, en *Males de cabeza* aparecen tamén personaxes, que xa coñeceramos noutras obras do autor, e, ao final, entre as liñas deste libro narrativo están incorporados versos procedentes de poemas. É un feito que ten moita importancia no momento da tradución. En *Males de cabeza* atopamos referentes aos seguintes libros de poesía do propio autor:

Persianas, pedramol e outros nervios: publicado no ano 1992, unha historia de amor situada nunha atmosfera angustiosa, exposta con afán rupturista.

Tortillas para os obreiros: publicado no ano 1996, onde nace un dos relatos de *Males* titulado “A señora Lola”.

Cidades: libro para nenos publicado en 1997 que gañou o Premio Rañolas de Literatura Infantil e Xuvenil e o Accésit do Premio Lazarillo de Literatura Infantil 1998.

Subversións: publicado no 2001, novo libro de poemas que supón unha evolución na súa poética e que recolle tamén os títulos de poesía escritos previamente agás *Cidades*.

1.1 Referencias en *Males de cabeza* ao libro de poesía *Persianas, pedramol e outros nervios*

En *Males de cabeza* atopamos varios elementos que teñen a súa procedencia en *Persianas, pedramol e outros nervios*. Son: as palabras que usa Fran Alonso, versos dos poemas deste libro incorporados ao texto narrativo e ás referencias á tolemia –tema principal de *Males de cabeza* xa presente en *Persianas, pedramol e outros nervios*.

1.1.1 Referencias ao vocabulario

Entre os elementos mencionados arriba destaca o vocabulario coa palabra clave na obra de Fran Alonso: ‘pedramol’, que forma parte do título *Persianas, pedramol e outros nervios*. Outra palabra que nace neste libro pero é empregada con frecuencia en toda a obra literaria do autor é ‘esparto’.

a) *Pedramol*

O pedramol é o nome dunha marca en Galicia, que xa desapareceu. Eran uns paquetes dunha area especial coa que se limpaban as cociñas de ferro e as tarteiras nas casas, hai 40 ou 50 anos. O seu significado é “pedra mol, pedra branda” e a forma ‘pedra mol’ aparece nos dicionarios de galego pero Fran Alonso escribe sempre a palabra toda xunta: ‘pedramol’. Como di o autor: “Habitualmente, a palabra pedramol na miña obra non conleva valores positivos senón todo o contrario, a pesar de que se teña ligado, equivocadamente, co positivo”.

O ‘pedramol’ non ten tradución nin debe ser traducido nunca porque é o nome dunha marca e é unha palabra clave, unha palabra emblemática en toda a obra de Fran Alonso. Nalgúns casos a palabra ‘pedramol’ forma adxectivos como ‘pedramólico’ ou aparece xunto con outra palabra formando unha palabra nova: ‘pedramol’ + ‘lento’ = ‘pedramolento’.

En *Males de cabeza*, a palabra ‘pedramol’, os adxectivos e palabras inventadas a partir dela atopámoslos varias veces. A primeira vez, no relato “Economía da guerra” (Alonso, 2001a: 37):

Só a idea de carecer de tabaco e non dispoñer de cartos para mercado produciálle un estremecemento, estridente coma o rozamento da area ou do pedramol..

Despois, nun dos capítulos breves “A tolemia é un sombreiro (8)” onde forma o adxectivo ‘pedramólicos’ (Alonso, 2001a: 59):

Con todo, dos dementes de que máis desconfiamos os gatos é dos cans de palleiro, ese exército de tarados pedramólicos..

O único uso de ‘pedramol’ en *Males de cabeza*, onde a palabra gardou o seu significado

primario, atopámolo no relato “Carapuchiña e o pobo feroz”-unha versión deformada e controvertida do famoso conto infantil (Alonso, 2001a: 70):

*Habitualmente a avoa estaba a facer pequenas cousas domésticas cando a neta chegaba á súa casa: poñer a roupa da cama a clareo, apañar unhas nabizas na horta, limpar con **pedramol** os cacharros enfarruscados da cociña de ferro ou mesmo ver algún programa concurso na televisión; pero así que a cativa entraba pola porta, apañáballe unhas noces ou unhas castañas, dependendo da época, e dáballas para merendar cunha pouca bica mentres lle contaba historias antigas que ela aprendera da súa nai.*

Outro relato no que o autor usa a palabra na forma do adxectivo ‘pedramólicas’ é “O Bar de Sam”, unha versión actualizada e deformada, esta vez da famosa película *Casablanca*. (Alonso, 2001a: 86):

*Era noite pecha e o ceo parecía cuberto por un inmenso crespón negro, inzado de nubes **pedramólicas**, coma se todos os paxaros de Hitchcock sobrevoasen o bar..*

No relato “Hamburgo, tan intimamente”, o ‘pedramol’ aparece dúas veces como descrición da néboa que hai en Hamburgo - “neboeiro de pedramol”:

(Alonso, 2001a: 117)

*Os días deixaban caer a súa poalla de cacimbos, cincenta, con aquel neboeiro de **pedramol** que se introducía por todas as fendas da cidade húmida.;*

(Alonso, 2001a: 124)

*O Miluchiño hai moitos meses que non come máis ca unha salchicha diaria. Comprenderás a miña preocupación, intuirás como a vista e as palabras se me nubran neste neboeiro de **pedramol** que en Hamburgo agroma.*

A forma do adxectivo inventada a base de dúas palabras, ‘pedramol’ máis ‘lento’, dános unha palabra nova, ‘pedramolento/a’, que aparece dúas veces en “Cousas do intestino” e en ambos casos describe o líquido:

(Alonso, 2001a: 133)

A humidade comíame os pés: tíñaos sobre diversos charcos dun líquido escuro, pedramolento, que se apropiaran do chan.;

(Alonso, 2001a: 135)

O individuo permanecía axeonllado sobre o chan, cos pantalóns empapados na auga escumosa e pedramolenta e a cabeza inclinada sobre a boca da taza.

O último relato no que atopamos unha das variantes da palabra ‘pedramol’ titúlase “Persecución” (Alonso, 2001a: 158):

Leva a camisa solta e enchoupada en suor, os cabelos mollados e os ollos reflecten unha carraxe pedramólica e un medo incontrolables.

Cómpre engadir que na tradución ao polaco a palabra queda como ‘pedramol’, na forma do adxectivo como ‘pedramoliczny’ ou como resultado da fusión de ‘pedramol’ e ‘wolna’, que en polaco é ‘pedramolwolna’. Aínda que non se entenda o significado da palabra, o máis importante é a súa sonoridade; hoxe en Galicia tampouco se entende o significado de ‘pedramol’, ademais, excepto nunha ocasión das mencionadas arriba, o autor tamén a usa fóra do significado orixinal, dándolle cada vez unha significación diferente.

No libro *Persianas, pedramol e outros nervios*, no que a palabra ten a súa procedencia, ‘pedramol’ tamén aparece varias veces. A primeira vez atopámola no poema “Dos múltiples motivos” (Alonso, 1992: 19):

*Dos múltiples motivos
que me poden levar a escribir un poema
ti tes, entre eles, un lugar de privilexio.
Por seres o corredor de almofadas sucias
onde ecoan as nosas contradicións.
Mais tamén porque agachas no teu colo
crocodilos.
E as horas tépedas que en nós invernaron.
Porque me ensinaches a ser curuxa,
a velar a noite de timbres, farangullas
e odios.*

*Semente de louza fina e **pedramol**.*
Prometichesme un futuro de tendóns,
de paredes en tensión, amor.
Somos coma anguías.
Esvarámonos.
Mesturamos o noso sangue no vertedeiro.
Ollamos para o centro do salón
cando nas esquinas medra o lixo e o vinagre
e a marmelada aceda.
E despois de tanto traballo inútil, vén a entrega,
coma luras amarradas ás poteiras,
e os reproches, ciúmes, paranoias, soidades,
e desexos.

O segundo poema no que aparece a palabra ‘pedramol’ é “Xantamos lacón” (Alonso, 1992: 23):

Xantamos lacón e rodaballo;
fartura, amor.
Temos unha mesa de albariño,
unha estancia de bandexas,
un baño de albornoces,
un dormitorio de edredóns de prata.
Hai cadros nas paredes,
libros nos estantes,
perfumes no tocador.
Medran as plantas na terraza,
dorme a cubertería nos armarios.
Somos ostentosos e aleivosos,
temos un caixón de vaidades.
*¿Por qué o noso amor ten que ser de **pedramol**?*

Despois atopámola no poema “Mol pedra de pedramol” (Alonso, 1992: 25):

*Mol pedra de **pedramol** podre.*
Bruto ubre no meu abrente boreal.

Metamorfoséateme supetamente.
Ensaríllame nas túas mallas fedorentas.
Femia infeliz dos meus días infindos.
Inimiga híbrida e melancólica
de utopías.
De utopías.

O seguinte poema no que Fran Alonso usa unha das palabras claves da súa obra titúlase “Estás á miña beira” (Alonso, 1992: 35):

... É o ascensor cutre que nos esperta, soidades.
*Contigo, amor, de **pedramol** e dúas palabras.*
De nós mesmos, papel hixiénico, e ardores, úlceras,
vómitos interiores, cortinas que nunca separamos.
Fervemos de nós mesmos.

Ao final, o último poema no que aparece a palabra ‘pedramol’ é “Nin sequera na noite acougamos” (Alonso, 1992: 69):

Nin sequera na noite acougamos.
No silencio patético da túa respiración nerviosa
hai un espello que me proxecta,
corredores,
hai un aviso terrible que me anuncia,
pedramol,
hai un epicentro de berros,
maquillaxes,
e unha ducia de espertadores tiránicos
que nos marcan o ritmo desesperado
dese pasamáns que é a vida..

Non hai dúbida que a palabra ‘pedramol’ está usada en contextos moi diferentes, cada vez recibindo un significado diferente, que tamén depende da imaxinación de lector.

b) esparto

‘Esparto’ é unha planta das gramíneas, as súas follas empréganse na fabricación de sogas por exemplo. (Cumio, 1999). É outra palabra que Fran Alonso usa pola súa

sonoridade e, segundo o autor, tamén procede de *Persianas, pedramol e outros nervios*: “a palabra ‘esparto’ que emprego ás veces (sobre todo, antes) naceu en *Persianas, pedramol e outros nervios*, que é un libro de «texturas rugosas». A diferenza é que esta é unha palabra que existe no idioma galego, pero o importante é que en textos de Fran Alonso tamén aparece pola sonoridade, con diferentes significacións en distintos contextos.

En *Males de cabeza* a palabra ‘esparto’ aparece tres veces. Primeiro, nun dos capítulos breves “A tolemia é un sombreiro (8)” (Alonso, 2001a: 59):

*Este tipo de cans viven nun universo irreal, coas súas perspectivas totalmente deformadas e aínda que ós gatos non nos resulten dos peores, son, sen dúbida, os que nos obrigan a permanecer máis atentos, porque adoitan actuar á traizón e cando menos o esperas; benditos pobres cans de palleiro, que son papáns coma zancudos, coas súas mentalidades de **esparto**.*

Despois, no relato “Hamburgo, tan intimamente” (Alonso, 2001a: 119):

*Polo xeral quedaba coas que mostraban primeiros planos violentos, grotescos (vaxinas de **esparto** amarradas por mans de lúpulo, peludas, bocas sorbendo pirolas de cervexa, tan espirituais, linguas estilizadas, coma serpes), tamén coas que ensinaban mulleres rabiosas, almas perdidas facéndoo entre elas, acariñándose as tetas, mordéndose o pube ós poucos; pero nunca as que mostraban homes sós, homosexuais, auga gorda.*

Por última vez, a palabra esparto atopámola no relato “05 AM (Vigo)” (Alonso, 2001a: 140):

*Sen máis, coma se lle aflorase unha histeria subcutánea, botouse a chorar e a berrar, a chorar e a berrar, atrapada entre o **esparto** dos medos e presa dun ataque de histeria.*

Aínda que non sexa popular ou coñecida, nun dicionario de idioma polaco tamén existe a palabra ‘esparto’ e ten o mesmo significado ca en galego. Pero aquí outra vez o importante é a sonoridade de palabra, así que na tradución polaca queda así mesmo e tamén funciona como no contexto orixinal do texto galego.

En *Persianas, pedramol e outros nervios*, Fran Alonso emprega a palabra ‘esparto’

en varios poemas.

Por primeira vez úsaa no poema “Ti criches nos afectos” describindo os espertadores, di que ‘son de esparto’ (Alonso, 1992: 21):

*Ti criches, amor, nos afectos dun mundo de papel
que algún imbécil corooou de divinidad.
É certo que a palabra escrita leva sangue.
Mais nunca é o propio.
A vida nos libros é loureiro que arrecende.
Entre nós, sen embargo, hai páxinas en branco.
Os espertadores son de **esparto** ou de roseiras,
os radiadores agachan ventos de frío furacanado,
as ventás nunca dan á mesma rúa.
A vida nos libros, amor, é toda puro engano.*

O segundo poema onde aparece a palabra ‘esparto’ é “Estás á miña beira” (Alonso, 1992: 35):

*Estás á miña beira, ausente.
Somos de **esparto** de silencio.
Fervemos na nosa mutua soidade. ...*

Despois atopámola no poema “Pouca cousa me contén” (Alonso, 1992: 53):

*Pouca cousa me contén, amor.
O refuxio da música,
a túa pel de pexego,
os teus ollos de pelexas en últimos días,
o teu licor café, a túa boca de lamprea.
Cando me berras co teu rostro de gran angular
faría de ti mil anaquiños de desacougo
e fuxiría do teu corpo nun continuo para sempre.
Choraría a vida de timbres distantes,
e acabaría só,
nunha cama triste,
nun cuarto perfumado,*

*nunha hora estática,
entre sabas de **esparto**, lembranzas, e desnutrición.*

O seguinte poema no que o autor usa a palabra ‘esparto’ titúlase “Ningún dos dous” (Alonso, 1992: 65):

*Ningún dos dous está libre de sospeita.
Sempre asoma un aceno criminal,
un impulso paixonal,
un desexo visceral.
Ningún dos dous dirá nunca xamais.
Hai segundos que son eternidades,
momentos de perenne desidia,
rancores de **esparto** e folla de afeitar.
¿Cal dos dous se atreverá?*

O último poema no que aparece ‘esparto’ titúlase “Esnaquízame o cerebro” (Alonso, 1992: 79):

*Esnaquízame o cerebro de palabras culpables.
Precisamos un niño de **esparto** que nos limpe o leito,
que nos exilie de culpabilidades de papel;
unha purga de bágoas engulida con cullerón.
Son un forno deses pensamentos feridos
que non dubidas en me provocar, vinga, diva.
Diva vingativa que alardeas de fereza,
eu sonche de albariño, de soños provocados,
e as túas balas férenme pero non me matan.
Has saber, pequeno demo de cuncas de vinagre,
que eu son un masoquista do suicidio.*

1.1.2 Referencias aos poemas de *Persianas, pedramol e outros nervios*

En *Males de cabeza* hai tamén referencias directas aos poemas do libro *Persianas, pedramol e outros nervios*, non só ao vocabulario ‘cosmofrán’. Ás veces son fragmentos dos poemas incorporados no texto narrativo, ás veces son asociacións aos

poemas ou ás expresións que naceron en *Persianas, pedramol e outros nervios*. O feito de incluír os versos da poesía entre as liñas da prosa ten moita importancia para a tradución, sobre todo, hai que recoñecer estes poemas no texto. As referencias aos poemas de *Persianas, pedramol e outros nervios* atopámolos nos seguintes relatos de *Males de cabeza*:

“A tolemia é un sombreiro (6)”

No fragmento citado abaixo de “A tolemia é un sombreiro (6)” (Alonso, 2001a: 43) o narrador refírese ao fareiro –protagonista do relato posterior titulado “O fareiro”:

*Hai un fareiro, por exemplo, ciumento coma unha gata con crías, que mesmo é quen de matar por ese motivo, estraño esquizofrénico que non se sabe relacionar co mundo exterior porque se illa no seu carácter autista. **Semella que ten lume na pel; nos ósos, flores de nervios; o gume dun coitelo nas chagas dos dedos.***

A frase “Semella que ten lume na pel; nos ósos, flores de nervios; o gume dun coitelo nas chagas dos dedos” son versos incorporados do poema “Teño lume na pel” (Alonso, 1992: 17):

***Teño lume na pel;**
nos osos, flores de nervios;
o gume dun coitelo, nas chagas dos dedos.*
*Son unha esponxa de equilibrios,
unha licuadora de neuroses.
Prendo, quéimome, quecido, en ardores de lume paranoico
de desexo de dó de dando doces dores
producidas polos nervios nus da túa presenza.*

“A tolemia é un sombreiro (9)”

En “A tolemia é un sombreiro (9)” Fran Alonso remite a dous poemas de *Persianas, pedramol e outros nervios*.

No primeiro fragmento citado abaixo de “A tolemia é un sombreiro (9)” (Alonso, 2001a: 67):

¿Non é para temer, acaso, entre tanto tolo, que se me esvaia a conciencia?

*Adoezo. E cando pretendo agarrarme, este manicomio só ten **un pasamáns, que leva ó soto, cunhas escaleiras profundas que se perden na loucura; ...***

hai versos incorporados do poema “Prefiro o sobrado” (Alonso, 1992: 45):

*Prefiro o sobrado, amor.
A vida ten moito de **tolemia.**
Sempre hai **un pasamáns que leva ó soto,**
unhas escaleiras profundas que se perden na loucura.*

Despois, no seguinte fragmento de “A tolemia é un sombreiro (9)” (Alonso, 2001a: 67):

*...aquí, **nin sequera na noite acougamos, asustados co silencio patético das respiracións nerviosas,** espreitantes ante a posibilidade mesma de que nos atrapen as mans dos obsesos do sexo, para violarnos, pequenos caniches que se engrandecen mirándose a pirola unha e outra vez, untada de cremas estimulantes e cuberta de preservativos fosforescentes, á procura do cu aveludado de calquera gato que se lles cruce no camiño; ...*

o autor fai referencia ao poema “Nin sequera na noite acougamos” (Alonso, 1992: 69):

***Nin sequera na noite acougamos.**
No silencio patético da túa respiración nerviosa
hai un espello que me proxecta,
corredores,
hai un aviso terrible que me anuncia,
pedramol,
hai un epicentro de berros,
maquillaxes,
e unha ducia de espertadores tiránicos
que nos marcan o ritmo desesperado
dese pasamáns que é a vida.*

“O Bar de Sam”

No relato “O Bar de Sam” Fran Alonso usa a descrición ‘peitos, brancos coma elefantes pastando malembe’ que xa aparecera noutros dous poemas seus procedentes de *Persianas, pedramol e outros nervios*.

“O Bar de Sam” (Alonso, 2001a: 85):

*Antes de marchar abordei a Elsa e biqueina na boca, apertándome contra a súa blusa lixeira, que lle insinuaba **os peitos, brancos coma elefantes pastando malembe.***

O primeiro é “Se esvaro lenemente”, onde aparece a expresión ‘peitos de malembe’ (Alonso, 1992: 89):

*Se esvaro lenemente no noso leito de cointreau
para che acariñar bragas, encaixes e muslos,
para che percorrer lingoreteiro os **peitos de malembe,**
e os pezóns se che estiran coma goma de borrar,
e sinto as tías mans mornas nos meus calzóns bébedos
apalpando as formas da miña pel electrizada,
e dispoño pouco e pouco de che sacar faixas axustadas,
non hai, amor, xenreira que resista proba tan dura
nin odio que non prenda nas raíces do desexo.*

No segundo poema, “Véxote de regra”, xa se pode notar que a expresión usada no relato “O Bar de Sam” ‘peitos, brancos coma elefantes pastando malembe’, xa aparecera neste mesmo poema (Alonso, 1992: 85):

*Véxote de regra, ducha, xel,
bragas cinguidas á pel de marmelada.
Debuxas liñas coma soles, corazón,
perfumes, bidés, un sobrado de compresas
no armariño da tregua necesaria.
**Debuxas peitos brancos coma elefantes
pastando malembe trala blusa.**
Imposme un coitelo, un remuíño de desexos,
unha tregua de toallas.
Es un leito de peitos brancos e elefantes,
todos en estampida de min mesmo.*

Cómpre engadir que esa imaxe de ‘peitos brancos coma elefantes pastando malembe’ é a invención dun escritor angolano nado en Portugal - José Luandino Vieira

(véxase [malembe](#)). Amais, ‘malembe’ é unha das palabras que Fran Alonso usa con frecuencia noutros poemas seus. Como di: “A palabra ten procedencia africana: son uns arbustos nos que pastan os elefantes.” Na tradución ao polaco queda así mesmo.

“O ceo amarelo”

En “O ceo amarelo” a expresión ao principio do terceiro parágrafo, “inquietanza a rillarme os nervios”, é unha cita do poema “Desde a ventá” de *Persianas, pedramol e outros nervios*.

“O ceo amarelo” (Alonso, 2001a: 106):

Certa inquietanza comezaba a rillarme os nervios. Daquela foi cando dei en pensar que se cadra o ceo non estaba amarelo.

“Desde a ventá” (Alonso, 1992: 31):

*Desde a ventá nunca se ve máis aló do formigón,
amor, unha triste náusea urbana, un vértigo,
unha inquietanza a rillar os nervios.
¿De quen somos prisioneiros?
Se cadra de nós mesmos, do tempo,
e da ferruxe que levamos dentro.
Despregas un mapa, amor. É de formigón.
Un día ameazo con me ir. Con marchar.
E ti ris coma unha tola, sinalando para a porta.
¿De quen somos prisioneiros neste inferno?.*

“O fareiro”

Neste relato hai dúas expresións que aluden aos poemas de *Persianas, pedramol e outros nervios*. A primeira é ‘nervios a flor de pel’ (Alonso, 2001a: 165):

*Aquel día colleu o coche e, cos **nervios a flor de pel**, conduciu ata a vila de forma irracional e vertixinosa, avanzando coa liña branca da estrada entre as dúas rodas.*

E, como “A tolemia é un sombreiro (6)”, remite ao poema inicial “Teño lume na pel” (Alonso, 1992: 17):

*Teño lume na pel;
nos osos, **flores de nervios**;
o gume dun coitelo, nas chagas dos dedos.*

A segunda é ‘cefalópodo nervioso’ e naceu no poema “A nosa relación”.

“O fareiro” (Alonso, 2001a: 170):

*Coa pel electrizada, incontroladamente neurótico, cazumbi, volveu coller o coche, a máis velocidade que nunca, levitando coma un espírito por riba da liña branca da estrada, e cando chegou tremíalle o corpo coma **un cefalópodo nervioso**, sobre todo polo que os seus ollos descubriron.*

“A nosa relación” (Alonso, 1992: 93):

*A nosa relación, amor, é estéril.
Por veces non produce.
¿Debemos, daquela, seguir amándonos?
Eu quixera facer da vinga o ritual de cada noite,
para ensarillarte coma un **cefalópodo nervioso**
nas mallas baleiras da miña querencia erma.
Mais a falsidade tampouco me produce.
Eu quero ser ruín, amor,
porque mo pide a sociedade.*

Ambas expresións, ‘cos nervios a flor de pel’ e ‘coma un cefalópodo nervioso’, producen estrañeza tanto no texto orixinal en galego como na tradución ao polaco, porque para gardar o mesmo estilo e tamén a referencia aos poemas, están traducidas literalmente como ‘z nerwami kwiecistymi na skórze’ e ‘jak zdenerwowanemu głowonogowi’.

“A tolemia é un **sombreiro (20)**”

Na primeira liña de “A tolemia é un sombreiro (20)” hai un verso incorporado do poema “Prefiro o sobrado”.

“A tolemia é un **sombreiro (20)**” (Alonso, 2001a: 179):

*Sei que **hai espirais do amor das que máis vale apartarse para sempre**, pero a*

miña devoción polos gatos (son consciente de que no fondo é puro narcisismo) provócame tensións que me furan os músculos, así que me estendo, como un animal alérxico, e cunha dor de cervos que me fai vibrar as vértebras, desenvolvo toda a miña capacidade felina, de mirada enigmática, para ollar fixamente algo que brille e brille e brille, e xa brilla moito, coma unha bóla de lume que eu mesmo prendo, mentres as paredes inexpugnables van sendo absorbidas polas lapas e os cans (paranoicos, esquizofrénicos e psicóticos) desaparecen, definitivamente, devorados polas chamas, polas labaradas.

“Prefiro o sobrado” (Alonso, 1992: 45):

*... ¿O amor non teme os escondites da mente?
Se te achegas ás adegas e te perdes entre os escuros pipotes
que tantas veces te atrapan, sen o saberes, no bagazo,
será difícil regresar ó patio
e será imposible rubir ó faiado.
Hai espirais do amor das que máis vale apartarse para sempre.*

1.1.3 O Tema da tolemia

A tolemia –o tema principal e omnipresente en cada páxina do libro *Males de cabeza–*, entre outras cousas, tamén ten as súas raíces no tomo de poesía *Persianas, pedramol e outros nervios*. Os primeiros sinais deste tema atopámoslos nos seguintes poemas:

“Prefiro o sobrado” (Alonso, 1992: 45):

*Prefiro o sobrado, amor.
A vida ten moito de **tolemia**.
Sempre hai un pasamáns que leva ó soto,
unhas escaleiras profundas que se perden na **loucura**. ...*

“A tolemia non ten nome” (Alonso, 1992: 47):

*A tolemia non ten nome nin atende a razóns.
Atende ás sombras
dos medos mestos*

*dos ciúmes cansos
dos reproches enreixados
das soidades sibilantes
dos desexos de dous, desexos.
A tolemia é morna, doce, pousona coma o viño bo,
é mesta, escura, profunda, visceral coma as paixóns de dous.
Entrambos, amor, somos a tolemia.*

“É noite” (Alonso, 1992: 75):

*É noite.
Silencio.
A estas horas, o mundo está preñado de soidade.
Ferve en nós a luz da lámpada de pé.
O licor da nosa tolemia.
A escuridade tensa do corredor.
Se cadra esperas que marche ó noso cuarto.
Déitome, abaneándome, nos teus ollos de furia.
Sinto as túas paixóns remexeren no sofá tépedo.
Sinto os teus ollos, tentando dobregarme no parque.
Canela nos beizos, pementa nos ollos, amor.
Estalan xa as súpetas persianas de rabia.
Fálame de timbres, añicos, mexadas, de min, e eu,
esponxa espabilada das nosas iras,
sorrió coma coñac cointreau louza fina, amor,
sorrió en dolor duchado de ausencias.*

“Hai momentos terribles” (Alonso, 1992: 71) –neste poema atopamos outro motivo de *Males de cabeza*: a tolemia asóciase como un trazo característico e inseparable dos cans:

*Hai momentos terribles en que todo
é magma incandescente, leite por fóra,
e ti un volcán en erupción, amor.
Proxéctaste nunha cazola fervendo e
salfiresme con eses nervios feitos*

*que che medran na calor da cociña.
Hai momentos arrepiantes en que eu
son **can acirrado, verme entolecido**,
preso en ti cos ollos en vinagre, amor.
Estoupo, berro, brinco, choro, mordo,
e volvo converter a cociña
nese inferno mesto que é o noso designio.*

1.2 Referencias en *Males de cabeza* ao libro de poemas *Tortillas para os obreiros*

Outro libro co que hai moitos elementos autointertextuais en *Males de cabeza* é *Tortillas para os obreiros*. Alén das referencias do vocabulario ‘cosmofrán’ e dos versos de poemas incorporados no medio do texto narrativo dos relatos, en *Males de cabeza* atopamos un relato con personaxes que proceden de *Tortillas para os obreiros* e outro relato que garda a mesma estrutura que *Tortillas para os obreiros*.

1.2.1 Referencias ao vocabulario

Males de cabeza comparte algún vocabulario ‘cosmofrán’ co libro *Tortillas para os obreiros*. Amais das palabras ‘pedramol’ e ‘esparto’ que aparecen en *Persianas, pedramol e outros nervios*, neste libro atopamos tamén un vocabulario con valor persoal para o autor relacionado coa súa infancia, como as palabras relacionadas co ámbito mariño: ‘lapas’ e ‘lavañeira’, e outras como ‘vitrocerámica’.

a) *pedramol*

En *Tortillas para os obreiros* atopamos a palabra clave da obra de Fran Alonso en tres poemas:

en “Mar picado” da Secuencia A (Alonso, 2001c: 74):

*... A vertixe dos edificios entre as nubes
éncheme os ollos de **pedramol**. ...,*

e tamén en dous poemas da Secuencia B:

“As visitas soben” (Alonso, 2001c: 77):

... Queridos compañeiros, pasade e mirade cos vosos propios

ollos
este espectáculo de abismo e pedramol
do que ben poucos saen con vida. ...;

“Da sístole á diástole” (Alonso, 2001c: 97):

... Sinto como me golpea as tempas, como me penetra as vísceras,
como fai metástase, como envelena o soro, como alenta sobre min,
fetidamente, como me destroza o fígado, como me vence,
tan fatalmente, tan inevitablemente, talmente
unha espiral de pedramol, bile de alacrán, cascudas
esmagadas
para sempre.
Para sempre, quer dicir nunca,
que aquí remata todo.

b) esparto

Outra palabra procedente de *Persianas, pedramol e outros nervios* que tamén está presente en *Tortillas para os obreiros*. Neste tomo aparece dúas veces:

A primeira vez no principio, antes da división das secuencias (Alonso, 2001c: 73):

... Secuencias piratas ensarilladas e apañadas entre as mallas da loucura.
Triste náusea urbana que che ergue os cabelos de esparto.

“Da sístole á diástole” da Secuencia B (Alonso, 2001c: 97):

... E mesmo sen quere-lo, porque xa non hai esparto que
faga barricada. ...

c) lapas

Palabra que existe no idioma galego e aparece con certa frecuencia nos textos de Fran Alonso. Como ‘lapas’ pode ter dous significados, o autor explica que na súa obra “habitualmente refírese ao molusco, non ás chamuscas e remite ao ámbito mariño, bastante presente na miña obra. É unha palabra moi ligada á miña infancia.”.

En *Males de cabeza*, a palabra ‘lapas’ aparece no relato “A señora Lola” (Alonso, 2001a: 53):

*Unha luz loura e nevoenta érguese sobre o Berbés e non permite distinguir con precisión os contornos dos edificios, que se amontoan uns contra outros coma **lapas** brancas.*

E fai referencia ao poema “Desde o barco” da Secuencia A (Alonso, 2001c: 90):

*Desde o barco, é o primeiro que se ve.
Sempre liderando os edificios, que se pegan entre eles
coma **lapas** de néboa.*

Esta palabra aparece tamén noutras obras de autor, sempre nun contexto parecido. O nome deste molusco existe tamén no idioma polaco así que a palabra está traducida como ‘pałke’.

d) lavañeira

‘Lavañeira’ é outra palabra do ámbito mariño que aparece frecuentemente en libros de Fran Alonso. Como di o autor: “‘Lavañeira’ é unha palabra dialectal que usan os mariñeiros do Val Miñor (o meu avó era mariñeiro no Val Miñor e eu saía a pescar con el cando era neno) para referirse ás nécoras.”

Fran Alonso moitas veces forza o seu uso e, por exemplo en “05AM (Vigo)”, emprégaa como adxectivo (modificando e afectando a ‘sombra’):

(Alonso, 2001a: 142):

*Ela quedou calada antes de contestar. Unha sombra negra, **lavañeira**, de terror, asomou ós seus ollos. Os pensamentos quedáronselle atrapados nunha selva de imaxes que lembraba con nitidez.*

En *Tortillas para os obreiros* a palabra ‘lavañeira’ aparece dúas veces nos seguintes fragmentos:

A primeira vez no principio, antes da división das secuencias (Alonso, 2001c: 73):

... Unha muller de fazulas doces coma cereixas coloradas, que navega. Un

*enfermo de **lavañeiras** no sangue, que devala. ...;*

Secuencia B (Alonso, 2001c: 75):

*Padece do corazón
e de índice elevado de **lavañeiras** en sangue....*

A palabra ‘lavañeira’ podemos atopala tamén en varios contextos noutros textos do autor. Porén, fóra dos libros de Fran Alonso, aparece nalgúns dicionarios e por exemplo na tradución ao castelán é ‘pequeno cangrejo’ (Franco Grande, 1978: 234). Cómpre engadir que o idioma polaco, por razóns de xeografía e cultura, non ten o vocabulario do ámbito mariño tan desenvolvido coma o galego, así que na tradución polaca de *Males de cabeza* a palabra está traducida como ‘krabowaty’.

e) vitrocerámica

Citando as palabras do autor: “A palabra ‘vitrocerámica’ tamén pertence ao meu acervo persoal e utilízoa con certa frecuencia (antes máis que agora).”

En *Males de cabeza* atopamos esta palabra no relato “Cousas do intestino” na forma do adxectivo ‘vitrocerámico’ (Alonso, 2001a: 129):

*Non sei se foi gracias á música dos Sobin A’r Smaeliaid ou gracias ós militantes de Cymdeithas, o caso é que no local non entraba unha palla e o ambiente fervía, **vitrocerámico**.*

En *Tortillas para os obreiros* a palabra ‘vitrocerámica’ aparece en varios contextos nos seguintes poemas da Secuencia B:

(Alonso, 2001c: 75):

*Ten **vitrocerámicas** nos ollos das enfermeiras,
que lle ferven o sangue con azucre
e algodón, cada dúas horas. ...;*

(Alonso, 2001c: 83):

*Tes ollos de **vitrocerámica**
vermella...;*

(Alonso, 2001c: 85):

*Nacen cabalos na **vitrocerámica**,
e medran entre nasas, luras
e algunha supuración
de redes,....*

Esta palabra aparece tamén noutras obras do autor en diferentes contextos e en diferentes formas. Na tradución ao polaco é ‘vitroceramika’ ou ‘vitroceramiczny/a’ en forma de adxectivo.

En *Tortillas para os obreiros* hai máis palabras que aparecen tamén en *Males de cabeza* e pertencen ao grupo de vocabulario ‘cosmofrán’, pero como son de procedencia diferente, na súa maioría teñen raíces en diversas linguas africanas ou na literatura destas linguas, falaremos delas no capítulo terceiro deste traballo. As palabras son: ‘malembe’, ‘cazumbi’, ‘tretremi’, ‘cafofo’, ‘mulemba’ e a expresión ‘auga gorda’.

1.2.2 Referencias aos poemas de “Tortillas para os obreiros”

En *Males de cabeza* Fran Alonso fai varias autoreferencias aos poemas do libro *Tortillas para os obreiros* por medio da introdución nos relatos de versos de poemas, por aplicar a mesma estrutura do relato “Persecución” e, ao final, por facer o relato “A señora Lola” a base de poemas da Secuencia A. Así que algúns protagonistas do relato como a señora Lola, a súa familia, a súa veciña e o patrón do bar onde traballa a muller proceden de *Tortillas para os obreiros*.

“A tolemia é un sombreiro (6)”

A última frase de “A tolemia é un sombreiro (6)” remite á Secuencia B de *Tortillas para os obreiros*:

(Alonso, 2001a: 43):

*A min, o seu carácter canino lémbreme o dun bulldog, predisposto á guerra
coma se existise algo que o violentase, igual **que unha serpe desesperada,**
torcéndose sobre si mesmo.;*

Secuencia B (Alonso, 2001c: 87):

... Sempre existe algo que me violenta,

*coma unha serpe desesperada,
torcéndome.
sobre min mesmo..*

“A señora Lola”

Aínda que este relato naceu en *Cemiterio de elefantes*, foi escrito a base de poemas da Secuencia A de *Tortillas para os obreiros* e, como resultado deste feito, as personaxes do relato, expresións ou versos proceden dos poemas.

A protagonista principal cuxo nome aparece no título do relato, a señora Lola, é o narrador dos poemas da Secuencia A, a muller que está cruzando o mar co barco e nos relata a súa vida diaria: os seus deberes, o seu traballo, pero tamén nos fala das súas preocupacións e da súa familia. Así que moitas partes do relato remiten aos poemas.

O fragmento citado abaixo (Alonso, 2001a: 57):

*Logo o día vai consumíndose e aínda cociña máis tortillas, **apegada ós fogóns**
para que o frío inverno non a penetre por debaixo das saias;*

fai referencia ao poema “Mar picado” da Secuencia A (Alonso, 2001c: 74):

*Mar picado.
As gaivotas sobrevoan a proa.
Vigo engóleme os pés xeados
e o **inverno penétrame**
por baixo das saias. ...
... *Todo é fermoso e brutal.*
A única redención espérame na caloriña dos fogóns.*

Os rituais de cada día no traballo da señora Lola que aparecen ao longo do relato, por exemplo, nos seguintes fragmentos:

(Alonso, 2001a: 54):

*No bar comezaba a facer tortillas a primeira hora. Ó longo da mañá, desde
había anos, acoden numerosos obreiros a tomar o bocadillo, a cervexa cunha
tapa de tortilla, ou a xantar. É o mesmo ritual de todos os días...*

... Axiña chegaban os berros do patrón dicindo, máis tortilla, señora Lola, máis

*tortilla, e a señora Lola veña a cociñar, veña a facer tortillas toda a santa mañá. É así desde hai moitos anos. Case non lembra cantos. Prefire non lembralo. E é así por moi poucos cartos. Por unha auténtica miseria. **Por un soldo de risa.** ...;*

(Alonso, 2001a: 55):

A iso das dez comeza a chegar a primeira quenda de obreiros, sucios, grises, pedindo tortilla a berros cos seus ollos de goma.

Tamén xa están nos poemas da Secuencia A, por exemplo:

(Alonso, 2001c: 80):

*Ás oito da mañá comezo a facer tortillas.
Fágoas todo o día,
con e sen cebola,
soas ou acompañadas de leituga e tomate,
as veces con chourizo,
moito en bocadillo,
sobre todo ás dez ou ás once,
tortillas dos andamios para os obreiros
que berran e traen as mans sucias.
Cómenas con cervexa,
os días grises, sentados trala barra.*

Igual ca a referencia ao “soldo de risa” (mencionado arriba na cita de *Males de cabeza*) que lle paga á señora Lola o patrón.

(Alonso, 2001c: 94):

*Maldigo a vida, que me obriga todos os días a cruzar a Ría
no barco
maldigo os fillos
no barco
e o home, a durmir
no barco
maldigo o mundo todo*

*no barco
maldigo o meu traballo
no barco
e o patrón, que me manda por un soldo de risa
e os obreiros que van engulir as miñas tortillas
e a droga, man grande dun corpo de ouro
e a dor
e os ricos
e mesmo os cartos
neste barco de merda
maldígo todo.
Unha vez máis.*

Entre outras cousas no relato hai tamén unha referencia ao poema “Condición de muller”:

(Alonso, 2001a: 58):

*Condición de muller, dise, e rompe a chorar en silencio, tragando as bágoas,
ata se abandonar e deixar que o seu sabor salgado penetre a fritanga das
patacas e a cebola.;*

(Alonso, 2001c: 92):

*Condición de muller,
destino centrifugado.
Condición de muller facendo tortillas.
Condición de muller na sorte das bateas.
Condición de muller neste barco de serrín.
Condición de muller nos ollos de obreiros de goma.
Condición de muller nun home beluso que **anda á viruta**.
Condición de mulemba, muller de malembe,
esperanza rota.
Condición de muller, puta triste e taberneira.
Condición de muller, baleiro nas poteiras, almofadas rotas.
Bragas, sucias.*

Condición de muller..

Alén diso, neste poema atopamos outra expresión, ‘anda á viruta’, que foi inventada por Fran Alonso en *Cemiterio de elefantes*, pero tamén aparece neste relato e refírese ao home da señora Lola. Este é un dos personaxes cuxas descrições en *Males de cabeza* corresponden ás dos poemas.

(Alonso, 2001a: 54):

*Pero é que tamén está farta do seu home, aínda que a súa relación con el non sexa peor do que sempre foi. El anda á viruta. Desde o botaron da fábrica, hai uns anos, **anda á viruta**. Tan á viruta anda que xa nin se preocupa de buscar traballo. Tampouco sente a necesidade de facelo. Para el a vida é coma un tren ó que se enganhou cando o viu pasar, no que viaxa sentado, e do que non baixará ata que chegue a término. Ás tardes vai ó bar, con ese andar bembón que ten, e alí queda, cos amigos e a botella de caña, a xogar ó dominó. A muller ultimamente sente desprezo por el. Está farta de mantelo, farta de soportalo, farta de velo, farta de querelo.*

O poema do que podemos sacar máis información sobre o home da señora Lola é o seguinte:

(Alonso, 2001c: 84):

*O meu home
dorme ata ben tarde.
Logo, érguese e senta no sofá.
E queda alí sentado, ata o mediodía,
a mirar o corpo espido de Claudia Schiffer
nas revistas que agacha no armario.
El cre que non o sei.
Que non sei como debulla desexos e pasados,
na soidade.
E como mira para as fillas.
Así está ata a hora do café,
cando vai baleirar de salitre as vísceras,*

con caña e dominó.

Outros personaxes dos que se fala no relato e que tamén aparecen nos poemas da Secuencia A de *Tortillas para os obreiros* son os fillos de señora Lola e a señora Berta. A descrición dos seus fillos está no seguinte fragmento (Alonso, 2001a: 56):

*Entretanto, a señora Lola fabrica tortillas mentres o pensamento se lle vai ó fillo, cousas da depresión, que sabe cristo bendito **en qué portal andaré tirado, ou morto, coma un moleque descomposto, adorando un deus hipodérmico e malnacido. E logo as fillas, dúas, lacazás coma elas soas, preguiceiras e libertarias, estragos dunha familia que lle enche de cristais os calcañares.***

Moitas veces usa as mesmas expresións que nestes dous poemas:

(Alonso, 2001c: 82):

*Manteño un home pirata
e dúas **fillas preguiceiras e libertarias,**
e parín un fillo do que nada sei.
Eles todos son de goma.
Meu pai morreu vello no hospital,
pescador co sangue cheo de azucre
e ollos supurados de cacao.
Eran outros tempos.
Hoxe a familia é un fetiche de auga gorda,
unha evaporación de alcohol.
Tes fillos cafofos coma vacas frías
que che enchen de cristais os calcañares.
Por iso o tretremi deste barco é a miña agarimosa
apocalipse maternal.;*

(Alonso, 2001c: 86):

*Durmirá, meu fillo, **tirado en calquera portal.**
Era pequecho e lambón.
Cagou por el ata os seis anos.
E nunca quixo ir á escola senón*

*xogar a perderse entre o vento nos areais de Rodeira
á procura de botellas de lixivia e latas baleiras
coas que me enchía o fregadeiro.
Tiña os ollos grandes da nai
e, na alma, a inquedanza negra do pai.
E diante dos libros afogaba coma un tomate colorado
que abre e comeza a ceibar o zume.
**Durmirá en calquera portal,
meu fillo.
Coa ollada estragada nun punto da infancia
e a negrura hipodérmica da alma
inxectada nas veas.***

A señora Berta, veciña de señora Lola citada no relato, tamén procede dun poema de *Tortillas para os obreiros*.

(Alonso, 2001c: 88):

*Penso na señora **Berta**,
como anda, entre as pitas,
pola leira adiante.
Como apaña unhas leitugas,
tan xeitosamente,
para o xantar,
a señora Berta. ...
... Como acertaron
a señora Berta
e mais o seu home
e netos
en non venderen coma nós a leira,
polo piso e uns poucos cartos.*

“Hamburgo, tan íntimamente”

Neste relato aparece a palabra ‘bestelleiro’, e tal como di Fran Alonso: “para min remite directamente á Secuencia B de *Tortillas para os obreiros*.”

(Alonso, 2001a: 119):

*Con todo, sentíase incapaz de masturbarse, tan intimamente, con escenas semellantes, e para facelo seleccionaba outra película. Tampouco as de zoofilia lle chamaban a atención. Mal de **bestelleiros**, de infancias perdidas. Desbotábaas sen comprender qué se lle podía atopar ó cu dun ganso, negro pozo de plumas, á pirola grimosa dun can.*

Fran Alonso define o ‘bestelleiro’ como: “un gandeiro, un home que é propietario de cabalos salvaxes e de vacas que andan soltas polo monte e que coida delas. O ‘bestelleiro’ é o que coida das bestas. Os ‘bestelleiros’ son as persoas que teñen e manexan as bestas, é dicir, os cabalos, aos que eles chaman "burras" (nunca cabalos). Os ‘bestelleiros’ son os propietarios dos cabalos que viven en liberdade nos montes galegos e son as persoas que o día do curro saen ao monte a reunilos, a levarlos ao curro, a marcalos e a volvelos ceibar. Noutras partes de Galicia (no norte) chámanse ‘besteiros’, pero os do sur dicimos «bestelleiros» (no sur é onde están a maioría dos curros de Galicia): na zona onde eu vivo hai seis ou sete curros, máis que en toda a provincia da Coruña e que en toda a provincia de Lugo. É algo espectacular. Alí están os maiores contrastes entre a Galicia de hoxe e a Galicia ancestral.”.

O personaxe da Secuencia B de *Tortillas para os obreiros* é un ‘bestelleiro’, un ‘bestelleiro’ que foi, que xa non é, pois está doente e moribundo no hospital, pero ao que o monte lle volve, unha e outra vez, á memoria. Nos poemas hai referencias aos cabalos, que forman parte dos seus delirios.

(Alonso, 2001c: 73):

*... E dentro del, coa pel electrizada e ollos de nasas mestas coma leite condensado, un enfermo atrapado na poteira que arrastra o mar de Cangas. Ten pupilas de tortilla e un iris que é de goma clara. De **bestelleiro**, roto. ...;*

(Alonso, 2001c: 79):

*...Ten na fronte un ardor de curros, suores.
Bestelleiro de úlceras, visceral,
neuralxicamente, groba febril,
monte de sabas, bronquial vehemencia...;*

(Alonso, 2001c: 93):

... *É o soño que
rescata
almas vivas, solpores de argazo,
unha tortilla de obreiros,
Pan de Zarco,
e todos eses sitios onde sempre hai **bestelleiros**
antigos que saben bailar o batuque.*

Como comenta Fran Alonso: “ese fondo de cabalos xa estaba nun poema sen título "Pensamentos minguantes" que está recollido en *Subversións* e que foi escrito en 1986 (aos meus 23 inxenuos anos)”.

“Persecución”

O relato “Persecución” ten a mesma estrutura (Secuencia A, Secuencia B) que *Tortillas para os obreiros*. En ambas obras na Secuencia A e na Secuencia B desenvólvense as historias paralelas de individuos moi diferentes. Ao longo do relato poético da Secuencia A de *Tortillas para os obreiros*, o narrador e protagonista é unha muller que nos presenta os seus pensamentos cando viaxa no barco de Cangas a Vigo, onde traballa, facendo tortillas nun bar frecuentado sobre todo por obreiros, mentres o narrador e protagonista da Secuencia B é un enfermo moribundo que foi un bestelleiro e agora agoniza no seu cuarto hospitalario do que desde a ventá pode observar a ría e os barcos que veñen de Cangas; amais ten recordos do seu tempo feliz cando a súa nai lle facía tortillas – son dous motivos que unen estes personaxes tan diferentes. No relato “Persecución” de *Males de cabeza*, na Secuencia A e na Secuencia B, o narrador cóntanos as historias que suceden o día 31 de decembro, á noite. En ambas secuencias os individuos viaxan en medios de transporte público, pero o primeiro está nun autobús urbano en Lisboa, odia a xente porque está obsesionado con que alguén o queira matar, por iso empeza a ameazar cun coitelo; outro individuo está nun tranvía en Amsterdam, este está contento coa vida, relaxado, fumando cannabis. Mentres o primeiro de súpeto espeta o coitelo contra a plataforma metálica que está no medio do autobús, o segundo inexplicamente está morrendo, o seu ventre está sangrando tal se un coitelo de aire se lle tivese cravado no ventre, pero gozando do fume dun ‘canuto’, está feliz.

“A tolemia é un sombreiro (20)”

En “A tolemia é un sombreiro (20)”, o de “como un animal alérxico, e cunha dor de cervos que me fai vibrar as vértebras” (Alonso, 2001a: 179):

*Sei que hai espirais do amor das que máis vale apartarse para sempre, pero a miña devoción polos gatos (son consciente de que no fondo é puro narcisismo) provócame tensións que me furan os músculos, así que me estendo, **como un animal alérxico, e cunha dor de cervos que me fai vibrar as vértebras**, desenvolvo toda a miña capacidade felina, de mirada enigmática, para ollar fixamente algo que brille e brille e brille, e xa brilla moito, coma unha bóla de lume que eu mesmo prendo, mentres as paredes inexpugnables van sendo absorbidas polas lapas e os cans (paranoicos, esquizofrénicos e psicóticos) desaparecen, definitivamente, devorados polas chamas, polas labaradas.*

é un verso da Secuencia B de *Tortillas para os obreiros* (Alonso, 2001c: 89):

*Esténdome,
coma un animal alérxico,
baixo o po da noite,
cando unha dor de cervos me fai vibrar
as vértebras,
tan tenebrosamente,
dó de alfombras..*

Este poema ten algo máis persoal do autor, porque como di Fran Alonso no blog da súa páxina Web, é un dos seus poemas inspirados pola súa propia dor de alérxico (Alonso, 2004).

1.3 Referencias en *Males de cabeza* ao libro de poesía infantil *Cidades*

Nas páxinas de *Males de cabeza* atopamos tamén poemas para nenos procedentes do libro que gañou o Premio Rañolas de Literatura Infantil e Xuvenil en 1997 e o Accésit do Premio Lazarillo de Literatura Infantil do Ministerio de Cultura en 1998. Hai referencias tanto ao vocabulario, como ás personaxes, lugares, expresións e versos de poemas.

1.3.1 Referencias ao vocabulario

O vocabulario ‘cosmofrán’ de Fran Alonso, presente en *Males de cabeza*, está tamén nas páxinas de *Cidades*, onde atopamos palabras que xa coñeceramos en obras anteriores do autor. Así que ‘pedramol’, ‘esparto’ e ‘lavañeira’, nos acompañan na lectura deste marabilloso libro para nenos.

a) *pedramol*

Nin neste libro infantil pode faltar a palabra clave na obra de Fran Alonso. A palabra ‘pedramol’ aparece no poema que describe as cidades tristes, terribles (Alonso, 2005: 50):

*No corazón teño cidades
de nenos pobres,
vilmente, feríndome.
No corazón teño cidades
convulsas,
cidades terribles,
de **pedramol**.
No corazón hai sitio para todo..*

b) *esparto*

Esta palabra tampouco pode faltar en ningún libro de Fran Alonso. Esta vez podemos ler sobre as cidades de ‘esparto’ (Alonso, 2005: 41):

*Eu vivín nunha cidade de iogurt
con rúas de marmelada,
e edificios doces coma caramelo.
E nunha de ladrillo
con rúas de cemento,
e edificios fríos coma o vento.
E nunha de **esparto**
con rúas de manteiga,
e edificios porosos coma feno.
Eu vivín en todas partes,
habitante do tempo..*

c) *lapas*

Outra palabra que xa apareceu en *Tortillas para os obreiros* e no mesmo contexto que en *Males de cabeza*. “Os edificios péganse coma lapas” parece ser tamén descrición de Vigo (Alonso, 2005: 34):

*Os días de vermello na cidade
inflámase o ceo enormemente,
ponse tenso o aire,
os edificios péganse coma **lapas**,
e no azul do sol,
devorado polo atardecer pálido das rúas,
nace unha cousa estraña
que se apousa sobre o asfalto:
coma unha beleza inmensa
que non hai palabra ningunha
capaz de describila..*

A palabra ‘malembe’ e a expresión ‘auga gorda’ son outras que teñen en común *Males de cabeza* e *Cidades* pertencentes ao vocabulario ‘cosmofrán’, pero falaremos delas no capítulo terceiro deste traballo.

1.3.2 Referencias aos poemas de *Cidades*

As referencias que hai en *Males de cabeza* aos poemas de *Cidades* son: lugares, personaxes, expresións e poemas levados á narrativa. Os seguintes capítulos teñen elementos autointertextuais procedentes de libro de poesía infantil *Cidades*.

“Economía de guerra”

Este relato, na versión da colección Narrativa de Xerais, comeza dicindo “Entrou na Cafetería Tropical”, pero na versión de *La Voz de Galicia*, que é a última edición en galego, o autor cambiou o nome de “Cafetería Tropical” a “Café Tropical”, para que coincidise co nome dun poema de *Cidades*.

“Economía de guerra” (Alonso, 2002a: 41):

*Entrou no **Café Tropical**, pediu un cortado na barra e foi sentar a unha mesa.*

A descrición da cafetería no poema de *Cidades* (Alonso, 2005: 25):

*Na cafetería hai flores
de plástico que medran e se enredan
e soben ata o teito
e forman unha selva
e atravesan a barra
apousentándose nas mesas e gabeando
sobre a caixa rexistradora.
Medran coma xirafas e nunca devoran
os clientes porque son artificiais.
O local chámase **Café Tropical**.*

“Bartolo, o tolo”

O relato “Bartolo, o tolo” fai referencia a un personaxe de *Cidades*. Ao narrador do relato tamén lle chaman Bartolo e el mesmo defínese como “un tolo triste”.

(Alonso, 2005: 27):

*En tódalas cidades hai historias que contar.
Na miña, podería contarvos
a historia dun tolo triste,
que se amarra cunha corda ós semáforos,
e fala con eles.
Os domingos dille a todo o mundo
que marcha de viaxe.
E vai á estación,
a ver saír o tren,
e logo volve ó semáforo,
a conversar.*

*Bartolo é un triste tolo,
un tolo louco semaforico.
Cando lle falasponse colorado.
Cando che falaponse verde.
Cando conversa co semáforo pónenselle*

*ollos laranxa intermitente, ollos
de Bartolo, o tolo..*

“A tolemia é un **sombreiro (10)**”

Entre as liñas citadas abaixo do capítulo breve “A tolemia é un sombreiro” (Alonso, 2001a: 75):

Agora, cada vez hai máis épocas estrañas e calquera podería descubrir que os cans son tolos que lamben as cidades, embobados, cando as moscas baixan soas ó suicidio do inverno. Se non, ¿por que os cans lamben as cidades, embobados?

hai versos incorporados do seguinte poema de *Cidades* (Alonso, 2005: 30):

*Hai épocas estrañas.
Os cans lamben as cidades,
embobados.
As moscas baixan soas ó suicidio do inverno.
Desaparecen as cores do porto,
as veas dos barcos,
a substancia dos soños.
Os coches fanse todos grises.
E chegan as chuvias, lentas.
¿Por que os cans lamben as cidades,
embobados?.*

“A tolemia é un **sombreiro (12)**”

En “A tolemia é un sombreiro (12)” tamén atopamos versos incorporados dun poema de *Cidades*.

“A tolemia é un sombreiro (12)” (Alonso, 2001a: 103):

Cando eu non era gato e habitaba a cidade, sentía que a urbe estaba feita de sangue de figo, producía berros de cristal e os que habitabamos nela tiñamos vertixes de menta; entón as rúas doían e semellaban culleres, así de estrañas..

A descrición da cidade no poema de *Cidades* que está abaixo é case igual (Alonso, 2005: 33):

*A cidade é de sangue
de figo
Produce berros de cristal
que chegan ó epicentro do meu corpo.
Os que alí habitamos
temos vertixes de menta
e sentimos os semáforos
que ferven de dolor.
É cando as rúas doen
e parece que son coma culleres,
así de estrañas..*

“O ceo amarelo”

No final do relato “O ceo amarelo” cando se fala de ‘chuvia de fideos’, faise tamén una referencia a un poema de *Cidades*, que fala de ‘chuvia de fideos’.

“O ceo amarelo” (Alonso, 2001a: 109):

*De súpeto, ocorreu, comezou a chover. Caeu unha intensa **chuvia de fideos**, grosos, amarelos, casambuleiros. Era fantástico. **Unha chuvia de fideos**. Perdín o medo inmediatamente. Sabía que se trataba só dunha **chuvia de fideos**. Así que era iso, que eu non tiña hepatite ningunha..*

(Alonso, 2005: 21):

***Cando chega a chuvia
parece de fideos.**
Na cidade chove en amarelo,
e cando chove nada se ve.
A min gústame correr baixo a **chuvia de fideos**,
e sentir como me enchoupan o pelo,
como me mollan os pés de amarelo,
e como saben a canela e azafrán.
E logo gústame marchar para a cama
a soñar co seu sabor ata que sae o sol..*

“Cousas do intestino”

En “Cousas do intestino” a expresión “elefante ferido” alude a un poema de *Cidades*. (Alonso, 2001a: 128):

*Cando o concerto remata estás extenuado, esgotado; todas as forzas do corpo se che van pola boca para fóra mentres bailas sobre os manteis coma un **elefante ferido**..*

Cando en *Males de cabeza* a expresión de “elefante ferido” se refire á xuventude bailando, neste poema de cidades é a descrición de camións que entran na cidade. (Alonso, 2005: 22):

*Os camións entran na cidade
pola estrada principal
abaneando
o seu corpo torpe
de **elefantes feridos** buscando malembe.
Gústame velos no porto,
ó atardecer,
enchendo de sardiña
os seus estómagos baleiros..*

1.4 Referencias en *Males de cabeza* ao poemario *Subversións*

Este poemario máis novo publicado por Fran Alonso en Galicia (o máis novo é *Balada solitaria* publicado en 2004 en Portugal) é un verdadeiro tesouro, onde atopamos moitísimo vocabulario ‘cosmofrán’ que aparece tamén en *Males de cabeza*. Alén das palabras que xa apareceran nos libros mencionados arriba, temos as novas como ‘wolof’, ‘forzatroz’ e moitas máis que teñen procedencia diversa.

a) *pedramol*

A palabra ‘pedramol’ coa súa variante en forma de adxectivo, ‘pedramólico’, aparece en *Subversións* cinco veces. O primeiro poema, onde a atopamos dúas veces, titúlase “besmelh, filla da nube”.

“besmelh, filla da nube 2” (Alonso, 2001d: 21):

... Besmelh adormece

*no colo tépedo dunha muller
grosa. que baila. que ri. que canta.
que nas beiras enormes dun río de area
di hasanía, pronuncia gaaf, emite yu-yus, debuxa oued
dunha billa **pedramólica**
hai no vertedeiro
unha billa de lixo. azul ...;*

“besmelh, filla da nube 4.” (Alonso, 2001d: 25):

*... Ma El Ainin, alma miña, asiste ao teu pobo exiliado,
cúbrego de dátiles, inxéctalle **pedramol** na barricada
e fai que o tretremi atroz das nosas vísceras
nos dea
Territorio Liberado..*

O seguinte poema no que aparece o ‘pedramol’ é “a guerra, vertedeiro abaixo” (Alonso, 2001d: 39):

*... Coma un lobby asilvestrado, o engrudo fariñento
que a paz multinacional, xenerosa, lanza entre
estoupidos
contra as pontes de belgrado tamén catapulta **pedramol**,
e vai fervendo sangues, racismo e foupa nas miradas,....*

Despois, a palabra clave da obra de Fran Alonso, atopámola en forma de adxectivo no poema “galegonía” (Alonso, 2001d: 57):

*... a ti amárrome cando naufrago, a ti
sabor guaracuíá, pero contra ti atila,
atila que tatexa integrista e provinciano **pedramólico**.*

O último poema no que aparece a palabra ‘pedramol’ titúlase “galicia” (Alonso, 2001d: 66):

*... Pouco nos importa o teu estado, aínda que a preñez apuntase
solucións; abondaría con que aprendeses a ser a madriña
de brancaneves. Espreguízate, levas sangue do corvo,*

almibarado
*nas túas veas resesas, vella, e as espullas de **pedramol***
cómenche o corpo
por moito que nas festas patronais lances os foguetes
contra os deuses.

Como no caso doutros libros, a palabra ‘pedramol’ está usada en diversos contextos, sempre gañando outro significado, ou mellor, outra imaxe no cerebro do lector.

b) esparto

Outra palabra que poderíamos chamar “inseparable” da obra de Fran Alonso, aparece en *Subversións* en tres poemas.

O primeiro é “besmelh, filla da nube 5” (Alonso, 2001d: 27):

A lúa asoma tras as jamais de Smara.
Besmelh Haumdi espeta os
seus ollos
negros
*nunha nena de **esparto** azul.*
Sete veces violada.
Sete veces sete
asasinada.

O segundo poema no que aparece, o autor chega a crear outro neoloxismo, ‘neoesparto’:

“milenio” (Alonso, 2001d: 15):

... esa cascuda vermella que se nos instala no cerebro,
*cos nervios de **neoesparto**, topónimo que abunda*
na xeografía do corponoso, liña a liña no milenio milenísimo,

O último poema de *Subversións* coa palabra ‘esparto’ é “galicia” (Alonso, 2001d: 63):

...Hai un país, íntimo e ferinte, país que nos cicelou as chagas
entre néboas difusas e ilusorias. Corpo estrábico,
lugar das vísceras onde se escoitan líquidos amargos;

*el definiunos, moldeounos, co seu ubre milenario
de dolmens de **esparto**, foi catecismo, dogma a acto da fe,
foi o noso revulsivo, o peliqueiro que abría o seu estómago
contra o mar. Nós somos el. El é nós e non é nada. País
chamado
Galicia, cemento fresco, longa lingua de caolín: hoxe
esconxurámoste.
E, ademais, cuspiamos sobre ti, como vellos amantes,
con esa forza irredenta que dan os anos e a paciencia.....*

c) lavañeira

En *Subversións* está empregada a palabra ‘lavañeira’, que antes atopamos en *Tortillas para os obreiros*, en dous poemas.

O primeiro é “periferia” (Alonso, 2001d: 45):

*... esa verdade, a única verdade é que existimos, que somos,
perfecta periferia onde arrecende a **lavañeira**, poteiras
que debuxan a nosa cartografía mindelense, peixe serra
que comigo es yin e contigo son yan,*

O segundo titúlase “galegonía” (Alonso, 2001d: 58):

*... senón o que a miña lingua mestiza,
seseante e predosal inxectará na galegonía,
morte amarela, onde perecerá cafofo
e vivirá ese velarido que a **lavañeira** emite,
linguana, animal oral, xigubo que estoupa....*

d) vitrocerámica

A palabra ‘vitrocerámica’, que tamén coñeceramos antes en *Tortillas para os obreiros*, aparece nos seguintes poemas de *Subversións*:

“besmelh, filla da nube 4.” (Alonso, 2001d: 25):

*Ma El Ainin, Califa do deserto,
sabio entre os sabios,
fillo de Mahoma,*

*eu invócote no meu nome
de area, onde me din Besmelh Haumdi,
e son filla de caravaneiro, nacida nun frig,
educada entre o siroco,
con forza abonda para converterme en
vitrocerámica sísmica, auga gorda que almaceno
na epiderme, berros no embalo,
osíxeno, algodón e
unha lanza longa contra o corazón do putrefacto
invasor. ...;*

“insubmisión” (Alonso, 2001d: 31):

*... Soubéchelo,
como se aforcou á luz da lúa, contra os ferros
da liteira. Enfebrecido, **vitrocerámico**. ...;*

“periferia” (Alonso, 2001d: 45):

*... O silencio é arrabaldo na terra, esa corda de sol só se
as ovellas de cymru falasen de seu, funaná, soquerón
de antecedente quechua, papagaio de arroz; quéntanos
a **vitrocéramica** dos moleques, as mamas dunha muller
virxe, un caranguexo espeso, o azucre dos casulos,....*

e) bestelleiro

Outra palabra relacionada con Galicia que en *Males de cabeza* fai referencia á Secuencia B de *Tortillas para os obreiros* está presente tamén no poema de *Subversións* titulado “galicia” (Alonso, 2001d: 67):

*... conxura o futuro contra o vómito amarelo. Ese neno que
soñaba non sabe
enredar no estrume, vella, está a debuxar círculos
concéntricos nos ollos
dun **bestelleiro** e sorrí coma un lexicú na escuridade.*

f) *forzatroz*

‘Forzatroz’ é unha das palabras inventadas por Fran a partir de “forza” e “atroz”. En *Males de cabeza* aparece no relato “Cousas do intestino” (Alonso, 2001a: 131):

*E de seguido eliminei aquela finxida rixidez da miña expresión e boteime a rir esaxeradamente, con **forzatroz**, coma se quixese darme ante ela unha importancia que non teño. Non debeu ser moi natural..*

A expresión ‘con forzatroz’ en *Males de cabeza* está traducida ao polaco como ‘silokrutnie’ creada a partir de palabras ‘siła’ e ‘okrutnie’.

En *Subversións* a palabra ‘forzatroz’ aparece no poema “periferia” (Alonso, 2001d: 43):

*...indentificándonos mandingas, harare, para que unha estrela de luz encha o kalahari de rosas de area, e cuspimos con **forzatroz** sobre o tarrafal colonizador, esa reivindicación que sae de dentro, maldito centro, das tripas de sandra....*

Cómpre engadir que outras palabras que aparecen en *Males de cabeza* formadas a partir de dúas palabras diferentes son:

Abricar

O verbo ‘abricar’ inventado por Fran Alonso a partir das palabras ‘abrazo’ e ‘bico’, ten o significado intenso desas dúas palabras conxuntamente: é un abrazo con bicos. Este verbo en *Males de cabeza* aparece conxugado no relato “O fareiro” (Alonso, 2001a: 168):

*Logo achegouse a el e abrazouno, **abricouno**, aloumiñouno, bicouno e consolouno..*

En polaco ‘abricouno’ está traducido como ‘uścis(k)ałowała’ das palabras ‘uściskać’ e ‘całować’ que nos dá o infinitivo ‘uścis(k)ałować’.

Embebeliz

‘Embebeliz’ é unha palabra inventada polo autor a partir doutras dúas: ‘bébedo’ e ‘feliz’. En *Males de cabeza* aparece no relato “Cousas do intestino” (Alonso, 2001a: 128):

*As rúas estaban inzadas de xentío, sobre todo ás portas dos pubs e dos locais improvisados para a ocasión, e nas beiras amontoábanse as latas de cervexa baleiras, esmagadas, machucadas, desfeitas. A peña berraba e cantaba sen lle importar a chuvia, **emebeliz**..*

Na tradución ao polaco ‘emebeliz’ é ‘podchmielśliwa’ formada das palabras ‘podchmielona’ e ‘szczęśliwa’.

Perfumegante

‘Perfumegante’ é outra invención de Fran Alonso a partir de ‘perfume’ e ‘fumegante’. En *Males de cabeza* aparece tamén no relato “Cousas do intestino” (Alonso, 2001a: 131):

*Estivemos os dous así, a rir, porque ela me seguía o xogo, eu cada vez máis bébedo e ela con aquelas tetas puntiagudas enchoupadas no lúpulo pegañento, que lle debeu deixar **perfumegante** a lencería e a súa pel de cerva..*

En polaco a expresión ‘deixar perfumegante’ está traducida como ‘uperfdymować’ de ‘uperfumować’ e ‘dymić’.

Vomiturais

Tamén a palabra ‘vomiturais’ está inventada a partir das palabras ‘vómitos’ e ‘guturais’, de xeito que os ‘ruídos vomiturais’ teñen un significado forzado. En *Males de cabeza* aparece tamén no relato “Cousas do intestino” (Alonso, 2001a: 134):

*Alguén estaba a vomitar de forma noxenta. Quen se atopaba alí parecía botar a vida pola boca para fóra: enchíao todo cos seus ruídos **vomiturais**, estremecedores..*

A palabra ‘vomiturais’ na tradución de *Males de cabeza* ao polaco é ‘wymiotogardłowymi’ de ‘wymioty’ e ‘gardłowe’.

Peganoxenta

A palabra ‘peganoxenta’ foi inventada por Fran Alonso a partir de dúas palabras: “pegañenta” e “noxenta”. É outra palabra do relato “Cousas do intestino” de *Males de cabeza* (Alonso, 2001a: 134):

*Unha masa líquida, húmida e **pegañoxenta**, avanzaba cara ó meu territorio.
Aquel ghicho anónimo non daba parado de trousers..*

Na versión polaca está traducida como ‘lepko**brzydliwa**’ das palabras ‘lepka’ e ‘obrzydliwa’.

No capítulo terceiro deste traballo falarei doutras palabras do vocabulario ‘cosmofrán’ que teñen en común *Males de cabeza* e *Subversións*. Estas son: ‘cazumbi’, ‘cacimbo’, ‘bembón’, ‘cafofo’, ‘mulemba’, ‘moleque’, ‘casambuleiro’, ‘talolinga’, ‘auga gorda’, ‘pedramarrada’, ‘wolof’.

2. Autointertextualidade na narrativa de Fran Alonso a partir de *Males de cabeza*

En *Males de cabeza* podemos observar tamén moitas referencias aos libros da prosa escritos por Fran Alonso. Nos libros publicados anteriormente xa apareceran algúns motivos, lugares, personaxes e as súas historias, os mesmos fragmentos dos textos, expresións e o vocabulario ‘cosmofrán’, presente na maioría das obras literarias do autor. En *Males de cabeza* hai referencias aos seguintes libros da narrativa de Fran Alonso:

Tráiler, novela publicada no ano 1991 que desde un punto de vista innovador narra a vida dos camioneiros galegos nas estradas españolas e europeas. Recibiu o Premio Branco Amor.

Cementerio de elefantes, libro de relatos que poderían formar unha novela, publicado no ano 1994, ambientado na urbe, presenta os motivos inseparables da vida, como a soidade, a frustración, os problemas sociais ou a incompreensión.

Silencio, novela breve publicada no ano 1995 que ofrece unha ollada ao mundo do xornalismo e á vida urbana.

O brillo dos elefantes, publicado no ano 1999, ilustrado por Luis Castro Enjamio, que a través da narración dun neno de Centroamérica nos acerca os problemas da guerra, da fame e a vida da xente do Terceiro Mundo, tan distinta á occidental.

Non obstante, as conexións na obra de Fran Alonso son múltiples e algúns motivos aparecen tamén nas obras publicadas posteriormente a *Males de cabeza*. Estes libros son:

Cartas de amor, publicado no ano 2006, é un conxunto de relatos en forma epistolar cun título máis ben enganoso porque as historias son moi tristes, onde o amor non é nada máis que o motivo polo que as mulleres escriben as cartas.

“O día das torres”, relato publicado no volume *Materia prima. Relatos contemporáneos 2002*, no que están recollidos relatos dos autores galegos máis representantes da última década do século XX.

“Café virtual”, relato para nenos publicado no volume *Historias para ler e mirar* en 2007 en conmemoración do Día Internacional do Libro Infantil.

2.1 Referencias en *Males de cabeza* á novela *Tráiler*

Fran Alonso en *Males de cabeza* fai tamén referencias á súa primeira novela publicada no ano 1991 titulada *Tráiler*, que recibiu o Premio Branco Amor de novela. Dende este libro, os camioneiros e as estradas son constantes na maioría dos libros do autor; eses motivos tampouco deixan de estar presentes en *Males de cabeza*. Mesmo hai unha referencia ao lugar do que se falaba moito na novela: a pensión de Claudia, en Chioggia, Italia.

2.1.1 Referencias á novela *Tráiler*: motivos de camioneiros, tráileres, autoestradas

Segundo o autor, os camioneiros, os tráileres, a expresión da “liña branca da estrada” nos libros de Fran Alonso fan referencias a *Tráiler*. Os exemplos destes motivos observámoslos en varios fragmentos de *Males de cabeza*.

“O Bar de Sam”

Neste relato, amais das descrições dos camioneiros que paran no Bar de Sam, tamén está presentada a imaxe da vida que levan os camioneiros, que se apropian do mundo e teñen un amor en cada lugar.

“O Bar de Sam” (Alonso, 2001a: 79-80):

Eu, sentado na bancada da praza, canda os vellos da vila, vendo pasar tráilers. Sucédense as imaxes, pero eu estou sempre no mesmo punto da praza, inequivocamente sentado na mesma posición, e agora chove, agora neva, agora anoitece, agora vai frío, agora calor, agora é mediodía, agora poalla, mentres cambian os camiós de fondo, que son distintos, porque os que xa pasaron desaparecen para nunca xamais. Eu, a ver para os tráilers, coma unha estatua, a ver como pasan, como roncan e fungan, como atravesan o centro da vila, como se resenten cando se deteñen no semáforo. Eu, esperando que un día aparecese Elsa ó volante dun deles e desde a ventá me berrase, veña, ímonos. E enfilásemos rumbo a París, ou a Casablanca, e non regresásemos nunca. Miro para eles e cáeme a baba, pois penso que quixera ter sido camioneiro para poder apropiarme do mundo e sentir que me espera un amor en cada destino..

“O Bar de Sam” (Alonso, 2001a: 80):

Farián falta moitos camiións para poder filmar unha película deses cinco anos, tantos que case sería imposible. Habería que empezar a recrutar camioneiros no Bar de Sam, onde paran moito a tomar unha copa, a falar coas rapazas, a ver algunha película ou a escoitar a actuación dalgún xenio local. Non sei cómo lles pode gustar un local tan burdo coma o de Sam; claro que os camioneiros son tipos brutos e violentos, e debe ser por iso polo que Sam pon películas brutas e violentas..

“O Bar de Sam” (Alonso, 2001a: 83):

Entreí. Os camioneiros bebían cervexa, na barra, amarrados ás nenas (os camioneiros sempre beben cervexa, por aforrar; ou todo o máis cubalibres), e os clientes ocasionais estaban todos alí, sen faltar ningún, ocupando as mesas e circulando pola sala, animados pola música dun acordeón que facían soar uns tipos no escenario e, sobre todo, pola algarabía do xentío..

“A tolemia é un sombreiro (13)”

Tamén nun dos capítulos curtos de *Males de cabeza* atopamos a referencia aos camioneiros.

“A tolemia é un sombreiro (13)” (Alonso, 2001a: 111):

Disecións semellantes, pero con análises diferentes, poderíamos levar a cabo con distintos habitantes do mundo exterior; co cerebro dos camioneiros, que agochan un fluído azul que se move a través dun cable á velocidade da corrente eléctrica;.

“05 AM (Vigo)”

Neste relato de *Males de cabeza* hai un momento no que podemos notar unha especie de unión entre outra novela de Fran Alonso, *Silencio*, (véxase [Referencias á novela Silencio](#)) e *Tráiler*, na escena na que os nenos procedentes de *Silencio* entran “na gabarra dun tráiler que estaba alí aparcado.”

“05 AM (Vigo)” (Alonso, 2001a: 144):

Desde alí puiden ver como toda aquela ringleira de rapaces clónicos saía da porta da pensión e, a través dunha rampa que alguén colocara alí, sen

interromper o seu ritmo, ía entrando na gabarra dun tráiler que estaba ali aparcado..

Alén diso, hai outra referencia á vida familiar dos camioneiros, que nunca están en casa.

“05 AM (Vigo)” (Alonso, 2001a: 140):

... –¿Teus pais sábeno? –preguntoulle a voz.

Ela quedou en silencio uns instantes. A súa mente estaba confusa, pero podía intuír que se quería salvar a vida do seu mozo e saír daquela máis lle valía ser sincera.

–Á miña nai díxenlle que ía durmir á casa dunha amiga. Meu pai é camioneiro e case sempre está de viaxe.

“O fareiro”

No relato “O fareiro” hai dous motivos que remiten a *Tráiler*. O primeiro é o camioneiro que, segundo o fareiro, é o suposto amante da súa muller Candela.

“O fareiro” (Alonso, 2001a: 166-167):

Desde que se convencera de que, seguramente, non era ela a que ía a casa do amante senón o amante o que se deitaba con ela na súa propia casa (esa horrible idea mareábao só de imaxinala), obcecábase sentindo que ó longo das súas horas de soidade aquel mar de merda reflectía no seu rostro todo o fastío salgado que lle era consubstancial, e déralle por matinar na posibilidade de que non fose o mariñeiro o culpable da infamia á que Candela o sometía senón un camioneiro da zona, amigo de seu, en quen confiara e a quen el mesmo convidara varias veces á casa a tomar uns wiskis pola noite..

O segundo son as frases que conteñen a expresión “a liña branca da estrada”. Como di Fran Alonso: “Emprego con certa frecuencia a imaxe da liña continua ou da liña branca da estrada en diversos libros.”

“O fareiro” (Alonso, 2001a: 170):

Coa pel electrizada, incontroladamente neurótico, cazumbi, volveu coller o coche, a máis velocidade que nunca, levitando coma un espírito por riba da liña

branca da estrada, e cando chegou tremíalle o corpo coma un cefalópodo nervioso, sobre todo polo que os seus ollos descubriron. O tráiler do seu amigo o camioneiro, o amante de Candela, estaba aparcado á porta da súa casa..

“O fareiro” (Alonso, 2001a: 165):

Aquel día colleu o coche e, cos nervios a flor de pel, conduciu ata a vila de forma irracional e vertixinosa, avanzando coa liña branca da estrada entre as dúas rodas..

“Persecución”

Na Secuencia A do relato “Persecución” a alusión da viaxe en camión á pensión de Claudia en Chioggia, Italia, remite a *Tráiler*, onde se fala moito dese lugar, que se converte na novela nun dos referentes míticos dos personaxes.

“Persecución” (Alonso, 2001a: 158):

O individuo acaba de volver dunha intensa viaxe en camión ata un lugar de Italia chamado Chioggia, onde se hospedou na pensión dunha tal Claudia. Agora, no tranvía, sorri pensando nela. Saca do macuto un pao de chocolate que leva envolto en papel de prata e ponse a liar un canuto..

Sobre Chioggia fálase moito na novela, é o lugar ao que volven as lembranzas dos camioneiros en diferentes momentos do libro. A maioría delas refírese tamén ao personaxe Falcón, un dos camioneiros famoso, entre outros, do que falan moito os protagonistas da novela.

Abaixo hai lembranzas de Choggia dun dos camioneiros chamado Pepe que viaxaba desde Sevilla (Alonso, 1998: 184):

... Nin sequera lles deu unha botella de coñac; púxose a falar con eles e deixárono ir sen o multar. Sempre facía igual. ¿Qué lles dicía? Non o sei. Os franceses, sen embargo, eran moito peores, porque te subornaban eles na fronteira e despois esperábante nunha aduana ambulante. ¡Ah, Falcón, Falcón! Cando o Falconeti chegaba a Choggia e ía á pensión da Claudia non había italiana que non fose saudalo. Hai quen di que se casara cunha muller en Choggia, pero é mentira porque eu nunca lle souben nada diso. Aínda que unha vez lle preguntei sobre o asunto e non me quixo dicir. Paréceme raro. Alí tiña

moitas amigas. Unha vez chegara a montar un putiferio na cabina do seu camión. Metera dentro dúas boas italianas e el puxérase na porta, a cobrar a entrada, e disque, aínda que só che deixaba estar dez minutos dentro, saías marabillado, que mesmo houbo algún que repetiu dúas veces ou tres. Paréceme que fora o Xenaro quen entrara tres veces. Ou iso me contaron. ...;

(Alonso, 1998: 187):

... Pero é que xa cansa falar sempre do Falcón. Agora andan a dicir que estaba casado cunha muller en Choggia e con outra en Compostela, e iso non é certo, que eu nunca souben nada diso, e ademais en Compostela vive agora, que cando iamos a Italia vivía en Lugo, na rúa Río Neir, el é de alí. Daquela vivía en Lugo cunha muller, e separouse dela despois; e tiña outra en Barcelona, á que lle fixeran tres fillos. E sei, porque mo ten comentado, que andaba arrexuntado tamén cunha de Palencia. Andaba coas tres, o cabrón. Mais daquela podía, porque pasara un ano enteiro facendo a mesma rota, indo a Barcelona tódalas semanas, e ¡como Palencia lle quedaba de camiño...! Seica repartía o soldo entre as tres, pero como facía para apañarse non o sei. Coma os emigrantes. ¿Cantos emigrantes non hai en Suíza ou Francia que vivan cunha muller alá, e mesmo teñen fillos con ela, e teñen a outra en Galicia? E non era o Falcón só, que había unha chea de camioneiros que o facían, non é tan de estrañar. Máis espectaculares eran as esmorgas que lle armabamos á Claudia na súa pensión de Choggia.Ou as que pasei eu cando andaba embarcadonos mercantes. Gañaba un señor o soldo e non daba aforrado nada. ¡Todo o gastaba en mulleres e boa vida!....

2.2 Referencias en *Males de cabeza a Cemiterio de elefantes*

Cemiterio de elefantes, libro publicado por primeira vez no ano 1994, é unha verdadeira fonte de autoreferencias que fai Fran Alonso en *Males de cabeza*. Aí nacen algúns personaxes, relatos e tamén atopamos algunhas palabras do vocabulario ‘cosmofrán’.

2.2.1 Vocabulario ‘cosmofrán’ en *Cemiterio de elefantes*

Nos relatos de *Cemiterio de elefantes* hai palabras do vocabulario ‘cosmofrán’ que xa foran comentadas no caso dos libros de poesía, que son: ‘pedramol’, ‘esparto’, ‘lapa’,

‘lavañeira’, ‘bestelleiro’, e tamén hai outras que serán comentadas no capítulo terceiro deste traballo: ‘malembe’, ‘cazumbi’, ‘cafofo’, ‘mulemba’.

a) pedramol

A palabra clave na obra de Fran Alonso aparece tres veces en *Cemiterio de elefantes*. Dúas veces no relato “12 AM”. A primeira vez no seguinte fragmento:

“12 AM” (Alonso, 2007a: 14):

*... Só con pensar en que ao día seguinte volvería velo ao chegar ao traballo, aparecíaseme o seu rostro enchéndome as vísceras de aceite. Sentín unha náusea grande que me invadiu o corpo e me produciu arcadas. Aínda me andas no tempo de **pedramol**, Rosi, como todos os que vides da aldea, rosma sempre coa boca entreaberta o moi porco.*

Despois atopámola no mesmo relato xunto con outra palabra emblemática da súa obra, ‘esparto’:

“12 AM” (Alonso, 2007a: 21):

*... Imaxinei que lle esfregaba os ollos con **esparto** ao Esmagamoscas. Con **pedramol**.*

A última vez ‘pedramol’ aparece no relato “05 AM”, tamén xusto a ‘esparto’:

“05 AM” (Alonso, 2007a: 82):

*... Precisamente nese intre de acougo, cando o remate da escena permitira a volta á normalidade do seu sistema nervioso, aínda coa boca amarga e a lingua inchada como de arrepío e **pedramol**, **esparto** e leite condensado, antes de que unha nova secuencia entrase apropiándose do seu cerebro, nin tempo tivo de se decatarse de que uns brazos fortes o immobilizaban, desarmándoo, ao tempo que outro individuo se lle plantaba enfronte dos narices, fóra da pantalla, apuntándolle cunha arma.*

b) esparto

Amais das dúas veces onde atopamos esta palabra xusto a ‘pedramol’ nos fragmentos citados arriba dos relatos “12 AM” (Alonso, 2007a: 21) e “05 AM” (Alonso, 2007a: 82), atopámola tamén nos dous seguintes fragmentos:

“12 AM” (Alonso, 2007a: 18):

*... Entretanto, o pensamento conducíame inexorablemente ao Esmagamoscas. Chamámoslle así ao encargado, un noxento afeccionado a apañar as moscas ao voo e exterminalas baixo a presión do dedo polgar da man dereita. O ghicho, aínda por riba, tenme o ollo botado, e as súas continuas insinuacións deprímenme tanto que cada vez me amarga máis cumprir co meu traballo do supermercado. Ultimamente xa non me saca os ollos das tetas. Ás veces véñenme ganas de llos esfregar con **esparto** até lle facer sangue no iris. ...;*

“07 AM” (Alonso, 2007a: 107):

*...Fainos vibrar, coma un enxame desorbitado. Ás veces pensaba que debeu ter amarrado a vida polo pescozo. Dominala. Amoldala a si mesmo. Sen **esparto**, sen úlceras, neuronas. Psicoticamente, el mesmo amarrala, prendida, moldeada tal plastilina.*

c) lapa

Unha das palabras do ámbito mariño está presente tamén no relato “05 AM” (Alonso, 2007a: 79):

*...A humidade da igrexa aquecía nas pernas, coma unha **lapa**, prendendo na pel e rubindo pantalón arriba, coma un coitelo incandescente. A carriza medraba entre pedra e pedra, formando unha verdadeira alfombra sobre o chan. A igrexa, desatendida, parecía tenebrosa, seguramente mesmo para as ducias de turistas que durante o tempo de verán (e de día) acudían alí.*

d) laveñeira

Outra palabra relacionada co ámbito mariño aparece no relato “12 AM” (Alonso, 2007a: 21):

*... Novamente tiven frío nas pernas. A circulación do sangue tensouseme , por momentos. A cidade electrizoume coma unha **laveñeira**: ás veces é para min un medio hostil. pero fascinante.*

e) *bestelleiro*

A palabra ‘bestelleiro’ relacionada con Galicia, presente en outras obras de Fran Alonso, por exemplo o personaxe da Secuencia B de *Tortillas para os obreiros* é un ‘bestelleiro’, tamén esta presente en dous relatos de *Cemiterio de elefantes*:

“12 AM” (Alonso, 2007a: 21):

*...Tiña un estraño padal agridoce. Coma a paixón fatal dos **bestelleiros** por determinadas eguas. Ou polas vacas. ...”;*

“07 AM” (Alonso, 2007a: 107):

*... Puido ser camioneiro garrido, vello lobo de mar, pastor da sabana, **bestelleiro**, indio no amazonas, todo menos si mesmo, apicultor de merda, tremor de tremores.*

2.2.2 Referencias aos relatos de *Cemiterio de elefantes*

As referencias e conexións entre *Males de cabeza* e *Cemiterio de elefantes* son moitas. Os dous libros teñen unha estrutura parecida de libro de relatos que se unen de xeito que forman case unha novela, mais seguen sendo relatos que poden funcionar por separado. En *Males de cabeza* hai xogos espaciais con *Cemiterio de elefantes*: en *Males de cabeza* hai un relato titulado “05 AM (Vigo)”, mentres que o único relato de *Cemiterio de elefantes* que non está ambientado en Vigo senón en Santiago é “05 AM”. Como di o autor: “En *Males de cabeza* retornei, ironicamente, a corrixir a ruptura espacial do libro anterior”. Alén diso, hai tamén os mesmos personaxes e mesmo relatos que nacen en *Cemiterio de elefantes*.

“A señora Lola”

Como xa fora dito, este relato que se desenvolve nos poemas da Secuencia A de *Tortillas para os obreiros*, naceu en *Cemiterio de elefantes*, por iso en “A señora Lola” podemos observar moitas referencias a este libro. Esta son: fragmentos case iguais nos textos, personaxes procedentes de diferentes relatos de *Cemiterio de elefantes* e a expresión ‘andar á viruta’.

O inicio do relato

O inicio do relato “A señora Lola” é o mesmo texto que o final do último relato “08 AM” de *Cemiterio de elefantes* pero cambiado de tempo verbal (pasado en *Cemiterio de elefantes* a presente en *Males de cabeza*), a fin de conseguir a continuidade do relato.

“A señora Lola” (Alonso, 2001a: 53):

Amence. As xentes conducen velozmente os coches, aínda coas luces prendidas, cara ós seus postos de traballo. Unha luz loura e neboenta érguese sobre o Berbés e non permite distinguir con precisión os contornos dos edificios, que se amontoan uns contra outros coma lapas brancas. As gaivotas sobrevoan o porto, pousándose sobre os tráilers, sobre os colectores do lixo e sobre as caixas e os restos de peixe do chan. O mar, picado, resplandece verde, esmeraltado. Entra no peirao o barco de Cangas. Unha muller brinca a terra e diríxese, peirao adiante, cara ó bar onde traballa. En media hora estará a facer tortillas para os obreiros..

“08 AM” (Alonso, 2007a: 119):

... Amencera. As xentes conducían velozmente os coches, aínda coas luces prendidas, cara aos seus postos de traballo. Unha luz loura e neboenta erguíase sobre o Berbés e non permitía distinguir con precisión os contornos dos edificios, que se amontoaban uns contra outros coma lapas brancas. As gaivotas sobrevoaban o porto, pousándose sobre os trailers, sobre os colectores do lixo e sobre as caixas e os restos de peixe do chan. O mar, picado, resplandecía verde, esmeraltado. Entraba no peirao o barco de Cangas. Unha muller brincaba a terra e dirixíase, peirao adiante, cara o bar onde traballaba. En media hora estaría a facer tortillas para os obreiros.

andar á viruta

A expresión ‘andar á viruta’ no relato “A señora Lola”, que apareceu tamén na Secuencia A de *Tortillas para os obreiros*, procede do relato “01 AM” de *Cemiterio de elefantes*, que é onde a inventou o autor. No seguinte fragmento a señora Lola describe o seu home coa expresión ‘anda á viruta’.

“A señora Lola” (Alonso, 2001a: 54):

*Pero é que tamén está farta do seu home, aínda que a súa relación con el non sexa peor do que sempre foi. El **anda á viruta**. Desde o botaron da fábrica, hai uns anos, anda á viruta. Tan á viruta anda que xa nin se preocupa de buscar traballo. Tampouco sente a necesidade de facelo. Para el a vida é coma un tren ó que se enganhou cando o viu pasar, no que viaxa sentado, e do que non baixará ata que chegue a término..*

O home da señora Lola non traballa, nin se preocupa por iso, igual que o home da muller que protagoniza o relato “01 AM” de onde procede a expresión ‘andar á viruta’.

“01 AM” (Alonso, 2007a: 30):

*... porque mire, voulle explicar, eu sonlle de aí de Cabral, e claro, o meu home **anda á viruta** –virou o corpo e sinalou para o coche-, e eu ando a traballar no campo, todo o bendito día de deus, que dos fillos ningún me bota unha man, e tampouco poden, traballan en Álvarez, ¿non sabe?, e daquela, traballando no campo todo o bendito día de deus, ás veces dou en me poñer mal,...;*

“01 AM” (Alonso, 2007a: 38):

*... -Ben. Vostede sabe que nós somos de alí de Cabral, ¿non é? Ben. Pois alí temos leiras, unhas onda a casa e outras noutros sitios, e traballámolas meu home e mais eu, eu máis ca el porque el **anda á viruta**, e temos tamén animais, témoslle galiñas, coellos e porcos.*

tipo obsesionado co ruído das abellas

No seguinte fragmento do relato “A señora Lola” fálase dun suicidio ao tirarse desde a ventá da casa.

“A señora Lola” (Alonso, 2001a: 55):

Hoxe hai novas no barrio que dan que falar. A xente comenta que un mozo se suicidou co mencer tirándose pola ventá da casa. Seica estivera na farmacia, de madrugada, pedindo tranquilizantes. Segundo os veciños, bisbea dona Leonor, a da mercería, vivía obsesionado co ruído das abellas. Á señora Lola parécelle lembrarse del, pois algunha vez fora tomar tortilla por alí, pero, a verdade, non entende como se pode matar un polo ruído das abellas cando hai razóns bastantes peores polas que morrer..

Refírese ao individuo obsesionado coas abellas, o protagonista que se suicida no relato “07 AM” de *Cementerio de elefantes*. Abaixo hai algunhas das citas que falan sobre o mozo no relato “07 AM” e despois un fragmento sobre o mesmo rapaz do relato “01 AM”:

“07 AM” (Alonso, 2007a: 101):

*... Incorporouse supetamente na cama. O zumbido arrepiante das **abellas** penetráballe os oídos, introducíndoselle polos tímpanos. Tiña o corazón desbocado, latexáballe descontroladamente. ... O zunido das **abellas** resoáballe dentro aínda, sen se poder librar del. Mirou para a caixa aberta do Lexatin 8. ...;*

“07 AM” (Alonso, 2007a: 105):

*... Tremía comido polo zunido das **abellas**, e arrepiaba pensando no seu retorno. No retorno dos cortizos e dos aguillóns. Dos zunidos e das vibracións. Non sería quen de resistilo, novamente. Sabíao, no antigamente de si mesmo. Coa dose máxima de lexatín, ou calquera sedante, halción, diacepán, miolastán, tranxilium, endolín, non soportaría o retorno das **abellas**...;*

“07 AM” (Alonso, 2007a: 107):

*... Supetamente incorporouse na cama, outra volta. Coma se debaixo das sabas se lle enchese todo de **abellas** saíndo da colmea, enxame de tolemia. Erguese a pancadas, defendéndose, cubrindo o rostro do horror das **abellas** que se pegan á funda do apicultor, que baten contra o mono, que inchan con vinte ou trinta aguillóns un nocelo descuberto nun descoido, e que se lle introducen polos ollos, ou parece que se lle introducen, todas co seu zunido vibrándolle no rostro porque a careta ten as mallas tan finas que non as distingue, a vista desfigúraas até eliminalas, e as abellas aparecen case sobre a pel, por iso el cuspe, inconscientemente, sen se decatarse, sobre as **abellas**, coma quen se defende da suor fría que lle anega o corpo todo. Tenlle pánico ao retorno das **abellas** porque sabe que desta vez non será quen.....*

E por fin o fragmento do relato no que o individuo se suicida:

“07 AM” (Alonso, 2007a: 108):

*Por iso cando xa a dor é tan grande, tan grande a desesperación e tanto o medo, os ollos furados por cincuenta mil aguillóns, a súa parva mente parvamente sacudida nas vertices da noite, nos z Unidos irracionais, por iso, por iso xa non sente nada, nada máis, porque non hai nada, máis alá do medo, por iso sente que se libera, que respira a ritmo, que volve ser si mesmo, coma no antigamente, corazón pausado, mente limpa, claridade, silencio, as **abellas** que desaparecen engulidas pola terra, mesturadas no mel doce que lle enchoupa os beizos, por iso non sente máis ca unha sensación pracenteira, ¿felicidade?, cando se ergue da cama, cando abre a ventá, cando brinca, cando se precipita, tan vertixinosamente, sobre a rúa. Por fin, pensou, amarrar a vida polo pescozo..*

O individuo aparece tamén no relato “01 AM” comprando tranquilizantes nunha farmacia “01 AM” (Alonso, 2007a: 34):

... Un home aínda mozo, cunha pequena calva no cocote, detívose diante da farmacia. Saudou a través do ventano. A muller volveu por fin ao coche e meteuse dentro.

-Tesme que dar un Lexatín 8 – dixo o da calva no cocote. Tiña os ollos tristes e a expresión cansa. Esperou baixo a chuvia, protexido cun paraugas, a que o farmacéutico regresase co que lle pedira. ...

...-Aquí tes – dixo a voz do boticario ofrecéndolle unha caixa empaquetada ao home.

-Oes Pepe, mañá tráioche a receita –contestou el facéndolle unha chiscadela-, é que me quedei sen tranquilizantes despistadamente e xa sabes o difícil que é vivir sen eles, nestes tempos. A ver se polo menos dou durmido esta noite.

O Portugués

A continuación do relato “A señora Lola” fálase do asasinato dun tipo chamado o Portugués.

“A señora Lola” (Alonso, 2001a: 55):

Máis tarde chega o patrón, que saíra a buscar cambio, desmentindo que se suicidase ninguén porque, segundo as novas que traía, fora en realidade un

asasinato. Dixéralle un taxista do Berbés que no porto de baixura mataran a coiteladas a un ó que lle chamaban o Portugués. Un chulo de putas. Logo, á porta do bar, un cliente veulle ó patrón co mesmo conto. É un ó que a señora Lola lle ten xenreira. O individuo, un albanel da construción, antes acudía todos os días a comer as súas tortillas ata que de repente comezou a mellorar visiblemente. Dun día para outro vestiu ben, mercou coche novo, fixo unha casa... e agora segue vindo case todos os días, pero traxeado e coa orela pegada a un teléfono móbil. A señora Lola, como todo o barrio, sabe que anda na fariña, e mesmo ten aparecido apaleado con varias malleiras por axustes de contas. Ela non pode ver ese aires de novo rico que se dá o tipo..

O Portugués é o mesmo personaxe que foi asasinado no relato “08 AM” de *Cemiterio de elefantes*.

Cómpre engadir que o personaxe que aparece neste fragmento, Lino, é un dos camioneiros que protagonizan a novela *Tráiler*.

“08 AM” (Alonso, 2007a: 109-110):

... Logo de tomar un café no Corazóns Solitarios, Lino, o camioneiro de Martin, botou o cigarro ao chan, fregou as mans para vencer o frío do mencer e entrou no frigorífico do camión para revisar a carga antes de emprender a viaxe. Foi entón cando o descubriu, estomballado sobre as caixas do peixe. Tiña ollos de pescada morta, grandes e abertos. Brillábanlle, acuosos, porque lle quedara a cabeza afundida entre o xeo picado e os fentos dunha caixa de rapantes. Todo o seu ombreiro esquerdo estaba enchoupado en sangue, e este correra entre as caixas, chan adiante, polo camión, tinguindo de vermello o xeo. Parte do sangue solidificara no frío, conxelándose ou abrindo coa súa morneza pequenas fendas entre o peixe. O cheiro forte dos chinchos, das fanecas, das acedías, dos linguados ou das sardiñas mesturábase co ulido pegañento e mesto de sangue, nalgúns lugares aínda quente. Entre asombrado e incrédulo, Lino apertou o nariz con desagrado e botou unha ollada ao seu redor, como querendo espertar daquel mal soño, e deseguido poder comezar a viaxe. Non obstante, só conseguiu unha brusca aceleración do seu ritmo cardíaco en canto descubriu, á súa esquerda e comido polo sangue, un coitelo dos que alí usaban para cortar o peixe. Sen poder afastar a súa mirada das pupilas acuosas do

morto, que semellaban dilatarse para ollalo a el, abandonou precipitadamente o camión. ...

No fragmento citado arriba, aínda que non se menciona o nome, como xa fora dito, fálase do asasinato do Portugués; iso está explicado nos seguintes fragmentos:

“08 AM” (Alonso, 2007a: 113):

...-¿O Portugués? –preguntou sen mirar para ninguén.

Houbo un silencio mesto. O camareiro mirou para ela e seguiu fregando vasos debaixo da billa. Todos preferían ignorar onde estaba ou que facía o Portugués. Sentíanse máis tranquilos sen a súa presenza.

-Tranquila, podes acougar que seica foi amañar unha mercadoría con alguén nos camións -respondeu o mariñeiro rindo burlescamente. ...;

“08 AM” (Alonso, 2007a: 119):

...-Non é por min polo que anda así.

-¿Polo Portugués? –preguntoulle o mariñeiro para lle tirar da lingua.

-¿Non lle viches o ollo denegrado?

-¿O Portugués? –volveu preguntar impacientemente.

-¿E logo?

Caneando as palabras entre a lástima e o sentimento de superioridade de quen se sabe a salvo, o mariñeiro advertiulle:

-Ándate con ollo. Se cadra apañas ti a seguinte.

O travestí pegou un inesperado brinco, abriu os ollos enormemente, esnaquizou con violencia o cigarro contra a madeira da barra e, rindo estrondosamente, dixo:

-Ese fillo de puta xa nunca máis pode facerlle dano a ninguén.

O mariñeiro escoitouno estrañado, distraidamente, porque Lino, o camioneiro de Marín, entraba pola porta pálido coma un morto.

Así que non quedan dúbidas de quen era o tipo asasinado. Amais, do asasinato do Portugués tamén se fala no relato “O día das torres” publicado no volume *Materia Prima* (véxase [“O día das torres” \(publicado no volume Materia prima\)](#)).

“A tolemia é un sombreiro (13)”

No capítulo breve “A tolemia é un sombreiro (13)” faise referencia á ludópata “Pantera”, un dos representante dos habitantes do mundo exterior.

“A tolemia é un sombreiro (13)” (Alonso, 2001a: 111):

Disseccións semellantes, pero con análises diferentes, poderíamos levar a cabo con distintos habitantes do mundo exterior; co cerebro dos camioneiros, que agochan un fluído azul que se move a través dun cable á velocidade da corrente eléctrica; co cranio basculante dos ludópatas como a Pantera, que na cidade ve subir as casas en muletas e descobre a figura dunha avestruz estirándose no vestibulo dalgunha Tragaperras;

A Pantera é un personaxe ludópata, unha muller que procede dun dos relatos de *Cemiterio de elefantes*. Coñecémola como persoa habitual do bar no que sucede o relato “03 AM” (Alonso, 2007a: 58):

... Xa onda a porta, con todo, séntese atraído polo luceiro da máquina tragaperras e a súa música infernal, que se confunde coa do pub. Pero a Pantera, esa especie de muller que vive pegada á máquina, mírao con receo e desconfianza, facéndolle saber coa ollada que a súa presenza, abeirado detrás das súas costas, lle molesta enormemente. ...;

... Miro fugazmente á Pantera, - Tonibarman e mais eu chamámoslle así a esa muller porque un día nos aclarou que o seu irmán é boxeador e que por tal motivo debíamos ser respectuosos con ela- que só interrompe o seu romance coa máquina para cambiar billetes cincomil ou, como nesta ocasión, para ir ao baño, e o do baño

“Hamburgo, tan íntimamente”

O relato “Hamburgo, tan íntimamente” ten forma epistolar. O personaxe ao que está destinada a carta chámase Cibrán. Cibrán Silleiro, un filólogo en paro que traballa no servizo municipal de recollida do lixo, apareceu por primeira vez en *Cemiterio de elefantes* no relato “12 AM” (Alonso, 2007a: 12):

...Era a primeira vez que eu facía unha quenda co Tundas, e , aínda que tiñamos falado en varias ocasións, nunca coincidiramos no camión. Pero aquel día,

Cibrán, Cibrán Silleiro, o meu compañeiro habitual, estaba de baixa por unha amigdalite, e el substituíuno.

Houbo un tempo en que eramos coñecidos entre os compañeiros como a Brigada dos Cultos, porque a formabamos o Miguel, que é enxeñeiro de telecomunicacións; o Cibrán, filólogo; e mais eu, biólogo.

Fran Alonso comenta: “Cibrán Silleiro apareceu (só a súa voz en off) na presentación pública de *Cemiterio de elefantes*. A voz prestoulla un amigo meu. Cibrán, na presentación, facía o papel de ‘amigo’ e era o que falaba mellor do libro, sen recato.” O autor admite tamén que el mesmo ten utilizado ese nome como pseudónimo en varias ocasións.

“05 AM (Vigo)”

O título do relato “05 AM (Vigo)” de *Males de cabeza* diferénciase no título pola palabra “Vigo” entre parénteses do relato co mesmo título pero sen ese (Vigo) que vai en *Cemiterio de elefantes*. O relato en *Males de cabeza* é unha corrección da ruptura espacial do libro anterior, onde o relato “05 AM” é o único non ambientado en Vigo senón en Santiago, e podería ser intercambiado co de *Cemiterio de elefantes*. Amais o relato “05 AM (Vigo)” é unha continuación dun dos asuntos do relato “03 AM” de *Cemiterio de elefantes*, é como unha continuación dos sucesos dunha parella: o rapaz e a súa moza do pelo amarelo e nariz de magdalena, os que coñecemos en *Cemiterio de elefantes* a través da relación do barman que protagoniza o relato “03 AM”.

“03 AM” (Alonso, 2007a: 63-64):

... Un rapaz que dificilmente chega aos dezoito pídemme un vodka con xenebra e limón. A súa acompañante, noviña coma el, con nariz de magdalena, unha copa de anís cunhas gotas de cointreau. El leva o pelo curto e pinzado para arriba con fixador. Ela os beizos moi marcados en laranxa e os ollos con pintura azul celeste. O pelo, amarelo. Traen unha mochila pequena nos ombreiros.

-¿Unha pensión barata por aquí cerca? –pregúntame el.

Non sei. Dígollo, e que lle vai ser difícil, a estas horas. Pregúntome de onde sairían, tan novos, tan tarde, seica viaxeiros. ...

...O rapaz novo érguese e aproxímase outra vez á barra.

-Oes, ¿un sitio de marcha con ambiente e música guai? – dime chiscándome un ollo, como queréndome facer cómplice das súas intencións para comprometerme na resposta

Explicolle. Zonas de pubs, desde logo, non lle han faltar.

-Apetécenos un sitio moi eléctrico, con espírito.

Nuns minutos describolles as varias posibilidades de noctambulismo que ofrece a cidade. Dáme grazas e volve sentar coa do pelo amarelo e nariz de magdalena. ...

... Agora levántase ela, o nariz de magdalena, e pídemme, ensinándome a súa lingua de caramelo, que lle poña algunha canción de Pet Shop Boys. Os reflectores azuis da barra moldéanlle sombras acristaladas no rostro. Confírmolle coa cabeza que lla vou poñer..

A rapaza do pelo amarelo e nariz de magdalena no relato “05 AM (Vigo)” de *Males de cabeza*, contando o que lle pasou a ela e ao seu mozo, fala dun dos bares onde estiveran, tomando as mesmas bebidas que no relato “03 AM” de *Cemiterio de elefantes*.

“O fareiro”

O fareiro que protagoniza este relato de *Males de cabeza* escoita o programa de radio titulado *Almas perdidas*.

“O fareiro” (Alonso, 2001a: 163):

*Por veces botaba unha cabezadiña, por veces deixábase engaiolar mirando, apampanado, a distancia á que chegaba o potente chorro de luz do faro, e por veces entretíñase escoitando a radio, aínda que a esas horas o único que poñían era música e, a iso das catro, o programa *Almas perdidas*. Non era que lle entusiasmasse, e de feito escoitábao con certa desidia, porque non o convencían os temas empalagosos que a locutora trataba, pero tíñalle certo morbo pois estaba seguro de que detrás daquela voz melodiosa debía agacharse un apetecible corpo de azucre..*

O programa *Almas perdidas* xunto coa xornalista que o leva, Mónica, constitúe o argumento central do relato “04 AM” de *Cemiterio de elefantes*. Abaixo cito dous fragmentos, pero todo o relato trata de Mónica.

“04 AM” (Alonso, 2007a: 69):

...Sentíase sen forzas para falar e para encher as ondas de contidos durante un programa baleiro que lle parecía longo, moi longuísimo. Desde a crise emocional que lle provocara a separación custáballe moito máis motivarse e mostrar aquel entusiasmo noctámbulo que noutrora tiraba dela como un motor. E moito máis cando a tiñan condenada a facer un programa de recheo, na metade da noite, cun horario abusivo e irracional. Era certo que xa case nunca o preparaba, e aínda preparaba menos os recheos que tiña que cubrir durante o día. Era certo que, cada vez máis, chegaba co tempo xusto de entrar en antena. Pero, ¿Qué tipo de motivación profesional podía ter nesas condicións?;

“04 AM” (Alonso, 2007a: 69):

...Deixouse de oír a sintonía e acendeuse a luz vermella. Manolo sorría cinicamente tras os cristais. Ela achegouse ao micrófono.

... Unha noite máis, outra nova noite, amigos, estamos no aire para vos axudar a asumir as soidades nocturnas, convosco, e coma todas as noites, acompañándovos na voz, saúdavos, Mónica, desde Almas perdidas, con Manolo Teixeira no control do son. Hoxe baixo a chuvia que está a caer sobre as rúas da cidade....

Amais, o programa de *Almas perdidas* aparece citado noutro relato de *Cemiterio de elefantes*. A protagonista de “12 AM” tamén o escoita.

“12 AM” (Alonso, 2007a: 16):

*... Hai días que chego á casa e non son quen de durmir. Os rúidos da cidade sonme estraños, afeita a tantos anos de silencio nocturno ou ao sísmico sifoneo do mar, e a alma consómeseme pensando neses corazóns solitarios. Entón permanezo esperta até as catro da mañá e prendo a radio para escoitar **Almas perdidas**. ...;*

“12 AM” (Alonso, 2007a: 23):

*...Xa estaba perto da casa. As miñas compañeiras estarían deitadas, de seguro. Sentíame esgotada e non obstante devecía por aguantar até as catro da mañá, para escoitar **Almas perdidas**.*

Cómpre engadir que a xornalista Mónica e o seu programa de radio tamén están presentes noutros libros de Fran Alonso, en *Silencio* e en *Cartas de amor* no relato “Confesión”.

2.3 Referencias en *Males de cabeza a Silencio*

Nesta novela breve, publicada no ano 1995, podemos observar un exemplo da esquizofrenia do mundo urbano contemporáneo, hai tamén algúns motivos aos que o autor fai referencias en *Males de cabeza*.

2.3.1 Vocabulario ‘cosmofrán’ en *Silencio*

Na novela non atopamos moitas palabras do vocabulario ‘cosmofrán’, pero non falta a palabra clave que é ‘pedramol’. Amais, hai ‘vitrocerámica’ e ‘bestelleiro’, e tamén ‘cazumbi’, da que se falará no capítulo terceiro.

a) *pedramol*

A palabra ‘pedramol’ aparece no seguinte fragmento de *Silencio*. Esta vez é o silencio que é coma o ‘pedramol’, áspero.

(Alonso, 2001b: 83):

... Para evitar o silencio puxen no radiocasete o cedé de Madredeus. O espírito da paz. Pero o silencio aboiaba por enriba da música, cruel. Áspero coma o pedramol. Subinlle o volume á música.

b) *vitrocerámica*

Outra palabra xa presente en moitos libros de Fran Alonso que aparece en *Silencio* e en *Males de cabeza* é ‘vitrocerámica’.

(Alonso, 2001b: 30):

*...Fumei pito tras pito, tumbado no leito, e o cuarto convertéuseme axiña nunha cortina de fume, espello da memoria no que se reflectían os rostros dos enfermos, declarando, as entrevistas co persoal sanitario, as reaccións dos responsables e do propio conselleiro, un remuíño no que se arrastraban enfados e iras, as reaccións das direccións dos diferentes hospitais galegos, todo enchendo o Informe da **Vitrocerámica**. Aínda non asimilara ben que aquela reportaxe, inicialmente rutineira, fixera caer tantos membros do goberno.*

c) *bestelleiro*

O ‘bestelleiro’ é a última das palabras en *Silencio* que están presentes con frecuencia na obra de Fran Alonso, tamén en *Males de cabeza*. Neste fragmento a lembranza do protagonista refírese a realidade da Galicia ‘antiga’ de hoxe (Alonso, 2001b: 71):

*... Hei de recoñecer que as voces eran impresionantes. Por veces lograban transportarme aos montes da Groba, cando o meu avó saía cos **bestelleiros** a recoñecer o gando e as feras ouleaban nos cumes.*

2.3.2 Referencias á novela *Silencio*

En dous relatos de *Males de cabeza*: “05 AM (Vigo)” e “O fareiro” atopamos conexións coa novela *Silencio*. É o leitmotiv da novela curta no caso do primeiro relato e, no caso do segundo, son o programa da radio de *Almas perdidas* e a expresión “con nervios a flor de pel”.

“05 AM (Vigo)”

Os nenos clónicos e a melodía cativadora do relato “05 AM (Vigo)” son o leitmotiv de *Silencio*.

“05 AM (Vigo)” (Alonso, 2001a: 143):

Quedei abraiada. Ó longo do corredor e, por suposto, xusto detrás da porta, había un exército de nenos, baixos, gordechos, cambutas, cun pelo liso e recortado que lles baixaba cubríndolle a fronte e tapándolles as orellas, peiteados coma frades, de cariña doce e redonda, todos iguais, sen que ningún se puidese diferenciar doutro, nin sequera pola roupa, pois vestían todos do mesmo xeito, unha especie de mandilón gris apretado, que lles marcaba a panza. ...

...Aquel exército de críos abandonou o corredor en rigorosa fila, cantaruxando en voz baixa unha estraña melodía, unha melodía atractiva, engaiolante, que te impulsaba a sumarte a eles, a seguiilos, a unirte a aquela excéntrica ringleira de nenos que agora baixaba as escaleiras, a aquel exército encantado que te arrastraba coma se fose o flautista de Hamelín.

Ora ben, os fragmentos onde se describen os nenos clónicos en *Silencio* son múltiples. Abaixo hai algúns deles, onde a descrición dos nenos é a máis parecida á que está en *Males de cabeza*.

(Alonso, 2001b: 44):

... Pola tarde quedei sen tabaco e baixei ao estanco a comprar un paquete. Ao volver coincidín no ascensor cun daqueles nenos, baixos, gordechiños, con aquel pelo liso que lles baixaba cubríndolles á fronte e tapándolles as orellas. Vestía unha especie de mandilón gris e levaba na man unha caixa de mistos. En canto lle dei ao botón do ascensor o neno sorríume e díxome que levaba unha mascota na caixiña. Preguntoume se desexaba vela. Sorprendido pola súa cordialidade, quixen saber de que mascota se trataba, e cun sorriso malicioso abriu a caixa deixándome ver unha cascuda negra e grande, comprimida entre as catro paredes de cartón, que movía incesantemente as antenas da cabeza. ...;

(Alonso, 2001b: 57):

... Niso estaba, precisamente, intentando decidirme por unha das moitas que parecía haber alí dentro, cando observei que un dos nenos do piso contiguo, un dos fillos do Papá, digamos para entendernos, se abría paso entre os postos de froitas e verduras. Vestía, coma todos, unha especie de mandilón gris apretado, que lle marcaba a barriga; levaba o pelo liso, tipo frade, e mostraba a mesma cara redondiña de sempre. Apenas se distinguía dos seus irmáns, pois figuraban ser demasiados como para crer en semellante parentesco. Pero aquel crío non me pareceu ningún dos que coñecía. Ou, cando menos, esa foi a impresión que me deu.

O protagonista do *Silencio* podía escoitar as voces deses nenos cantores, que non lle deixaban durmir polas noites, a través da parede. No seguinte fragmento hai un exemplo da descrición das cancións que se converteron no leitmotiv de *Silencio*.

(Alonso, 2001b: 53):

... Os cánticos, que todo hai que dicilo, eran fermosos; filtrábanse no aire coma labaradas, voces xemelgas, lapadas, ben educadas e harmoniosas, tal se tratase dun rito animista da distante África. De cando en vez, alguén se dirixía

enerxicamente a algún dos supostos integrantes do coro para que alzase a súa voz sobre a dos demais. Era o vozarrón do Papá, que lles daba indicacións aos seus múltiples fillos. A duración de cada cántico prolongábase alá polos dez ou doce minutos, transgredidos intermitentemente polo vozarrón. A vehemencia das súas cordas vocais empoleirábase, poderosa, invocando o espírito da fame.

Como xa fora mencionado nas referencias a *Tráiler*, no relato “05 AM (Vigo)” de *Males de cabeza* a novela *Silencio* únese con *Tráiler* na escena en que os nenos “entran na gabarra dun tráiler que estaba alí aparcado.”

“05 AM (Vigo)” (Alonso, 2001a: 144):

Desde alí puiden ver como toda aquela ringleira de rapaces clónicos saía da porta da pensión e, a través dunha rampa que alguén colocara alí, sen interromper o seu ritmo, ía entrando na gabarra dun tráiler que estaba alí aparcado..

“O fareiro”

O programa de radio *Almas perdidas*, que escoita o fareiro, tamén está presente en *Silencio*, xunto con Mónica, a xornalista que o leva.

“O fareiro” (Alonso, 2001a: 163):

*Por veces botaba unha cabezadiña, por veces deixábase engaiolar mirando, apampanado, a distancia á que chegaba o potente chorro de luz do faro, e por veces entretiñase escoitando a radio, aínda que a esas horas o único que poñían era música e, a iso das catro, o programa *Almas perdidas*. Non era que lle entusiasmase, e de feito escoitábao con certa desidia, porque non o convencían os temas empalagosos que a locutora trataba, pero tiñalle certo morbo pois estaba seguro de que detrás daquela voz melodiosa debía agacharse un apetecible corpo de azucre..*

En *Silencio*, a Mónica de *Almas perdidas* é a xornalista, unha amiga do protagonista da novela.

(Alonso, 2001b: 24-25):

... *Aínda así, sempre fora consciente de que os tempos non eran bos para os xornalistas, e, sobre todo, nada estaba máis lonxe das miñas intencións que queimarme profesionalmente, como lles acontecera a algúns amigos de meu, como Mónica, por exemplo represaliada, enganchada na coca e resignada a facer un programa de radio como Almas perdidas, na franxa nocturna, insulso, que nunca tería a menor forza para motivar a ningún profesional con dignidade. E Mónica non era unha mala xornalista, o seu problema é que se botara a perder, sucumbira, nariz de elefante, entre tantos oficinistas como campan polos medios de comunicación, mediocridade.*

Tamén a expresión “nervios a flor de pel” do relato “O fareiro”, que, como “A tolemia é un sombreiro (6)”, remite ao poema inicial de *Persianas, pedramol e outros nervios*, “Teño lume na pel” (Alonso, 1992: 17), que xa fora comentado (véxase [“A tolemia é un sombreiro \(6\)”](#)), aparece no seguinte fragmento de *Silencio*. O protagonista de *Silencio*, tal como o fareiro do relato de *Males de cabeza*, ten os ‘nervios a flor de pel’.

(Alonso, 2001b: 94):

... *Así que ás dúas semanas de habitar naquel lugar, sentíame no inferno e tiña os nervios a flor de pel.*

2.4 Referencias en *Males de cabeza* a *O brillo dos elefantes*

O brillo dos elefantes, publicado no ano 1999, con ilustracións de Luís Castro Enjamio, finalista do Premio Raíña Lupa, comparte con *Males de cabeza* algunhas palabras do vocabulario ‘cosmofrán’. Do libro tamén procede un dos personaxes ao que dúas veces se fai referencias en *Males de cabeza* e un verso incorporado nun dos relatos.

2.4.1 Vocabulario ‘cosmofrán’ en *O brillo dos elefantes*

No libro *O brillo dos elefantes* hai palabras do vocabulario que xa coñeceramos noutros libros de Fran Alonso (‘pedramol’, ‘esparto’ e ‘lapas’) e outras que comentaremos no capítulo terceiro deste traballo, estas son: ‘talolinga’, ‘cafofo’, ‘totumbra’.

a) *pedramol*

O ‘pedramol’ aparece en *O brillo dos elefantes* só unha vez, xunto a longas raíces, que son de ‘pedramol’.

(Alonso, 1999: 57-58):

*Polo que eu sei, na nosa aldea ninguén lles tomou a palabra aos forasteiros. Para os campesiños, os cartos frescos que ofrecen estes homes son apetitosos e tentadores coma o pan con queixo, pero á hora da verdade, como avisa Taquín, as sementiras de droga son coma a mala herba: unha vez que medra xa non hai quen a saque, bota longas raíces de **pedramol**..*

b) *esparto e lapas*

No fragmento citado abaixo hai dúas palabras que pertencen ao vocabulario ‘cosmofrán’: ‘esparto’ e ‘lapas’.

(Alonso, 1999: 37):

*Eu sospeito que Violeta choraba moito na cidade. Non sei por que, pero neses días en que o ceo tropical semella cuberto por unha arañeira de cinza, elaponse triste e confésame cos ollos cheos de bágoas que alí non hai nada que che alegre o corazón, lonxe da aldea e do sorgo, lonxe do millo e dos platanais, atrapada nunha enorme tea de **esparto** feita de chabolas amoreadas e pegadas unhas a outras coma **lapas**. Seica a cidade é así: un ruído infernal envolve os nenos, que se agrupan en bandas que se baten entre si e pelexan por calquera burato que poida cheirar a cartos ou comida..*

2.4.2 Referencias á novela *O brillo dos elefantes*

En *Males da cabeza* en dous fragmentos faise referencia a un dos personaxes de *O brillo dos elefantes*. Alén diso, hai un verso incorporado no texto narrativo do único poema que hai na novela.

“A tolemia é un sombreiro (13)”

En “A tolemia é un sombreiro 13” menciónase a Taquín que é un personaxe de *O brillo dos elefantes*.

“A tolemia é un sombreiro 13” (Alonso, 2001a: 111):

*Disecções semellantes, pero con análises diferentes, poderíamos levar a cabo con distintos habitantes do mundo exterior; co cerebro dos camioneiros, que agochan un fluído azul que se move a través dun cable á velocidade da corrente eléctrica; co cranio basculante dos ludópatas como a Pantera, que na cidade ve subir as casas en muletas e descobre a figura dunha avestruz estirándose no vestibulo dalgunha Tragaperras; co intelecto ferido dos refuxiados políticos que, como **Taquín**, abandonan o seu país por correren perigo as súas vidas, e agora sobreviven tocando a frauta polas rúas....*

Taquín é o mestre da escola en Matagalpa, á que ninguén vai, tampouco vai o rapaz que nos narra a historia porque ten que traballar no campo, mais Taquín é o seu amigo que lle aprendeu a ler e escribir, e amar a poesía. Como lle di a mamá ao rapaz, Taquín foi o amigo do seu pai, a quen mataron por vinganza os paramilitares, porque os pais do neno fixeran revolución e loitaran nas montañas. O neno sen nome que fala no libro ten moito respecto a Taquín, sempre o alude a el, e cando o seu mestre desapareceu, matado polos paramilitares ou agachado no sur do país, el tomou o seu papel e empezou a recitalles aos nenos máis pequenos da aldea os poemas. No fragmento abaixo hai unha das descrições de Taquín.

(Alonso, 1999: 20):

El tamén lle ten medo á noite. Cando cae a escuridade, Taquín agáchase en algures, pois teme que algún día veñan matalo. El di que aos paramilitares non lles gusta a poesía. Que a odian e que por iso tamén o odian a el. Á noite, Taquín faise invisible e ninguén o atopa. Se cadra é un truco de poeta. Se cadra, el tamén deambula clandestinamente entre as sombras para roubar sentimentos e poder recitalles os seus poemas aos nenos durante o día. Ora que os outros nenos non lle fan moito caso a Taquín..

“Os medos de K.”

No relato “Os medos de K.” que está escrito como homenaxe a Janet Frame, tamén se alude ao personaxe de *O brillo dos elefantes*, Taquín.

(Alonso, 2001a: 191):

A tolemia e os medos, onde impera a miseria, a pobreza, a fame ou a guerra, son aínda provocados polos instintos máis primarios, provócaos, sinxelamente,

*a loita pola supervivencia. Véxase a este respecto o caso de **Taquín**, por exemplo, esoutro personaxe, a quen as condicións sociopolíticas condenaron á emigración: á angustia e á depresión..*

Outra referencia que fai o autor no relato “Os medos de K.” á novela *O brillo dos elefantes* é a frase “a noite é papel secante que todo o chupa para ela”.

(Alonso, 2001a: 185):

*Ademais, por cuestións de seguridade, nunca durmo xa dúas noites seguidas no mesmo sitio, porque en varias ocasións me vin obrigado a iniciar precipitadas fuxidas nocturnas, feito que me provoca un desacougo inconmensurable por varios motivos, a saber, en primeiro lugar, porque é moito máis difícil orientarse na escuridade e a fuxida se fai moito máis fatigosa e desconcertante; en segundo lugar, porque a escuridade, desde que era neno, transmíteme unha enorme sensación de inseguridade, o que acaba por minguar a capacidade de reacción da miña mente esgotada; **a noite é papel secante que todo o chupa para ela..***

Esta frase é un verso do único poema que hai en *O brillo dos elefantes*. O poema abre o libro e dá pé ao desenvolvemento de toda a narración posterior.

(Alonso, 1999: 9):

*A noite é veludo
que ás veces espirra de súpeto,
un farrapo quente
de fíos que se desfán
entre a néboa escura.
A noite, que me lembra
un enorme burato de carbón.
**A noite
é papel secante,
que todo o chucha para ela.**
Á noite, o estraño e o fermoso
dentro da alma.
Á noite é un medo de elefantes brancos*

*que brillan na escuridade.
Á noite.
Sempre hai alguén que sae
a roubar sentimentos.
A noite, invisible,
coa súa canción de dolor.
A noite,
o animal mais silandeiro
que levo dentro..*

2.5 Referencias en *Males de cabeza* a *Cartas de amor*

Cartas de amor, aínda que sexa publicado posteriormente a *Males de cabeza*, no ano 2006, tamén ten conexións con ese libro. Alén do vocabulario ‘cosmofrán’ que ambos libros teñen en común, nunha das cartas aparece tamén o programa de *Almas perdidas* coa xornalista Mónica.

2.5.1 Vocabulario ‘cosmofrán’ en *Cartas de amor*

En *Cartas de amor* está a palabra emblemática ‘pedramol’ e tamén hai outras que comentaremos no capítulo terceiro: ‘cazumbi’, ‘cacimbo’, ‘bembón’, ‘cafofo’, ‘wolof’ e a expresión ‘auga gorda’.

a) *pedramol*

O ‘pedramol’ aparece na carta titulada “*SÁHARA, AMÉNDOA AMARGA*” (Alonso, 2006: 52):

*... Sinto que a súa ausencia me abafa. Por iso, Ahmed, preciso escribirche esta carta: para que na tinta das miñas palabras, no seu plasma ferido e quente, se dilúan as miñas bágoas de **pedramol**.*

2.5.2 Conexións entre *Cartas de amor* e *Males de cabeza*

“O fareiro”

No relato “O fareiro” aparece o programa *Almas perdidas* que tamén está presente nunha das cartas de *Cartas de amor* titulada “Confesión”. Como xa fora comentado, o programa aparece tamén noutras obras do autor: *Cemiterio de elefantes* e *Silencio* (véxase [“O fareiro”](#) de *Cemiterio de elefantes* e [“O fareiro”](#) de *Silencio*).

“Confesión” (Alonso, 2006: 45):

*... Non imaxinas cantas noites de angustia pasei, cantas noites en branco, escoitando un programa chamado **Almas perdidas**. Faláronme del nos chats, Clara, e a verdade é que me axudou a sobrelevar a desesperación da miña soidade. A radio posúe unha man invisible que pode empurrar de ti cara arriba. Cando menos, a min pasoume. Ademais, a locutora chámase **Mónica**, igual ca min, e sentínme identificada con ela, coa súa voz esgazada, dolorida.*

2.6 “O día das torres” (publicado no volume *Materia prima*)

No relato “O día das torres”, publicado no volume *Materia prima* no ano 2002, Fran Alonso ofrece aos lectores a reaparición do personaxe dun dos relatos de *Males de cabeza* e volve a contar a historia dun asasinato que une o relato non só con *Males de cabeza* senón que tamén con *Tráiler* e *Cemiterio de elefantes*.

“Coma o pato Donald”

Olga, a protagonista do relato “Coma o pato Donald”, que intentando buscar a aceptación entre amigos e querendo seguir o feliz modelo social triunfante chega a ser anoréxica, aparece tamén mencionada no relato “O día das torres”. O autor revela que o fondo do relato de *Males de cabeza* é un programa real de Ana Rosa Quintana, cos nomes cambiados.

(Alonso, 2002b: 38):

...Eu, por me divertir, mandeille unha mensaxe polo móbil a Olga, que me contestou axiña e tamén estaba flipada con todo aquilo. Logo mandeille outra a Jonathan, por se non estaba ao loro. Olga é unha paviña moi guai. Coñecina hai pouco, no ciber, e creo que estou colgado por ela. Os meus colegas non a tragan, porque son uns bordes; din que é unha tía rara. E non é rara, o que pasa é que foi anoréxica e ten moitas comeduras de coco. Pero tamén as ten a vella e iso que ten máis anos que dios. ...;

(Alonso, 2002b: 47):

... Logo da enchenta, a vella teimaba en ir mercar unhas rosquillas, pero os meus plans só pasaban por ir a un ciber e mandarlle un mail a Olga para lle contar onde me atopaba e a película que me estaba montando. Ía flipar. ...;

... Cando saín do ciber (seguro que Olga alucinou cando recibiu o mail) fomos buscar as rosquillas.

“A señora Lola”

No relato “A señora Lola” fálase do asasinato dun tipo chamado “Portugués”, do que antes xa se falara en *Cemiterio de elefantes* (véxase [O Portugués](#)). Este suceso está tamén mencionado, xunto con Lino, un dos tres camioneiros da novela *Tráiler*, no relato “O día das torres”.

(Alonso, 2002b: 43):

... O día anterior, a Lino coméranos os demos coas ganas de poder ver as imaxes na televisión, pero traballar co coche de liña tiña esas cousas e xa se afixera a informarse só a través da radio. Claro que cando andaba no camión era moito peor. Aínda se lembraba ben da Guerra do Golfo. Pillárao naquela viaxe que fixera a Sevilla, con peixe espada, cando tiña a muller en Marín a piques de parir. ¡Que mala hostia collera por ter que facer unha viaxe naquelas circunstancias! E, dez anos despois, seguía ao volante. Polo menos agora conducía un Castromil e durmía todas as noites na súa cama. O camión impuxéralle un ritmo de vida insoportable. Decidírase a deixalo aquela noite que saía para Madrid desde O Berbés cun camión de peixe fresco e lle aparecera entre a carga o cadáver dun macarra do barrio, o Portugués. O xuíz inmovilizara o camión e el díxerase que aquela viaxe frustrada fôra a derradeira. Precisaba cambiar de vida.

2.7 “Café virtual” (publicado no volume *Historias para ler e mirar*)

O relato de Fran Alonso “Café virtual” publicado no ano 2007 no volume *Historias para ler e mirar* que foi editado en conmemoración do Día Internacional do Libro Infantil, tamén ten algo en común con *Males de cabeza*.

“Economía de guerra”

Como xa fora comentado, o relato “Economía da guerra” na versión da colección Narrativa de Xerais comeza dicindo “Entrou na Cafetería Tropical”, pero na versión de *La Voz de Galicia*, que é a última edición en galego, o autor cambiou o nome de “Cafetería Tropical” a “Café Tropical”, para que coincidise co nome dun poema de *Cidades*. (Véxase [“Economía de guerra”](#))

O relato “Café virtual” desenvólvese tamén no Café Tropical.

(Alonso, 2007b: 25):

O Neno entrou no Café Tropical..

A descrición da cafetería no relato é coma a do poema de *Cidades*.

(Alonso, 2007b: 26):

... Así que ía ao Café Tropical. Era un café moi bonito, cheo de vexetación, abundante e vizosa. Todo estaba cuberto de flores de plástico, que medraban desde o chan e se erguían tapando as mesas, creando pequenos recunchos onde agacharse. As flores de plástico enredábanse unhas noutras e subían até o teito, e formaban unha selva e atravesaban a barra, apousentándose nas mesas.

3. Outras fontes de intertextualidade en *Males de Cabeza*

3.1 Intertextualidade coa literatura doutros autores

En *Males de cabeza* hai tamén referencias ás obras doutros autores, como: a escritora norteamericana Sylvia Plath, a neozelandesa Janet Frame, o poeta galés Dylan Thomas, o norteamericano Raymond Carver, os autores galegos: Rosalía de Castro, Luís Pimentel, Rof Carballo, e os contos populares coñecidos por toda Europa, cuxas versións máis populares son as recollidas polos Irmáns Grimm: *Brancaleves*, *O Frautista de Hamelín*, *Carapuchiña Vermella*.

SILVIA PLATH

En “A tolemia é un sombreiro (7)” faise unha referencia á novela semi-autobiográfica de Sylvia Plath titulada *A campá de cristal* publicada no ano 1963 baixo o pseudónimo Victoria Lucas.

“A tolemia é un sombreiro (7)” (Alonso, 2001a: 51):

*En realidade, como lles explico ás veces ós meus gatos, un tolo non é senón as ideas correntes dun home pero ben pechadas nunha cabeza, coma nunha **campá de cristal**. O mundo non pasa a través dela e acabouse; iso é o que lles pasa sen que queiran ou saiban recoñecelo..*

A novela relata a crise nerviosa sufrida por Esther Greenwood, a nova estudante, alter ego de Sylvia Plath, e o tratamento psiquiátrico que recibiu. Fran Alonso alude á “campá de cristal” que é o título do libro explicado nas últimas páxinas da novela. Xa no proceso de cura da crise, Esther describe a súa depresión como a sensación de estar atrapada baixo unha campá de cristal. Di que as persoas con problemas nerviosos atópanse illadas do mundo exterior por esa campá, de modo que só poden respirar o seu propio aire viciado. A campá levántase cando se curan, pero sempre pende sobre as súas cabezas.

Poderíamos dicir que a imaxe da campá no libro de Sylvia Plath parece equivaler ao sombreiro en *Males de cabeza*, pero hai que lembrar que ao revés, no libro de Fran Alonso “A tolemia é un sombreiro que se quita e que se pon a conveniencia.” (Alonso, 2001a: 62).

O libro de Sylvia Plath está traducido ao polaco baixo o título “*Szklany klosz*”.

JANET FRAME

En “A tolemia é un sombreiro (14)” as palabras finais “un anxo na miña mesa” son o título dunha obra autobiográfica da narradora neozelandesa Janet Frame, a quen está dedicado, como homenaxe, o último relato de *Males de cabeza* “Os medos de K.”.

“A tolemia é un sombreiro (14)” (Alonso, 2001a: 125):

Coma eles, eu sobrevivo gracias á química, que me afasta do pesadelo e do delirio do sono e me proporciona a donda sensibilidade dos gatos, a súa intrépida visión. Sei que hai un anxo na miña mesa.

Janet Frame durante anos estivo pechada en hospitais psiquiátricos baixo diferentes tratamentos. Grazas ao prestixioso premio nacional Hubert Church Prose Award que ganhou o seu primeiro libro publicado no ano 1951, *The Lagoon and Other Stories*, Janet Frame salvouse dunha lobotomía. A base do libro *Un anxo na miña mesa*, publicado en 1984, que xunto con *To the Is-land* e *The Envoy from Mirror City* forma a autobiografía da autora, en 1990 foi rodada unha película por Jane Campion baixo o título *Un anxo na miña mesa*.

Ambos, o libro e a película *Un anxo na miña mesa*, foron publicados en Polonia baixo o título *Aniol przy moim stole*.

DYLAN THOMAS

Os sucesos do relato “Cousas do intestino” de *Males de cabeza* teñen lugar en Llandeilo, unha vila no sur de Gales, durante Eisteddfod, o festival galés de literatura, música e canción. No relato fálase das actuacións das bandas e cantantes galeses como: Dafydd Iwan, Gwenda Owen A’r band, Sobin A’r Smaeliad, Cymdeithas Yr Iaith Gymraeg. Entre as liñas do relato están incorporadas as citas dos poemas de Dylan Thomas.

Antes de indicar os fragmentos do relato e os poemas de Dylan Thomas dos que proceden os versos, é preciso explicar que os poemas non están publicados na tradución ao idioma galego. Por ese motivo, todos os títulos e fragmentos dos poemas do poeta galés aparecen no idioma castelán.

Abaixo están presentados os fragmentos do relato nos que aparecen as referencias aos poemas de Dylan Thomas, xunto cos fragmentos dos poemas en castelán, máis os fragmentos traducidos ao polaco no caso de haber unha tradución.

O primeiro fragmento do relato no que atopamos os versos de Dylan Thomas é o seguinte:

“Cousas do intestino” (Alonso, 2001a: 128):

A forza que bate a auga contra as rochas bate no meu sangue vermello, como diría o vello Thomas..

É unha frase do poema “La fuerza que por el verde tallo impulsa la flor” (Thomas, 1991: 31):

*...La fuerza que impulsa el agua entre las rocas
impulsa mi roja sangre....*

Este poema foi traducido ao polaco por Stanisław Barańczak. Por iso, na tradución de *Males de cabeza* ao polaco aparece o verso da tradución de Barańczak:

“Ta siła, która przez zielony lont prze kwiaty” (Thomas, 1974: 25):

*Ta siła, która prze wodę na wskroś przez skały,
Tłoczy i moją krew....*

A segunda cita de Dylan Thomas, atopámola no seguinte fragmento de “Cousas do intestino” (Alonso, 2001a: 129):

A excitación traíame á mente os versos do meu venerado poeta: Eu coñecín a mensaxe do inverno, as flechas de sarabia, a neve inocente, e o vento foi a miña irmá pretendente..

Esta procede do poema “Antes que llamara” (Thomas, 1991: 33):

*...Yo conocí el mensaje del invierno,
las flechas del granizo, la nieve inocente,
y el viento fue mi hermana pretendiente.....*

Na tradución de *Males de cabeza* ao polaco tamén aparece o fragmento do poema traducido por Stanisław Barańczak:

“Zanim zastukałem” (Thomas, 1974: 21):

*...Poznałem wkrótce posłannictwo zimy,
Dziecinne śniegi, grad zacinający;
O moją siostrę wiatr konkury wszczynął....*

Un pouco despois atopamos outros versos incorporados de Dylan Thomas.

“Cousas do intestino” (Alonso, 2001a: 129):

*Se cadra guiounos a luz da poesía, a luz que penetra nos solares secretos polas
puntas do pensamento, onde os pensamentos arrecenden na chuvia..*

Son versos do poema “La luz penetra donde no brilla el sol” (Thomas, 1991: 43):

*...La luz que penetra en los solares secretos
por las puntas del pensamiento, donde los pensamientos
huelen en la lluvia;....*

Este poema tamén foi traducido ao polaco por Stanisław Barańczak baixo o título:

“Światło wybucha, gdzie brak słońca” (Thomas, 1974: 41):

*...Światło wybucha w skrytych działkach
Na szczytach myśli, tam, gdzie myśli pachną w deszczu;....*

Así, como o traduciú o gran tradutor polaco, queda tamén na tradución de *Males de cabeza* ao polaco.

A seguinte cita de Dylan Thomas aparece no fragmento:

“Cousas do intestino” (Alonso, 2001a: 130):

*Mirade –repetía eu mentalmente–. As parellas bailan enriba dos mortos, verdes
de fragas e neve, libres á luz da lúa coma unha bandada de pombas..*

Esta frase procede do poema “Cuento de invierno” (Thomas, 1991: 69):

... Mirad. Y las parejas bailan

*encima de los muertos, verdes de bosque y nieve, libres
a la luz de la luna como una bandada de palomas.....*

Desgraciadamente, non hai unha tradución deste poema publicada en polaco, polo que está simplemente traducido ao polaco, tomando en conta a versión orixinal en inglés: “*A winter’s Tale*”.

Outra cita de Dylan Thomas aparece no seguinte fragmento:

“Cousas do intestino” (Alonso, 2001a: 131):

O lume dos músculos quenta a xuventude e a semente, vello Thomas..

A frase procede do poema “La luz penetra donde no brilla el sol” (Thomas, 1991: 41):

*...El fuego de los muslos
calienta a la juventud y la simiente y quema las semillas
de la vejez....*

Na tradución de *Males de cabeza* ao polaco a frase queda de acordo coa tradución de Stanisław Barańczak:

“Światło wybucha, gdzie brak słońca” (Thomas, 1974: 41):

*Świeca płonąca w udach grzeje
Młode nasienie.*

Un pouco despois atopamos outro fragmento cos versos do gran poeta galés:

“Cousas do intestino” (Alonso, 2001a: 132):

*A alba rompe por detrás dos ollos: desde a cabeza ata os pés o vendaval do
sangue esténdese como un mar..*

Son versos da seguinte estrofa do mesmo poema que antes:

“La luz penetra donde no brilla el sol” (Thomas, 1991: 41):

*...El alba rompe por detrás de los ojos:
desde la cabeza hasta los pies el vendaval de la sangre
se desliza como un mar;....*

Como podemos observar, os versos do poema na versión castelá son outra vez case iguais. Por conseguinte, na tradución de *Males de cabeza* ao polaco, a frase queda como na tradución de Stanisław Barańczak:

“Światło wybucha, gdzie brak słońca” (Thomas, 1974: 41):

*Poza oczami świt wybucha;
Z biegunów czubka palca i czaszki krew lotna
Zsuwa się jak ocean;.*

Os versos doutro poema do poeta galés atopámoslos no fragmento que segue de “Cousas do intestino” (Alonso, 2001a: 133):

E o tempo arroxou a miña mortal criatura a derivar ou afogar nos océanos, que diría o meu querido Thomas, o dono da Palabra..

Outra vez, son versos do poema “Antes que llamara” (Thomas, 1991: 35):

*Y el tiempo arrojó mi mortal criatura
a derivar o a ahogarse en los océanos..*

Os versos na tradución ao polaco de *Males de cabeza* quedan como na tradución de Barańczak:

“Zanim zastukałem” (Thomas, 1974: 23):

*I czas pchnął mnie, swój twór śmiertelny, naprzód
Bym płynął albo tonął gdzieś na szlakach
Mórz....*

Do mesmo poema proceden os versos no último fragmento do relato no que se fai referencia a Dylan Thomas.

“Cousas do intestino” (Alonso, 2001a: 134):

As palabras do vello Thomas afogábanme entre aquela brétima de papel: a miña gorxa tivo sede antes da estrutura da pel e a vea que envolven a cisterna onde palabras e auga se fan unha mestura infalible ata que o sangue corre turbio; o meu corazón sentiu amor e o meu ventre fame: e adiviñei o verme das feces..

O fragmento na tradución castelá do poema é o seguinte:

“Antes que llamara” (Thomas, 1991: 35):

*Mi garganta tuvo sed antes de la estructura
de la piel y la vena que envuelven la cisterna
donde palabras y agua se hacen una mezcla
infalible hasta que la sangre corre turbia;
mi corazón sintió amor y mi vientre hambre:
y adiviné el gusano de las heces..*

Como noutros casos, cando existe a tradución ao polaco, en *Males de cabeza* aparece de acordo coa tradución de Stanisław Barańczak:

“Zanim zastukałem” (Thomas, 1974: 21, 23):

*Znało pragnienie moje gardło, zanim
Żyła i skóra tę studnię stworzyły,
Gdzie będą słowa z wodą trwać zmieszane
Tak długo, póki biec będzie krew zgniła;
Mój brzuch znał głód, a sercu była znana
Miłość; w mym stolcu larwę wywęszyłem.*

RAYMOND CARVER

Fran Alonso revela que falando dunha avestruz no capítulo breve “A tolemia é un sombreiro (13)” fai unha discreta e moi disimulada homenaxe a Raymond Carver, o estupendo narrador americano, co que o autor se formou nos seus comezos.

“A tolemia é un sombreiro (13)” (Alonso, 2001a: 111):

*...co cranio basculante dos ludópatas como a Pantera, que na cidade ve subir as
casas en muletas e descobre a figura dunha avestruz estirándose no vestíbulo
dalgunha Tragaperras;....*

ROSALÍA DE CASTRO

En “A tolemia é un sombreiro (19)” hai versos moi famosos de Rosalía de Castro (Alonso, 2001a: 173):

*Son un felino e estou aterecido de medo e de frío. ¿Que pasa ó redor de min?,
¿que me pasa que eu non sei?; creo que teño medo dunha cousa que vive e que
non se ve.....*

Os versos proceden do poema I.VI do poemario *Follas novas*, escrito no ano 1880.

(Castro, 1993: 35-36):

*¿Qué pasa ó redor de min?
¿Qué me pasa que eu non sei?
Teño medo dunha cousa
que vive e que non se ve.
Teño medo á desgracia traidora
que ven, e que nunca se sabe ónde ven..*

Cómpre engadir que o poema cántao tamén Amancio Prada.

Porén, e por desgraza, unha das mellores escritoras da lingua galega e representante do Rexurdimento galego decimonónico, non é moi coñecida en Polonia. Por conseguinte, a súa obra, alén dos fragmentos de *Cantares gallegos*, non está traducida ao polaco e, como consecuencia dese feito, na tradución polaca de *Males de cabeza* ao lector resultaralle difícil identificar a procedencia dos versos.

LUÍS PIMENTEL

En “A tolemia é un sombreiro (13)” atopamos a frase “ve subir casas en muletas”:

“A tolemia é un sombreiro (13)” (Alonso, 2001a: 111):

*...co cranio basculante dos ludópatas como a Pantera, que na cidade ve subir as
casas en muletas e descobre a figura dunha avestruz estirándose no vestíbulo
dalgunha Tragaperras;....*

É un verso dun poema de Luís Pimentel, un poeta galego relacionado coa Xeración do 27. Fran Alonso di que o verso “casas en muletas” sempre pareceulle fascinante, e por iso o incluíu no seu libro, como homenaxe.

O verso procede do poema “Nouturno (Plaza do Campo)” da obra póstuma, publicada no ano 1959, *Sombra do aire na herba*.

“Nouturno (Plaza do Campo)” (Pimentel, 1981: 67):

*Tebras ó axexo.
Pola rúa soben
as casas en muletas.
Navallas de lúa
na acera.
Unha soa ventá,
marela de insomnio.
Duro de lúa o seixo
desexa e agarda o crime.
Pérdese
a auga verde e moura da fonte.
¿Saíu daqui a noite?
Dedo en alto
o santo de pedra
pide silencio..*

Por desgraza, a poesía de Luís Pimentel tampouco ten traducións ao polaco.

ROF CARBALLO

Fran Alonso di que en “A tolemia é un sombreiro (12)” desde ‘poderemos observar’ até o final ‘as tortillas’ é unha cita oculta de Rof Carballo, que foi un médico galeguista da posguerra que escribía ensaios sobre o paciente como ser humano. Rof Carballo presentou unha nova concepción entre o paciente e o médico, aportou novos métodos ao trato dos enfermos, máis próximos á psicoloxía que á medicina. Por iso ás veces foi considerado como ‘un curador’ en vez de ‘un doutor’.

“A tolemia é un sombreiro (12)” (Alonso, 2001a: 103):

Se collemos ó chou unha persoa calquera, quizais unha muller con depresión, condenada a traballar facendo tortillas e cunha familia que ela considera miserable, e a apuñalamos (discretamente) para poder diseccionar o seu cadáver sobre a mesa do forense, veremos con toda claridade que a química tamén viaxa a través das súas veas e, ademais, poñendo atención, poderemos observar unha división do seu corpo en dúas partes: unha parte dese corpo

ataca constantemente á outra parte da mesma muller, e unha desas partes ten asoballada á outra, énchea de reproches e inmobilízaa en medio de grandes sentimentos de culpa, de xeito que nunca se atreve a romper coa realidade voraz que a atenaza, amarrándoa á tixola en que fai as tortillas..

CONTOS PARA NENOS (*Brancaneves, O Flautista de Hamelín, Carapuchiña Vermella...*)

En *Males de cabeza* hai tamén referencias aos contos para nenos.

En “A señora Lola” menciónase a *Brancaneves*:

“A señora Lola” (Alonso, 2001a: 57):

A través do auricular, a súa voz sábelles á mazá velenosa, e podre, de Brancaneves..

En “05 AM (Vigo)” faise referencia a *O Flautista de Hamelín* e *Peter Pan* falando do ‘país de nunca xamais’.

“05 AM (Vigo)” (Alonso, 2001a: 143):

Aquel exército de críos abandonou o corredor en rigorosa fila, cantaruxando en voz baixa unha estraña melodía, unha melodía atractiva, engaiolante, que te impulsaba a sumarte a eles, a seguiilos, a unirte a aquela excéntrica ringleira de nenos que agora baixaba as escaleiras, a aquel exército encantado que te arrastraba coma se fose o flautista de Hamelín. Horrorízame lembralo. Eu, de nena, sentía pavor ante o conto do flautista de Hamelín. Temía que viñese un día ó meu barrio e me levase con el, canda os outros nenos, para o país de nunca xamais..

No título dun dos relatos de *Males de cabeza* aparece o nome da personaxe da famosa fábula *Carapuchiña Vermella*, coñecida en gran parte de Europa e adaptada á realidade de cada país, de modo que, por exemplo, na versión galega a Carapuchiña leva á avoa unha empanada, mentres que na versión polaca leva un pastel. Por conseguinte, na tradución de *Males de cabeza* ao polaco a Carapuchiña Vermella tamén leva un pastel.

A normal antítese do mundo medieval europeo, é dicir, o contraste entre o pobo seguro e o bosque perigoso está deformado no relato de Fran Alonso “Carapuchiña e o pobo feroz” no que a xente é mala, tanto a Carapuchiña coma a súa avoa e o pobo, mentres que o lobo é inocente, ten valores humanos, pero igual foi matado polo pobo feroz aínda que non fixese nada malo.

3.2 Intertextualidade coa música

Balada para un loco, 1969 (letra: Horacio Ferrer, música: Astor Piazzolla)

No fragmento citado abaixo do capítulo breve “A tolemia é un sombreiro (17)” desde ‘trépome’ até ‘soidade’ son versos adaptados do tango *Balada para un loco*, cuxo autor da letra é Horacio Ferrer e a música compúxo a Astor Piazzolla.

“A tolemia é un sombreiro (17)” (Alonso, 2001a: 153):

*Ultimamente estou a comprobar con satisfacción que co meu inmenso amor azul
ós gatos, trépome a esa tenrura de tolos que hai neles, esa tenrura que os fai
tolos, tolos, tolos, acróbatas dementes no abismo da súa soidade, ...*

Fran Alonso adaptou os versos dos fragmentos dese tango citados abaixo, modificándoos un pouco para que cadrasen co texto narrativo. Claro que o texto orixinal procede de Arxentina, por iso aparece en español:

Balada para un loco (Ferrer, et al., 1969):

*... ¡Loco! ¡Loco! ¡Loco!
Como un acróbata demente saltaré,
sobre el abismo de tu escote hasta sentir
que enloquecí tu corazón de libertad...
¡Ya vas a ver!...
... Quereme así, piantao, piantao, piantao...
Trepate a esta ternura de locos que hay en mí,
ponete esta peluca de alondras, ¡y volá!
¡Volá conmigo ya! ¡Vení, volá, vení!....*

3.3 Intertextualidade co cine

En *Males de cabeza* Fran Alonso busca tamén unha oportunidade para mostrar a súa homenaxe ao mundo cinematográfico. Daquela o lector atopa no libro ligazóns con películas como: *Léolo*, *Shine* e *Casablanca*.

Léolo de Jean Claud Lauzone

Sen dúbida, a película *Léolo*, rodada por Jean Claud Lauzone en 1992, pode satisfacer aos máis esixentes entusiastas do cine. Consegue impresionar e gardarse na memoria da maioría das persoas que a ven. Nas páxinas de *Males de cabeza* podemos atopar probas de que o filme deixou marcas tamén na conciencia de Fran Alonso, o que o autor xa mostra no principio do libro, onde vemos a cita: “*Porque soño, eu non o estou*”. O protagonista de *Léolo*, que di que se chama Léolo Lozone, pero o seu verdadeiro nome é Leo Lauzon, moitas veces repite esta cita procedente do único libro que hai na súa casa, *L'avalé des avals* de Réjean Ducharme.

Outra referencia a *Léolo* atopámola en “A tolemia é un sombreiro (9)” (Alonso, 2001a: 67):

E cando pretendo agarrarme, este manicomio só ten un pasamáns, que leva ó soto, cunhas escaleiras profundas que se perden na loucura; aquí, nin sequera na noite acougamos, asustados co silencio patético das respiracións nerviosas, espreitantes ante a posibilidade mesma de que nos atrapen as mans dos obsesos do sexo, para violarnos, pequenos caniches que se engrandecen mirándose a pirola unha e outra vez, untada de cremas estimulantes e cuberta de preservativos fosforescentes, á procura do cu aveludado de calquera gato que se lles cruce no camiño; que sorte tiveches Milou de non naceres gato neste psiquiátrico infernal..

A frase “que sorte tiveches Milou de non naceres gato” aínda que se refire ao can de Tintín, é a cita dunha escena moi impresionante da película *Léolo*, cando un dos rapaces do barrio, borracho, viola a gata da súa veciña.

Alén diso, parece que o espírito do filme de Jean Claud Lauzone está presente en todo o libro de *Males de cabeza*.

Shine de Scott Hicks

Outra película que definitivamente deixou pegadas en *Males de cabeza* é *Shine*, rodada en 1996 por Scott Hicks. O filme presenta algúns feitos da vida dun personaxe real, David Helfgott, un pianista australiano que sufriu unha enfermidade mental e durante algún tempo acabou internado nun psiquiátrico en consecuencia de presión, maltrato e despois illamento por parte de seu pai. Cómpre engadir que a película non apareceu en galego, por iso as citas aparecen en castelán. Cando empeza a película, óense as palabras de David falando da súa identificación cos gatos, de acariciarlles, de bicarlles:

Shine (Hicks, 1996)

00:00:33,000 --> 00:00:36,195

Es cierto. Creí que era un gato.

00:00:36,357 --> 00:00:38,113

Me identificaba con los gatos.

00:00:38,279 --> 00:00:40,185

Lo hacía bien.

00:00:40,356 --> 00:00:41,948

¿Por qué lo hice?

00:00:42,114 --> 00:00:45,309

No saben cuando los acaricias. ¿Yo era un gato triste?

00:00:45,472 --> 00:00:47,858

Los gatos me inspiraban curiosidad.

00:00:48,029 --> 00:00:51,541

Es cierto. Yo era un tipo quisquilloso.

00:00:51,708 --> 00:00:53,462

Los besé a todos. Siempre los besaré.

00:00:53,625 --> 00:00:55,380

Si un gato me deja lo besaré.

00:00:55,544 --> 00:00:59,287

Si veo un gato en la cerca, le daré un beso.”

Ese tema de identificación cos gatos está presente en capítulos breves, impares de *Males de cabeza*, titulados “A tolemia é un sombreiro” máis o número da orde correspondente.

Eses capítulos están referidos por un narrador en primeira persoa que está pechado nun hospital psiquiátrico e ten inclinación por identificarse cos gatos e por percibir os outros coma diferentes razas de cans. Podemos observalo xa no primeiro capítulo:

“A tolemia é un sombreiro (1)” (Alonso, 2001a: 5):

Sen embargo, temo que en calquera momento se me vaia a conciencia e acabe transformándome irremediabilmente nun gato escuro e enigmático, empurrado ó polo oposto. De feito, xa o son, ou case. Non sei por qué, pero identifícome cos gatos, ou algo polo estilo, e para manterme san preciso tocar o piano e observar algo que brille; as cousas brillantes obríganme a concentrarme..

No segundo capítulo impar, o narrador xa nos revela máis: el tamén bica os gatos, que se deixan bicar porque pensan que é un deles.

“A tolemia é un sombreiro (2)” (Alonso, 2001a: 11):

Non me dou explicado por qué un gato, se cadra porque nunca están seguros cando os tocas e, de feito, interésanme bastante os gatos, quizais na medida en que eu tamén son desconfiado, e bicoos moi a miúdo a todos, cando os vexo bicoos, inicialmente a modiño e logo xa con paixón, e o máis curioso é que se deixan bicar por min, todos se deixan bicar, posiblemente porque pensan que son un deles, non o sei, é algo no que teño matinado moito, e a verdade é que me parece estraño, que se deixen bicar así, sen máis; de aí que estea practicamente seguro de que son un gato, un gato triste e solitario, tremendamente solitario, porque a maior parte dos gatos levan escrita a soidade neses ollos crípticos que teñen, que parecen de goma fosforescente , cacimbada..

Hai outras referencias a *Shine* nos capítulos “A tolemia é un sombreiro (1)” e “A tolemia é un sombreiro (15)”, cando o narrador di que para manterse san, quere ou precisa tocar o piano.

“A tolemia é un sombreiro (1)” (Alonso, 2001a: 5):

Non sei por qué, pero identifícome cos gatos, ou algo polo estilo, e para manterme san preciso tocar o piano e observar algo que brille; as cousas brillantes obríganme a concentrarme.;

“A tolemia é un sombreiro (15)” (Alonso, 2001a: 137):

E aquí, entre as paredes inexpugnables, desvívome por manter san o equilibrio e a conciencia (ás veces bicando os gatos, querendo tocar o piano, fitando algo que brilla), que non só conleva a supervivencia da miña dignidade fronte ós vendedores de mercadorías, ós vendedores de diñeiro e ós vendedores de información senón tamén unha imprescindible protección intelectual ante esta manda de cans dementes que arremeten contra nós, os gatos, coa súa pulsión visionaria, coma se o manicomio fose seu..

Casablanca de Michael Curtiz

Casablanca, unha das películas máis coñecidas da historia do cine, rodada en 1942 por Michael Curtiz, tamén está presente en *Males de cabeza*. O relato “O Bar de Sam” parece ser unha versión deformada e actualizada da película. Sen dúbida, o que está seguro é que no relato atopamos moitas referencias a *Casablanca*.

Primeiro, a construción do relato parécese a unha narración cinematográfica: está dividido en partes e secuencias, que teñen indicacións sobre o espazo e o tempo, sobre o plano, e outras informacións que meten o lector no ambiente do cine.

Segundo, os nomes dos personaxes e lugares son iguais ou parecidos aos de *Casablanca*: Riqui (Ricky), Elsa (Ilsa), Sam (o propietario do bar no relato chámase como o pianista de *Casablanca*), o rótulo “Café Americano” do bar de Sam parécese ao rótulo de “Rick’s Café Américain” da película, onde tamén hai piano.

Despois, o protagonista do relato “O Bar de Sam” de *Males de cabeza*, que antes de que pecharan o cine Mericel, traballaba como acomodador, e agora entoleceu porque xa non se podían ver máis películas, é afeccionado ao cine e moitas veces compárase cos actores, quere comportarse coma eles, por exemplo di:

“O Bar de Sam” (Alonso, 2001a: 78):

Cuspín de medio lado, como tería feito John Wayne en Río Bravo;

“O Bar de Sam” (Alonso, 2001a: 79):

...a Elsa miraba para min, resplandecente, e bulíame o sangue, como a Humphrey Bogart baixo o ceo de Casablanca, que só de pensalo pónseme a pel de pita..

Noutras ocasións o protagonista compara a vida coas escenas dos filmes, cos comportamentos dos autores. Amais, entre as frases ou pensamentos do protagonista, hai algúns que se parecen moito ás escenas ou citas de *Casablanca*. No fragmento citado abaixo, o protagonista, mentres está a falar con Elsa, a camareira do bar de Sam, imaxínase a escena de *Casablanca* cando Rick e Ilsa se atopan e por casualidade en Rick's Café.

“O Bar de Sam” (Alonso, 2001a: 77):

PARTE 1ª, SECUENCIA 1ª

(O diálogo e o pensamento do ghicho simultanéanse)

Ola Elsa, (Ola Ilsa), Ola Ricardo (Ola Rick), Non me pareceras ti, xa había moito tempo que... (Non estaba certa de que foses o mesmo, a última vez que nos vimos foi en...) Que non viña ó bar de Sam, (na Belle Aurore), Oh, ben sei, Ricardo, desde o día que pecharon... (Rick, que amable ó lembráreste. Claro que foi o día en que os alemáns invadiron París), O cine; para min non é doado de borrar ese día da memoria, (Non é doado de esquecer, lembro todos os detalles, os alemáns vestían de gris, ti de azul) Si, aínda conservo a entrada da derradeira sesión, (Si, gardo aquel vestido; cando os alemáns marchen volverei poñelo)..

Un pouco despois, o protagonista do relato, imaxinándose os pensamentos de Sam, usou unha frase parecida á que di Rick en *Casablanca* despois da inesperable visita de Ilsa no seu café.

“O Bar de Sam” (Alonso, 2001a: 78):

... pensando, de entre todos os cafés do mundo tivo que entrar no meu,

O seguinte exemplo de escena parecida á do filme, podemos observalo fragmento cando o protagonista quere que no bar do Sam toquen para el “O tempo pasará”. Esa

escena, xunto coa canción, é unha referencia a *Casablanca* cando primeiro Ilsa e despois Ricky queren que Sam lles toque a mesma canción.

“O Bar de Sam” (Alonso, 2001a: 84):

–Tócaa para min.

O pianista miroume sorprendido, e seguiu a tocar sen facer caso das miñas palabras. Foi entón cando llo tiveren que repetir.

–Tócaa para min.

Esta vez miroume máis detidamente e preguntoume qué carallo quería que tocase. Repetinllo de novo. Díxenlle, tócaa para min, toca o tempo pasará..

Outra referencia atopámola ao final do relato cando o protagonista di a Elsa:

“O Bar de Sam” (Alonso, 2001a: 85):

–O mundo está a derrubarse e nós escollemos este momento para namorarnos..

Esa frase parécese moito á escena de *Casablanca* cando os alemáns invadiron París e Rick di a Ilsa unha frase parecida.

Cómpre engadir que o protagonista do relato “O Bar de Sam” é un verdadeiro entusiástico do cine e noutras ocasións presenta as súas opinións sobre as películas, explica que lle gustan as clásicas, como *Quen teme a Virxinia Woolf?* ou *Casablanca*, e non as violentas, que volven a xente parva, como *Bruce Lee contra Lin Chu* ou *Tiburón*.

3.4 Raíces do vocabulario ‘cosmofrán’

3.4.1 Cultura africana e literatura africana da lingua portuguesa

a) malembe

Como xa foi mencionado neste traballo (véxase [“O Bar de Sam”](#)), a palabra ‘malembe’ ten procedencia africana: son uns arbustos que pastan os elefantes. A frase que aparece no relato “O Bar de Sam” de ‘peitos, brancos coma elefantes pastando malembe’ xa aparecera no libro dun escritor angolano nado en Portugal, José Luandino Vieira:

No antigamente, na vida (Vieira, 1974: 65):

*Seus negros cabelos muito soltos no quadro da bata branca, as colinas do **peito** pareciam eram elefantes brancos pastando malembe..*

Fran Alonso na súa obra usa con frecuencia a palabra ‘malembe’. Alén de *Males de cabeza e Persianas, pedramol e outros nervios*, nos que ‘malembe’ aparece xunto a ‘peito’, así como na obra de José Luandino Vieira, atopámola tamén noutros libros dos que falamos antes: *Tortillas para os obreiros, Cidades, Cemiterio de elefantes*.

Tortillas para os obreiros

Neste libro a palabra aparece dúas veces. A primeira vez no inicio do libro no seguinte fragmento:

(Alonso, 2001c: 73)

*... Escoito como estoupa contra o barco. Como unha vida se perde entre a néboa do siroco. Sinto os ollos de **malembe**. E o estómago no embalo. Son as voces que me chaman.*

Despois atopámola no poema “Condición de muller” da Secuencia A (Alonso, 2001c: 92):

Condición de muller,

destino centrifugado.

Condición de muller facendo tortillas.

Condición de muller na sorte das bateas.

Condición de muller neste barco de serrín.

Condición de muller nos ollos de obreiros de goma.

Condición de muller nun home beluso que anda á viruta.

*Condición de mulemba, muller de **malembe**,*

esperanza rota.

Condición de muller, puta triste e taberneira.

Condición de muller, baleiro nas poteiras, almofadas rotas.

Bragas, sucias.

Condición de muller..

Cidades

Nun dos poemas de *Cidades* tamén aparece ‘malembe’:

(Alonso, 2005: 22)

*Os camións entran na cidade
pola estrada principal
abaneado
o seu corpo torpe
de elefantes feridos buscando **malembe**.
Gústame velos no porto,
ó atardecer,
enchendo de sardiña
os seus estómagos baleiros..*

Cemiterio de elefantes

En *Cemiterio de elefantes* ‘malembe’ aparece en tres relatos e no final do libro.

“03 AM” (Alonso, 2007a: 59-60):

*... Sírvolle a cervexa sen cobrarlla. Bébea pola botella e logo marcha a perderse na noite, quen sabe onde. Sempre admiro a súa liberdade de **malembe**....*

“07 AM” (Alonso, 2007a: 107):

*... Se cadra debeu marchar mundo adiante, buscando áfricas, **malembe**, entre o siroco, perseguindo a liña branca da estrada até perderse.*

“08 AM” (Alonso, 2007a: 116):

*...Era un home digno, o negro, que non se deixaba asustar con facilidade pola verborrea brutal do Portugués. O seu maxín de **malembe** nunca dera en comprendelo de todo.*

O final do libro (Alonso, 2007a: 121):

*... Hai fume, quentura. Os cristais, embofados. Non chove, xa. O día escampou. Está claro, o ceo. De **malembe**. Cando todos se erguen, ela déitase.*

b) *tretremi*

‘Tretremi’ é outra das palabras empregadas polo escritor angolano José Luandino Vieira, por exemplo no libro *No antigamente, na vida* (Vieira, 1974: 17):

*Tirei logo-logo a mão pecadora, fiquei de pé, **tretremi**: o Zeza que era um negro arcanjo, sem cara e sem nome, o sol no detrás dele é quem fazia..*

En *Males de cabeza* a palabra aparece no relato “O ceo amarelo” (Alonso, 2001a: 109):

A dor do fígado incrementouseme e un desagradable tretremi apoderouseme de todo o corpo, facéndome palidecer de receo e angustia..

O autor do libro explica que “a palabra ‘tretremi’ ten sentido de ‘tremor’, non de terra senón corporal, neste contexto.” Como repite Fran Alonso: “eses significados son reinventados por min, non son reais, aínda que pasan a selo nos meus libros. A literatura pódeo todo. É reinvención. Esa é a súa mellor arma.”

A palabra atopámola tamén noutras obras do autor: *Tortillas para os obreiros e Subversións*.

Tortillas para os obreiros

Neste libro ‘tretremi’ aparece no poema “Manteño un home pirata” da Secuencia A (Alonso, 2001c: 82):

*...Tes fillos cafofos coma vacas frías
que che enchen de cristais os calcañares.
Por iso o **tretremi** deste barco é a miña agarimosa
apocalipse maternal..*

Subversións

En *Subversións* ‘tretremi’ aparece no poema “besmelh, filla da nube 4.” (Alonso, 2001d: 25):

*... Ma El Ainin, alma miña, asiste ao teu pobo exiliado,
cúbreo de dátiles, inxéctalle pedramol na barricada
e fai que o **tretremi** atroz das nosas vísceras
nos dea*

Territorio Liberado..

c) cacimbo

A palabra ‘cacimbo’ significa ‘os meses secos’, en Angola por exemplo. Tamén pode significar ‘bruma’, ‘néboa’. O comentario de Fran Alonso con respecto a ‘cacimbo’ é o seguinte: “Esta palabra si que existe, na literatura africana en lingua portuguesa (no escritor Luandino Vieira, por exemplo). Vén do quimbundo, unha lingua de Angola. Pero eu sométoa a unha extorsión semántica. Sería algo así como ‘cincenta’. Pero é intraducible.”

En *Males de cabeza* atopamos ‘cacimbo’ no relato “Hamburgo, tan intimamente” (Alonso, 2001a: 117):

*Hamburgo sempre chovía. Os días deixaban caer a súa poalla de **cacimbos**, cincenta, con aquel neboeiro de pedramol que se introducía por todas as fendas da cidade húmida..*

Noutros dos relatos a base de ‘cacimbo’ o autor chega a inventar a palabra ‘cacimbada’:

“A tolemia é un sombreiro (2)” (Alonso, 2001a: 11):

*Non me dou explicado por qué un gato, se cadra porque nunca están seguros cando os tocas e, de feito, interésanme bastante os gatos, quizais na medida en que eu tamén son desconfiado, e bícoos moi a miúdo a todos, cando os vexo bícoos, inicialmente a modiño e logo xa con paixón, e o máis curioso é que se deixan bicar por min, todos se deixan bicar, posiblemente porque pensan que son un deles, non o sei, é algo no que teño matinado moito, e a verdade é que me parece estraño, que se deixen bicar así, sen máis; de aí que estea practicamente seguro de que son un gato, un gato triste e solitario, tremendamente solitario, porque a maior parte dos gatos levan escrita a soidade neses ollos crípticos que teñen, que parecen de goma fosforescente, **cacimbada**.;*

“O ceo amarelo” (Alonso, 2001a: 106):

*Empecei a camiñar cada vez máis a modo, coma se unha fatiga descoñecida e ilocalizable me rubise corpo arriba, procurando praza de hóspede na miña mente **cacimbada**..*

Fran Alonso di tamén que “é unha palabra africana que na versión galega tampouco entende ninguén. O que busco aí é, sobre todo, a sonoridade e a estrañeza desa palabra.”

Por iso na tradución de *Males de cabeza* ao polaco a palabra non está traducida, senón que adaptada ao polaco. Así que “a poalla de cacimbos” queda como “deszczyk kacymbów” e ‘cacimbada’ como ‘skacymbacona/y’.

Outros libros de Fran Alonso nos que aparece a palabra ‘cacimbo’ son *Subversións* e *Cartas de amor*.

Subversións

En *Subversións* atopámola en tres poemas. O primeiro é “besmelh, filla da nube 1.” (Alonso, 2001d: 19):

... *Vibra a luz na lingua, e nomadeas
bébeda, coa esperanza do alacrán,
saharauí de **cacimbo** zumegante,*

O segundo poema titúlase “a guerra, vertedeiro abaixo” (Alonso, 2001d: 38):

... *A guerra é unha nena que se afixia nunha garrafa,
un caimán cafofo que espreita a noite con navallas.
Si, miña sarda, mira para europa, míraa,
o consabido progreso, casoupa da necesidade,
da impotencia, como vomita mentres
algúns danos colaterais se licúan entre o **cacimbo**,
nas esquinas, eses corners de play-game, a ollos
de piloto azul, marines, elite.*

O último poema de *Subversións* no que aparece a palabra ‘cacimbo’ é “galicia” (Alonso, 2001d: 67):

...*Entre as cruces de pedra unha hai onde medra a caramiña; esa
é a que vale, que a súa semente nos leve a con carneau,
cacimbo gris
que alerta a madrugada. Abre os teus pulmóns, inflama os
bronquiolos,*

Cartas de amor

En *Cartas de amor* atopamos ‘cacimbos’ no relato: “Illegal” (Alonso, 2006: 21):

*... As semanas que pasei en Málaga lémbroas coma se habitase entre unha difusa néboa de **cacimbos**. Aínda non dera aceptado a miña nova situación: nin a morte de Assane, nin a miña presenza nun país estraño.*

d) cafofo

En *Males de cabeza* no relato “O ceo amarelo” atopamos a palabra ‘cafóficos’, un adxectivo inventado a base da palabra ‘cafofo’, como ‘pedramólico’ de ‘pedramol’ e ‘cacimbada’ do ‘cacimbo’.

“O ceo amarelo” (Alonso, 2001a: 108):

*Entre aquela herba, que por veces me daba pola cintura e por veces me alcanzaba o peito, unha brumosa claustrofobia apoderábase de min. Os meus pés avanzaban, un tras outro, **cafóficos**, en tanto eu arelaba poder botar man dun tranquilizante que me relaxase durante un tempo..*

Fran Alonso explica que “é unha palabra africana, que existe como sustantivo ‘cafofo’, pero non como adxectivo. Poderíamos asignarlle o significado de errantes, pero preferiría non traducilo.”

A palabra ‘cafofo’ aparecera tamén na literatura de José Luandino Vieira, por exemplo en *Velhas estórias*, onde significa ‘persoa cega’, coma nalgunhas outras obras de Fran Alonso.

Outros libros de Fran Alonso, nos que aparece a palabra ‘cafofo’ e os seus variantes son: *Tortillas para os obreiros*, *Subversións*, *O brillo dos elefantes*, *Cemiterio de elefantes*, *Cartas de amor*.

Tortillas para os obreiros

En *Tortillas para os obreiros* atopamos a palabra ‘cafofos’ no poema “Manteño un home pirata” da Secuencia A (Alonso, 2001c: 82):

*... Tes fillos **cafofos** coma vacas frías
que che enchen de cristais os calcañares.
Por iso o tretremi deste barco é a miña agarimosa*

apocalipse maternal..

Subversións

En *Subversións* a palabra ‘cafofo’ e as palabras creadas a partir dela aparecen catro veces, en catro poemas diferentes.

A primeira vez atopámola no poema “milenio” no que Fran Alonso crea unha palabra nova ‘cafofamente’:

“milenio” (Alonso, 2001d: 15):

*... a propia liña oblicua censurada. O milenio é unha
viaxe polo fracaso interior que Ser Humano construíu
contra si mesmo, unha droga que nos devora os sesos e
nos pringa de neurose, liña dos tempos esquizofrénicos,
esa cascuda vermella que se nos instala no cerebro,
cos nervios de neoesparto, topónimo que abunda
na xeografía do corponoso, liña a liña no milenio milenísimo,
profundo portal por onde navegamos **cafofamente**
sacudindo os brazos e cos tendóns inflados;*

Despois aparece no poema “insumisión” (Alonso, 2001d: 32):

*... Por iso te descubro, rebelde,
nos que obrigan pola forza brava,
cafofos de mente fofa, fofamente falan.*

O terceiro poema no que se atopa a palabra ‘cafofo’ titúlase “a guerra, vertedeiro abaixo” (Alonso, 2001d: 38):

*... A guerra é unha nena que se afixia nunha garrafa,
un caimán **cafofo** que espreita a noite con navallas.
Si, miña sarda, mira para europa, míraa,
o consabido progreso, casoupa da necesidade,
da impotencia, como vomita mentres
algúns danos colaterais se licúan entre o cacimbo,
nas esquinas, eses corners de play-game, a ollos
de piloto azul, marines, elite.*

O último poema de *Subversións* no que aparece a palabra ‘cafofo’ na versión feminina é “galicia” (Alonso, 2001d: 65):

*... territorio sen plasma, insegura reserva comanche onde
a clase media
foi acusada de egoísmo, nación que perdiches a fe en ti
mesma,
miseria **cafofo** que provoca enfermidade da alma, Galicia,
traíña atlántica....*

O brillo dos elefantes

En *O brillo dos elefantes* atopamos a palabra ‘cafofo’ no seguinte fragmento:

(Alonso, 1999: 14):

*Agora, a avoa apenas ten forzas para contar nada. Está cega **cafofo** coma unha vaca vella. A miña pobre doente, a señora Mirta, miña avoa. De cando en vez, as febres altas fana delirar e di cousas sen sentido.*

Cemiterio de elefantes

En *Cemiterio de elefantes* a palabra ‘cafofo’ aparece tres veces no relato “07 AM”:

“07 AM” (Alonso, 2007a: 105):

*Era todo o que sabía: a vida, un barco de piratas. E coma un pata pau calquera, cego **cafofo**, impedido e deventaxado, atopouse descargando lura das Malvinas naquel Mar de Vigo. ...;*

“07 AM” (Alonso, 2007a: 106):

*...¿Por qué se lle ocorrería o das abellas? Mellor sería seguir tirando muros, subindo estadas, sendo porteiro daquela sucia e delirante discoteca, vendendo roupa de muller durante un ano sen cobrar un peso, revendendo polbo para a Escola Náutica, descargando peixe ou mesmo, mesmo soportando fugas de amoníaco, **cafofo**, nos pulmóns cegos....;*

“07 AM” (Alonso, 2007a: 102):

*...Cun movementu instintivo e irracional botouse sobre a cama. Milleiros de imaxes cruzáronselle de súpeto pola mente. Imaxes vitais, do pasado. Do seu pasado. Descubriuse esvarando a tentas por un andamio abaixo, cego coma **cafofo**, animal desesperado que tenta saír con vida dunha fuga de amoníaco....*

Cartas de amor

En *Cartas de amor* atopamos a palabra ‘cafofa’ no relato “Lonxe” (Alonso, 2006: 115):

*... Agora, logo deste ano asfixiante, sinto que preciso romper este illamento, esta soidade que me aboca a alimentarme só de lembranzas. De nostalxia **cafofa**. Porque só de nostalxia non se pode vivir. E eu necesito vivir.*

e) cazumbi

‘Cazumbi’ é outra palabra da procedencia africana que Fran Alonso usa con frecuencia na súa obra. Como explica e indica o autor, “os cazumbis son espíritos errantes nas mitoloxías africanas, as fantasmas errantes”, daquela o correcto é non traducir esta palabra.

En *Males de cabeza* atopamos a palabra ‘cazumbi’ no relato “O fareiro” (Alonso, 2001a: 170):

*Coa pel electrizada, incontroladamente neurótico, **cazumbi**, volveu coller o coche, a máis velocidade que nunca, levitando coma un espírito por riba da liña branca da estrada, e cando chegou tremíalle o corpo coma un cefalópodo nervioso, sobre todo polo que os seus ollos descubriron..*

A palabra ‘cazumbi’, como moitas outras palabras da procedencia africana na obra de Fran Alonso, tamén a empregou en varios libros seus José Luandino Vieira.

Outros libros de Fran Alonso nos que tamén se atopa a palabra ‘cazumbi’ son: *Tortillas para os obreiros*, *Subversións*, *Cemiterio de elefantes*, *Silencio*, *Cartas de amor*.

Tortillas para os obreiros

En *Tortillas para os obreiros* a palabra ‘cazumbi’ aparece no poema “Desde o barco” da Secuencia A (Alonso, 2001c: 90):

*...Se cadra ha estar calquera enfermo na ventá,
coma un **cazumbi**,
a ollar este mar triste.*

Subversións

Neste libro atopamos a palabra no poema titulado “periferia” (Alonso, 2001d: 46):

*... vivindo con simbad en bagdad, cos trópicos nas orellas
sen cera. Somos e nin sequera somos, só, sendo e
porque o centro esfondelolla a terra, faise inferno,
inverno, clausura o estaño. O silencio son as voces
de embalo, **cazumbi**, un mar fresco que atrae
os espíritos de améndoa, alguén **bembón**, o río librando
en saint louis, djemaa el fna, unha rúa de bombai....*

Cemiterio de elefantes

‘Cazumbi’ aparece tamén en *Cemiterio de elefantes* no relato “07 AM” (Alonso, 2007a: 105):

*... E chorara, coma un parvo. Mente parva que tan parvamente chorara,
acochado. Baixo as mantas tremía. escoitando as voces da xente que saía da
discoteca, tremía. Acochado, erguido, tomando pastillas, coma un **cazumbi**,
errante tras os barbitúricos, no corazón dos ansiolíticos, probando os
antidepresivos.*

Silencio

A novela breve *Silencio* é outro libro no que atopamos a palabra ‘cazumbi’.

(Alonso, 2001b: 34):

*...Pero o colmo foi o que sucedeu unha noite. Sobre as cinco da mañá, porque
non lembro a hora exacta, espertáronme unhas voces delicadas, interpretando
unha melodía suave que procedía dese mesmo piso. A melodía estaba
acompañada por numerosos e complexos efectos vocais. Estívenos escoitando,
incorporado sobre a cama, **cazumbi** perdido. Non daba creto. Parecía a banda
sonora dunha película de Spielberg. Soaban a media voz, coma se fosen
emitidos por un magnífico aparato de hifi afastado e amortecido.*

Cartas de amor

A última vez onde atopamos ‘cazumbi’ na obra de Fran Alonso é no relato “Ilegal” de *Cartas de amor* (Alonso, 2006: 20):

*... Naqueles intres de esgotamento e confusión sentínme Presa da vertixe: Nin sequera era quen de pensar. **Cazumbi**, somnábula, camiñei durante varias horas pola beira dunha estrada até que, nunha pequena vila, atopei a dous senegaleses vendendo teas.*

f) cabobo

O comentario de Fran Alonso con respecto ao significado da palabra ‘cabobo’ na súa obra é o seguinte: “Non lembro se existe realmente nas linguas africanas ou é unha invención que eu fixen a partir de ‘cafofo’. Máis ben me inclino por isto último. Non ten un significado claro, aínda que sería algo así como un fantasma errante, igual que ‘cazumbi’. O correcto é non traducila.”

En *Males de cabeza* a palabra ‘cabobo’ atopámola no relato “05 AM(Vigo)” (Alonso, 2001a):

*–Como posuído por unha forza irresistible, críptica e capaz, o meu mozo abriu a porta e saíu do cuarto, espido como estaba, medio en transo, xordo ante os meus berros amedrentados e incrédulos que o chamaban para que retornase onda min, e acabou por sumarse, errante, coma un **cabobo**, a aquela longa fileira de rapaces frades. Eu retrocedín, asustada, temendo que me levase tamén a min; así que puxen a camiseta que deixara deitada sobre a moqueta, vestín os pantalóns, e saín ó corredor..*

Cómpre engadir que a palabra ‘cabobo’ empregouna tamén José Luandino Vieira en *Luuanda* cunha nota a pé de páxina explicando a palabra ‘cabobo’: “‘cabobo’ — sem dentes, desdentado”.

(Vieira, 1982: 43):

*O riso cabobo * de Lomelino barulhou no meio do escuro e o outro riu também, cheio de vontade..*

g) auga gorda

‘Auga gorda’ tamén pertence ao léxico de Fran Alonso e repítese en varios libros seus. O comentario que fai o autor con respecto a esa expresión é o seguinte: “Asociación que collín dos escritores africanos. (...) O que busco agora non é tanto a estrañeza da palabra (as dúas, por separado, existen en galego: ‘auga’ e ‘gorda’) como a estrañeza que produce a unión desas dúas palabras (o adxectivo ‘gorda’ referida ao sustantivo ‘auga’), polo que aí paréceme que se debería traducir ao catalán como ‘aigua grassa’ e ao castelán por ‘agua gorda’. Débese traducir sempre.”

En *Males de cabeza* atopamos a expresión ‘auga gorda’ en dous relatos. O primeiro titúlase “O ceo amarelo” (Alonso, 2001a: 106):

*Agora o roce da herba nas pernas parecíame unha masa de **auga gorda**, lamacenta, que me dificultaba o paso..*

O segundo relato é “Hamburgo, tan intimamente” (Alonso, 2001a: 119):

*Polo xeral quedaba coas que mostraban primeiros planos violentos, grotescos (vaxinas de esparto amarradas por mans de lúpulo, peludas, bocas sorbendo pirolas de cervexa, tan espirituais, linguas estilizadas, coma serpes), tamén coas que ensinaban mulleres rabiosas, almas perdidas facéndoo entre elas, acariñándose as tetas, mordéndose o pube ós poucos; pero nunca as que mostraban homes sós, homosexuais, **auga gorda**..*

A expresión ‘auga gorda’ está presente tamén noutras obras de Fran Alonso: *Tortillas para os obreiros*, *Cidades*, *Subversións*, *Cartas de amor*.

Tortillas para os obreiros

En *Tortillas para os obreiros* aparece no poema “Manteño un home pirata” da Secuencia A (Alonso, 2001c: 82):

*...Hoxe a familia é un fetiche de **auga gorda**,
unha evaporación de alcohol.
Tes fillos cafofos coma vacas frías
que che enchen de cristais os calcañares...*

Cidades

A expresión ‘auga gorda’ aparece tamén nun dos poemas de *Cidades*:

(Alonso, 2005: 10):

*Estudiei nun pupitre de **auga gorda**
nunha escola onda o mar.
E no recreo ía pescar luras
na chalupa do meu avó.
Aprendía a escribir nunha clase pequena,
de persianas de sal.*

*No encerado nacían peixes,
e gamelas nos ollos do profesor.
Os meus compañeiros eran xoubas
e eu un tiburón.
O mar anegaba as rúas da cidade,
e tiñamos que nadar para salvarmos
ata que tocaba, sempre a tempo,
o timbre do recreo..*

Subversións

En *Subversións* atopamos a expresión ‘auga gorda’ no poema “besmelh, filla da nube 4.” (Alonso, 2001d: 25):

*Ma El Ainin, Califa do deserto,
sabio entre os sabios,
fillo de Mahoma,
eu invócote no meu nome
de area, onde me din Besmelh Haumdi,
e son filla de caravaneiro, nacida nun frig,
educada entre o siroco,
con forza abonda para converterme en
vitrocerámica sísmica, **auga gorda** que almaceno
na epiderme, berros no embalo,
osixeno, algodón e
unha lanza longa contra o corazón do putrefacto
invasor.*

Cartas de amor

En *Cartas de amor* a expresión ‘auga gorda’ aparece dúas veces no relato “Lonxe”, ambas veces referíndose ao océano.

“Lonxe” (Alonso, 2006: 112):

*... Por iso o noso amor é imposible. Entre nós interponse un océano de **auga gorda** que separa os continentes en que vivimos.*

“Lonxe” (Alonso, 2006: 122):

*... Un océano de **auga gorda** interponse entre nós. Por iso, desde Galicia, desde Gondomar, envíoches o meu derradeiro bico.*

h) mulemba

‘Mulemba’ é outra palabra da procedencia africana adaptada á obra de Fran Alonso pola sonoridade. Como explica o autor: “Evidentemente, aquí hai un xogo de fonemas bilabiais, buscando sonoridade para o texto. Orixinariamente creo que é o nome dunha árbore, e creo que se dá nas zonas onde hai elefantes. Agora é tamén un topónimo en Angola e un antropónimo (nome ou apelido) en varios países africanos”.

A palabra ‘mulemba’ tamén está empregada na obra literaria de José Luandino Vieira.

En *Males de cabeza* a palabra ‘mulemba’ aparece en dúas veces. A primeira vez no relato “Estou tolo” (Alonso, 2001a: 151):

*Este perfume a canela, o arrecendo a especias, a lombo de elefante, a **mulemba**, que fai que o cerebro me estea indo para atrás no tempo..*

A segunda vez atopámola no capítulo breve “A tolemia é un sombreiro (17)” (Alonso, 2001a: 153):

*Ultimamente estou a comprobar con satisfacción que co meu inmenso amor azul ós gatos, trépome a esa tenrura de tolos que hai neles, esa tenrura que os fai tolos, tolos, tolos, acróbatas dementes no abismo da súa soidade, e eu mesmo deito tamén sobre a súas peles aveludadas os meus bicos apaixonados, de tolemia morna e pousona, coma o viño bo, porque, mira, **mulemba**, non hai que pensar que toda a tolemia sexa un desastre..*

Outros libros nos que atopamos a palabra ‘mulemba’ son: *Tortillas para os obreiros*, *Subversións* e *Cemiterio de elefantes*.

Tortillas para os obreiros

En *Tortillas para os obreiros* ‘mulemba’ aparece no poema “Condición de muller” da Secuencia A (Alonso, 2001c: 92):

*Condición de muller,
destino centrifugado.
Condición de muller facendo tortillas.
Condición de muller na sorte das bateas.
Condición de muller neste barco de serrín.
Condición de muller nos ollos de obreiros de goma.
Condición de muller nun home beluso que anda á viruta.
Condición de **mulemba**, muller de malembe,
esperanza rota.
Condición de muller, puta triste e taberneira.
Condición de muller, baleiro nas poteiras, almofadas rotas.
Bragas, sucias.
Condición de muller..*

Subversións

A palabra ‘mulemba’ aparece catro veces en *Subversións*, en tres poemas. O primeiro poema titúlase “besmelh, filla da nube.1” (Alonso, 2001d: 19):

*... Porque o frío abisal trae
recendos de Smara ofrézoche té,
e unha melfa que abre o vento de camelo
e dátiles made in switzerland
dígase fágase axítese campamento
de refuxiados en pé
e sairá futuro de goma, hasanía
mulemba en cachizas.*

O segundo poema no que atopamos a palabra ‘mulemba’ é “galegonía” (Alonso, 2001d: 56):

*... lingua lentamente longa, longamente lingua,
que es lamprea de boca enorme
a ferver no teu sangue, vivamente alma,
corcubión, vibración en aluvión,
mulemba, que en namibia se che fala
para seres duna que leveda e cambia,....*

O terceiro poema no que atopamos a palabra ‘mulemba’ dúas veces titúlase “periferia” (Alonso, 2001d: 44):

*... só, afastamos a poeira de nós, fendéndonos, e por iso
silencio no cráter, silencio na morte porque os corvos
voan rasante, periféria amante, que nos dilúe na terra
de tanta erupción, existímonos, sós, **mulemba** que retorna
desde o mar, entero graneiro de matmata que nos sementa
e alimenta, canción de aceite de gioconda beli, ciclón,
furacán,...*

*... pero linguas de marca que cheiran a colonia, targui,
nunca renunciemos, nosa que nos demos, que nos deron
actitude córnea das nosas vidas de extracentro, esa melodía
de áfricas burlonas no corazón que se escoita
de nuakchott a soweto, para o insomnio d luz,
mulemba, a mamila agre das mulleres de leite que algún día
soñaron coas dunas en taghit de cristal, soas, son.
Esmigallada terra, carbónica periféria de magma
quente, soidade de lava, somos sós sendo sós, sobordando.
Nós en mequinesa, en posoltega, sobre o fogo verde,
código nicolás guillén agurgullado na cuba ioruba, na beleza
brutal de kenzaburo oé, fondeado e só, oasis para bailar....*

Cemiterio de elefantes

En *Cemiterio de elefantes* a palabra ‘mulemba’ aparece no relato “07 AM” (Alonso, 2007a: 103):

*O seu son. A súa tolemia entomolóxica. Os terribles pesadelos. Sentiu o arreguizo, brutal, coma un elefante esmagando **mulemba**. Cun movemento instintivo e irracional botouse sobre a cama..*

i) moleque

No relato “A señora Lola” de *Males de cabeza* Fran Alonso emprega a palabra ‘moleque’:

“A señora Lola” (Alonso, 2001a: 56):

*Entretanto, a señora Lola fabrica tortillas mentres o pensamento se lle vai ó fillo, cousas da depresión, que sabe cristo bendito en qué portal andará tirado, ou morto, coma un **moleque** descomposto, adorando un deus hipodérmico e malnacido. E logo as fillas, dúas, lacazás coma elas soas, preguiceiras e libertarias, estragos dunha familia que lle enche de cristais os calcañares..*

Segundo o autor é outra palabra do portugués africano. Fran Alonso comenta: “Creo que o seu significado orixinario é un meniño negro, un garoto, ou algo así. Tamén está moi estendido na antroponimia africana (apelidos). Non debe ser traducida.”

Subversións

A palabra ‘moleque’ aparece tamén en *Subversións* no poema “periferia” (Alonso, 2001d: 45):

*... O silencio é arrabaldo na terra, esa corda de sol só se
as ovellas de cymru falasen de seu, funaná, soquerón
de antecedente quechua, papagaio de arroz; quéntanos
a vitrocéramica dos **moleques**, as mamas dunha muller
virxe, un caranguexo espeso, o azucre dos casulos,....*

j) wolof

O ‘wolof’ é a lingua de África central. Tamén é o nome do grupo étnico que fala este idioma e vive, sobre todo, en Senegal, pero tamén en Mauritania e Gambia.

En *Males de cabeza* Fran Alonso refírese a ‘wolof’ no capítulo breve “A tolemia é un sombreiro (18)” (Alonso, 2001a):

*Teñen un concepto limitado do que existe fóra das paredes inexpugnables; nunca se atreverían a saír porque cren que os lobos, ladrando en **wolof**, están a esperar por eles. O meu ardor de gato tenos desconcertados..*

O autor explica o uso da palabra no fragmento citado arriba coas seguintes palabras: “Aquí emprégoa porque a palabra tamén lembra a ‘lobo’ en inglés e en alemán (‘wolf’ en inglés e ‘wulf’ en alemán) e inmediatamente antes falaba dos lobos.”

‘Wolof’ aparece citado tamén noutras obras de Fran Alonso: *Subversións* e *Cartas de amor*.

Subversións

En *Subversións* ‘wolof’ aparece no poema “galegonía” (Alonso, 2001d: 59):

*... Software da miña dignidade, arañeira cósmica,
pezón de osíxeno, mapuche, biscoito de pínzo,
leite linguodental, sorgo, abrázote.
Idioma de TODOS SOMOS TI, zapoteco,
quechua, u corsu de i muvrini,
recoñézote no **wolof**, que atravesa a sabana,
en yossu’n dour, no crioulo que rebenta en cesárea évora....*

Cartas de amor

Neste libro ‘wolof’ aparece no relato “Ilegal” (Alonso, 2006: 17):

*... O silencio aburatoume o corpo, inzoume as Vegas con avelaiñas mortus, e agora sinto que todo me ferve por dentro, a piques de rebentar. A miña boca **wolof** está abrasada coma un tizón. E, con todo, aquí, os nosos, a ente do Senegal, os que Se decidiron a emigrar a Europa en busca do Meller sorte, Conan Mitas mentiras.*

3.4.2 Palabras inventadas a base de léxica africana

a) casambuleiro

Fran Alonso emprega a palabra ‘casambuleiro’ no relato “O ceo amarelo” (Alonso, 2001a: 109):

*Unha tormenta. De súpeto, ocorreu, comezou a chover. Caeu unha intensa chuvia de fideos, grosos, amarelos, **casambuleiros**..*

Como explica o autor: “Aquí só pode ter un significado inconsciente. É outra creación miña a partir dunha base léxica africana. Iso faino moito Mía Couto, o escritor mozambicano. De xeito inconsciente, a palabra construína a partir da lembranza de ‘casulo’, que é o pau que queda logo de debullar unha espiga de millo. Ese pequeno pau que está no corazón da espiga, e que está moi ligado á miña infancia. É unha palabra que me parece moi persoal, moi apetecible, moi amorosa, quizais por iso. E os ‘casulos’ lembran os fideos. Para min ten un claro sentido positivo.”

Alén de *Males de cabeza*, esa palabra inventada por Fran Alonso atopámola tamén no libro *Subversións*.

Subversións

Nese libro aparece en dous poemas. O primeiro é “galegonía” (Alonso, 2001d: 55):

*... Animaloral, linguana que a boca ama,
cousa de entre dentes, de entrecordas que se di raíz,
feitío elegante, son de melocotón,
liberación vocal
de lingua que vibra, alma viva
que aniña no peito coma unha nasa de laranxas,
idioma miñoto de meu, berciano,
transfronteirizo, **casambuleiro**, eilao
acúdeme.*

O segundo poema no que aparece a palabra ‘casambuleiras’ títulase “galegonía” (Alonso, 2001d: 56):

*... Animaloral, cousa de min, eu, meu, subcutánea,
que abrolla desde o epicentro do corazón, do mundo,
no galego do altiplano, na chaira jipijapa,
no útero liberador das negras **casambuleiras**,
na revolución da miña gorxa, subversión
definitiva,
cousa que vence*

coma o silencio....

b) cambutas

En *Males de cabeza* atopamos a palabra ‘cambutas’ no relato “05 AM (Vigo)” (Alonso, 2001a: 143):

*Quedei abraiada. Ó longo do corredor e, por suposto, xusto detrás da porta, había un exército de nenos, baixos, gordechos, **cambutas**, cun pelo liso e recortado que lles baixaba cubríndolle a fronte e tapándolles as orellas, peiteados coma frades, de cariña doce e redonda, todos iguais, sen que ningún se puidese diferenciar doutro, nin sequera pola roupa, pois vestían todos do mesmo xeito, unha especie de mandilón gris apretado, que lles marcaba a panza.*

Fran Alonso explica a palabra dicindo: “Creo que tamén é unha invención miña a partir de raíces africanas. Sería algo entre a androia (botillo no Bierzo), esa especie de embutido de costela de porco adobada, e o butano. Non sei, a cabeza levoume aí. Ten o mesmo significado que os outros sinónimos do seu contexto.”

A palabra ‘cambutas’ non aparece noutras obras do autor.

3.4.3 Cultura e literatura de Centroamérica

a) talolinga

Segundo o indica Fran Alonso, a palabra ‘talolinga’ “procede das linguas amerindias de Centroamérica. Evidentemente, indica movemento, como ‘tretremi’, pero en realidade é un invento meu nese contexto. Non ten tradución posible.”

En *Males de cabeza* atopamos a palabra no relato “A señora Lola” (Alonso, 2001a: 56):

*Esa é sempre a peor hora. Entre as dez e as once, todos teñen fame e berran e parece que a barra tremese, como na **talolinga**, co timbre das súas voces brumosas..*

Cómpre engadir que ‘Talolinga’ é tamén o nome dunha localidade en Nicaragua.

Por primeira vez Fran Alonso empregou a palabra ‘talolinga’ en *O brillo dos elefantes* e despois nun dos poemas de *Subversións*.

O brillo dos elefantes

Neste libro a palabra está ao lado do lugar no que a terra treme:

O brillo dos elefantes (Alonso, 1999: 13):

*O papá e a mamá queríanse moito. A avoa Mirta conta que se coñeceron hai moitos anos, na guerra, e que unha faísca de espigas del sol prendeu entre eles e ese amor xa nunca se esgotou. Tal e como a avoa o conta, con tanta paixón, semella que se coñeceron na **talolinga**, aló onde a terra treme..*

Subversións

En *Subversións* atopamos a palabra ‘talolinga’ no poema “galicia” (Alonso, 2001d: 67):

*... Aprende a convivir na **talolinga**, fai dela unha poción,
esnaquiza
os pazos encantados, carabela de xeadas que disque gardas
nas entrañas
verdes náufragos de pé. Queremos sentir a túa epiderme de magdalena,
menstruando, Galicia cafusa, pedramarrada, liquida as
neuroses*

b) bembón

A explicación de Fran Alonso da palabra ‘bembón’ é a seguinte: “É unha palabra que procede da poesía de Nicolás Guillén e que eu incorporei á miña. É unha palabra cubana de orixe africana.”

En Cuba chámase ‘bembón’ a persoa que ten ‘bembo’ (o labio gros e tosc). Neste mesmo contexto aparece no poema titulado “Negro bembón” de Nicolás Guillén:

“Negro bembón” (Guillén, 1979):

*¿Po qué te pone tan brabo,
cuando te dicen negro bembón,
si tiene la boca santa,
negro bembóm?
Bembón así como ere
tiene de tó;*

*Caridá te mantiene, te lo dá tó.
Te queja todavía,
negro bembón;
sin pega y con harina,
negro bembón,
majagua de drí blanco,
negro bembón;
sapato de dó tono,
negro bembón.
Bembón así como ere
tiene de tó;
Caridá te mantiene, te lo dá tó..*

En *Males de cabeza* atopamos a palabra ‘bembón’ no relato “A señora Lola” (Alonso, 2001a: 54):

*Ás tardes vai ó bar, con ese andar **bembón** que ten, e alí queda, cos amigos e a botella de caña, a xogar ó dominó. A muller ultimamente sente desprezo por el. Está farta de mantelo, farta de soportalo, farta de velo, farta de querelo..*

No fragmento citado arriba o autor define a palabra: “a mellor metáfora que se me ocorre para definir o seu significado é a forma que ten Fraga de camiñar. Torpón, ou algo así, que se balancea. Eu deixaría sen traducir.”. Segundo Fran Alonso “non importa que haxa palabras que non se entendan. Nos meus textos en galego pasa o mesmo e o lector/a intúe. Ese tamén é o seu papel.”

Fran Alonso emprega tamén esa palabra en *Subversións e Cartas de amor*.

Subversións

En *Subversións* a palabra ‘bembón’ aparece en dous poemas. A primeira vez no poema “a guerra, vertedeiro abaixo” (Alonso, 2001d: 37):

*...Leva camiseta negra, erguida coma un mísil
polos seus peitos **bembóns**, sobre os que se pode ler,
estampadas en tea e con palabras da súa lingua de paz,
que sa guerra faghet male a totu, en letras marelas
que rematan en finza a sos qui binchent.*

A segunda vez atopámola en “periferia” (Alonso, 2001d: 46):

*... vivindo con simbad en bagdad, cos trópicos nas orellas
sen cera. Somos e nin sequera somos, só, sendo e
porque o centro esfonselolla a terra, faise inferno,
inverno, clausura o estaño. O silencio son as voces
de embalo, cazumbi, un mar fresco que atrae
os espíritos de améndoa, alguén **bembón**, o río librando
en saint louis, djemaa el fna, unha rúa de bombai....*

Cartas de amor

En *Cartas de amor* a palabra ‘bembón’ aparece no relato “Ilegal” (Alonso, 2006: 23):

*... E unhas horas máis tarde, convencida por aquel home, e sen saber moi ben
como, eu paseaba o meu corpo **bembón** por pequenos sendeiros de terra,
poeirentos e solitarios, que me levaban cara ao incógnito e o descoñecido.*

c) totumbla

A palabra ‘totumbla’ atopámola en *Males de cabeza* no relato “05 AM (Vigo)” (Alonso, 2001a: 140):

*Por detrás das cortinas escoitábase un **totumbla** de voces e pasos e intuíase un
continuo e intenso movemento. As outras, as que estaban con ela, solicitaronlle
que comezase a historia desde o principio, de forma clara e tranquila..*

Fran Alonso di que ‘totumbla’ é unha voz amerindia que empregou en *O brillo dos elefantes*.

Compre engadir que ‘Totumbla’ é tamén o nome dunha localidade Nicaragua.

O brillo dos elefantes

En *O brillo dos elefantes* atopamos a palabra ‘totumbla’ no seguinte fragmento:

(Alonso, 1999: 27):

*E por ver, vexo moito. Vexo as bategadas que caen na estación das chuvias coa
forza dos elefantes vexo as mans engurradas da avoa Mirta, coma se as tivese
utilizado durante mil anos; vexo o pelo longo de Violeta, caéndolle coma se*

*fosen pólas de tamarindo; vexo os rapaces disparándose no monte cando xogan, vexo a mamá, almorzando un enorme vaso de café negro cando se ergue de mañá; vexo o silencio mesto e inquietante que ás veces se apodera das cousas coma se pronunciase a palabra guerra; vexo o **totumbla** que arman as galiñas cando senten os disparos dos paramilitares que baixan de noite buscando sangue; vexo os ollos cansos e preocupados de Taquín, que parece coma se estivesen dentro deles un mago que engaiola; e as veces vexo a selva, se camiñamos moito tempo afastándonos da aldea..*

3.4.4 Palabras inventadas a base de toponimia galega

a) *pedramarrada*

A palabra ‘pedramarrada’ atopámola en *Males de cabeza* no relato “05 AM (Vigo)” (Alonso, 2001a: 146):

*De súpeto, a rapaza abriu os ollos e a boca, instintivamente. Pastillas, díxose. Abriu e pechou as mans. Tiña os tendóns flácidos, coma plátanos. Estaba mal, sentíase **pedramarrada**..*

Como explica Fran Alonso: “É un topónimo que existe en Galicia, na costa entre Muros e Cee. Pareceume un topónimo tan fantástico e sonoro que o incorporei inmediatamente aos meus textos (iso aprendino moito de Valle Inclán, aínda que el o facía sobre todo para nomear persoas ou lugares imaxinarios). Non ten tradución posible. “Sentíame pedramarrada” ten a interpretación que o lector/a queira darlle. Literalmente, debe vir (supoño eu, que sei moi pouco de toponimia) de pedra derramada, pedra estragada. ...O importante é que provoca ‘estrañeza’ no texto. Non se pode traducir.”

A palabra tamén aparece en *Subversións*, no poema “galicia” (Alonso, 2001d: 67):

*... Aprende a convivir na talolinga, fai dela unha poción,
esnaquiza
os pazos encantados, carabela de xeada que disque gardas
nas entrañas
verdes náufragos de pé. Queremos sentir a túa epiderme de magdalena,
menstruando, Galicia cafusa, **pedramarrada**, líquida as
neuroses....*

b) sabarís

En *Males de cabeza* no relato “Desviación de chamada” aparece o personaxe Héctor Sabarís:

“Desviación de chamada” (Alonso, 2001a: 13):

– Ola, bos días. Son Héctor Sabarís. Chamo de parte de Lula, a profesora de francés, que é amiga súa e me deu o seu teléfono. Non sei se ela xa falou con vostede....

Citando as palabras de Fran Alonso: “Héctor Sabarís é como unha especie de alter ego, como un heterónimo que teño empregado para asinar publicamente en varias ocasións.”

Por outra parte o autor di: “É outro topónimo. Sabarís é un nome dun lugar galego, no Val Miñor. Eu fórzoo ata convertelo nun adxectivo.”

Bibliografía

Alonso, F. *CABRAFANADA*. Obtido o 23 de Marzo de 2009, da páxina Web do blog de Fran Alonso: <http://cabrafanadablog.blogspot.com/>

Alonso, F. (2007b). Café virtual. En B. Riveiro, F. Alonso, E. Pérez, & C. Mosteiro, *Historias para ler e mirar* (pp. 21-33). Santiago: Xunta de Galicia; Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural.

Alonso, F. (2006). *Cartas de amor*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, S.A.

Alonso, F. (2007a). *Cemiterio de elefantes* (6a edición). Vigo: Edicións Xerais de Galicia, S.A.

Alonso, F. (2005). *Cidades* (Segunda edición ed.). Vigo: Edicións Xerais de Galicia, S.A.

Alonso, F. (2001a). *Males de cabeza*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, S.A.

Alonso, F. (2002a). *Males de cabeza*. Vigo: La voz de Galicia.

Alonso, F. (2007d). *Males de cabeza*. Vigo: Fatoría K de libros.

Alonso, F. (2007c). *Mals de cap*. Vilanova i la Geltrú: El Cep i la Nansa edicions.

Alonso, F. (1999). *O brillo dos elefantes*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, S.A.

Alonso, F. (2002b). O día das torres. En M. Aleixandre, F. Alonso, A. Angueira, X. Borrazás, X. C. Caneiro, C. Cabido, et al., *Materia prima. RELATOS CONTEMPRÁNEOS* (pp. 31-50). Vigo: Edicións Xerais de Galicia, S.A.

Alonso, F. (1992). *Persianas, pedramol e outros nervios*. Vigo: Alacrán.

Alonso, F. (2001b). *Silencio*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, S.A.

Alonso, F. (2001d). Subversións. En F. Alonso, *Subversións*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, S.A.

Alonso, F. (2001c). Tortillas para os obreiros. En F. Alonso, *Subversións* (pp. 71 - 97). Vigo: Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2001.

Alonso, F. (1998). *Tráiler*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, S.A.

- Barańczak, S. (2007). *Ocalone w tłumaczeniu*. Kraków: Wydawnictwo a5.
- Bednarczyk, A. (2008). *W poszukiwaniu dominanty translatorskiej*. Warszawa: Wydawnictwo Naukowe PWN SA.
- Castro, R. d. (1993). *Follas novas; edición de Henrique Monteagudo e Dolores Vilavedra*. Vigo: Galaxia.
- CORGA: Corpus de referencia do galego actual*. (Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades.) Obtido o 1 de maio de 2009, de <http://corpus.cirp.es/corga/>
- Diccionario Cumio da lingua galega en CD-ROM. Vigo: Edicións de Cumio.
- Diccionario da Real Academia Galega*. (1997). A Coruña: Real Academia Galega.
- Diccionario de Galego*. (Secretaría Xeral de Política Lingüística. Xunta de Galicia. Editorial Ir Indo) Obtido o 01 de maio de 2009, de <http://www.digalego.com>
- Ferrer, H., & Piazzolla, A. (1969). *Todo Tango*. Obtido o 15 de Febreiro de 2009, de Páxina Web Todo Tango: http://www.todotango.com/spanish/las_obras/letra.aspx?idletra=192
- Frame, J. (1999). *Anioł przy moim stole*. Poznań: Zysk i S-ka Wydawnictwo s.c.
- Franco Grande, X. L. (1978). *Vocabulario galego-castelán*. Vigo: Editorial Galaxia.
- [galegos.info](http://www.galegos.info). *Fran Alonso*. (GaliciaDixital.Portal de Galicia) Obtido o 1 de maio de 2009, de [galegos.info: http://www.galegos.info/detalle.php?id=1610&tabla=galegos](http://www.galegos.info/detalle.php?id=1610&tabla=galegos)
- García Yebra, V. (1983). *En torno a la traducción*. Madrid: Gredos.
- García Yebra, V. (1994). *Traducción: historia y teoría*. Madrid: Gredos.
- Guillén, N. (1979). *Nueva antología mayor*. La Habana: Editorial Letras Cubanas.
- Hicks, S. (Director). (1996). *Shine* [Película].
- Lauzone, J. C. (Director). (1992). *Léolo* [Película].
- Majkiewicz, A. (2008). *Intertekstualność - implikacje dla teorii przekładu*. Warszawa: Wydawnictwo Naukowe PWN SA.

- Martínez Bouzas, F. (marzo de 2001). *O sombreiro da tolemia*. Obtido de Centro de Documentación da AELG:
<http://www.aelg.org/Centrodoc/GetParatextById.do?id=paratext1346&query=fran+alonso>
- Morillas, E., & Arias, J.: (1997). *El papel del traductor*. Salamanca: Colegio de España.
- Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. (2005). Santiago de Compostela: Real Academia Galega, Instituto da Lingua Galega. Xunta de Galicia.
- Pieńkos, J. (1993). *Przekład i tłumacz we współczesnym świecie*. Warszawa: Polskie Wydawnictwo Naukowe PWN SA.
- Pimentel, L. (1981). *Sombra do aire na herba*. Vigo: Galaxia.
- Plath, S. (1989). *Szklany kloz*. Warszawa: KSIĄŻKA I WIEDZA.
- Ramón, N. *Males de cabeza de Fran Alonso*. Obtido o 1 de maio de 2009, de Vieiros:
<http://vello.vieiros.com/malesdecabeza/resenhas.html>
- Thomas, D. (1991). *Poemas 1934-1952*. Madrid: VISOR LIBROS.
- Thomas, D. (1974). *Wiersze wybrane*. Kraków: Wydawnictwo Literackie.
- Torre, E. (1994). *Teoría de la traducción literaria*. Madrid: Síntesis.
- Uniwersalny słownik języka polskiego. (2006). (2.0). Wydawnictwo Naukowe PWN SA.
- Vieira, J. L. (1982). *Luuanda*. São Paulo: Editora Ática.
- Vieira, J. L. (1974). *No antigamente, na vida: estórias*. Lisboa: Edições 70.
- Vieiros. . *Fran Alonso*. Obtido o 1 de maio de 2009, de Vieiros:
<http://vello.vieiros.com/malesdecabeza/franalonso.html>
- Vieiros. *Males de cabeza*. Obtido o 1 de maio de 2009, de Vieiros:
<http://vello.vieiros.com/malesdecabeza/>